a b d o	B5.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado.	CAA CMCCT CSIEE CD	B5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.	• Busca información sobre a biodiversidade do planeta; realiza un traballo de investigación sinxelo, expono e participa nun debate sobre a importancia de todos os seres vivos para o ecosistema no que habitan, relacionándoos coa vida humana.	50	6		X		X		X	X	
------------------	---	-----------------------------	---	--	----	---	--	---	--	---	--	---	---	--

4.1.1.9.- AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL

Tal como se comentou non apartado adicado á metodoloxía, ao inicio de cada unidade, faranse unha serie de preguntas para ver o nivel de coñecementos que ten o alumno sobre os contidos da unidade. Os resultados obtidos serán tomados coma base a partir da cal se iniciará á explicación de cada unidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O alumno deberá acadar os obxectivos xerais da ESO como os da materia, conseguindo unha nota positiva en cada un dos indicadores que valoran os criterios de avaliación a través do estándares de aprendizaxe nomeados no apartado anterior. A consecución dunha valoración positiva implicará que ademais dos obxectivos, o alumno acadou as competencias clave.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación empregaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación co fin de valorar o grao de consecución dos estándares por parte do alumnado. É evidente que a utilización dos mesmos variará segundo as unidades, como por ex. as prácticas de laboratorio, que non son viables en todas elas. Os procedementos son:

1.- Probas escritas. VALOR NA AVALIACIÓN 70%

Intentarase realizar un mínimo de dúas probas por avaliación.

2.- Actitude de cara á materia: VALOR NA AVALIACIÓN 30%

- Traballo de aula. Teremos constancia do esforzo diario a través de preguntas orais, traballos aportados, participación en debates.
- Traballo de casa. O alumnado realizarán traballos no seu fogar que serán revisados e valorados pola profesora, así coma repostando a cuestións que se tratarán na aula.
- Experiencias prácticas de laboratorio. Avaliaremos aspectos específicos como os hábitos de manexo de materiais e

instrumentos, orde e limpeza, capacidade interpretativa dos fenómenos, traballo en grupo, etc.

- Valoración do interese, motivación, actitude científica e técnica sobre os temas, os hábitos de respecto pola natureza e os obxectos, do traballo en grupo e puntualidade.

En canto aos instrumentos, este farase por rexistro no cuaderno do profesor.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

No referido ás probas escritas, a puntuación máxima será un 7. A esta nota sumarase a obtida no apartado “Actitude” que, coma moito, será de 3 puntos.

A nota da avaliación final ordinaria será unha media da obtidas durante as tres avaliacións. A nota de aprobado de cada avaliación será igual o superior a 5 puntos. No caso de non superar algunha destas, o alumno fará unha proba final da/das avaliacións suspensas, que incluírá todos os contidos explicados na avaliación ou avaliacións correspondentes.

Calquera alumno que copie nalgunha das probas efectuadas durante as avaliacións ou que sexa sorprendido con calquer material non autorizado polo profesor (apuntes, libros, dispositivos electrónicos, ...) quedaralle anulada dita proba e, inmediatamente, faráselle outra coas características que estime oportunas a profesora implicada.

No caso de copiar dun compañeiro calquera dos traballos e actividades que non inclúan as probas escritas, aplicaranse as mesmas medidas.

MÍNIMOS EXIXIBLES. CONCRECIÓN

O proceso de avaliación na materia de Bioloxía e Xeoloxía ten como finalidade coñecer o grao de competencia alcanzado polos alumnos nos obxectivos da mesma, tomando como referente os estándares e os seus indicadores anteriormente especificados, e que se poden concretar nos seguintes puntos:

- Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase de forma correcta tanto oralmente como por escrito.
- Busca, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.

- Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.
- Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.
- Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, respectando e coidando os instrumentos e o material empregado.
- Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental: utiliza tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.
- Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.
- Recoñece os compoñentes do sistema solar e describe as súas características xerais.
- Precisa que características se dan no planeta Terra, e non se dan nos outros planetas, que permiten o desenvolvemento da vida.
- Identifica a posición da Terra no sistema solar.
- Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e coa posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.
- Interpreta correctamente, en gráficos e esquemas, fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a relación existente coa posición relativa da Terra, da Lúa e do Sol.
- Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.
- Describe as características xerais da codia, do manto e do núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona as devanditas características coa súa situación.
- Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferencialos.
- Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.

- Recoñece a importancia do uso responsable e da xestión sostible dos recursos minerais.
- Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.
- Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais relacionándoos coa súa orixe.
- Identifica e xustifica, con argumentacións sinxelas, as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.
- Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración do medio, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.
- Relaciona situacións nas que a actividade humana interfira coa acción protectora da atmosfera.
- Recoñece as propiedades anómalas da auga e relaciónaas coas consecuencias que teñen para o mantemento da vida na Terra.
- Describe o ciclo da auga e relaciónao cos cambios de estado de agregación desta.
- Comprende o significado de xestión sostible da auga doce e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.
- Recoñece os problemas de contaminación de augas doce e salgadas, e relaciónaos coas actividades humanas.
- Describe as características que fixeron posible o desenvolvemento da vida na Terra.
- Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas as dúas.
- Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.
- Comprende e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.
- Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación que hai entre elas.
- Aplica criterios de clasificación dos seres vivos, e relaciona os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.

- Identifica e reconece exemplares característicos de cada un destes grupos e destaca a súa importancia biolóxica.
- Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.
- Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.
- Reconece diferentes exemplares de vertebrados e asígnaos á clase á que pertencen.
- Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas.
- Relaciona a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns coa súa adaptación ao medio.
- Clasifica animais e plantas a partir de claves de identificación.
- Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.
- Identifica os distintos compoñentes dun ecosistema.
- Reconece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.
- Selecciona accións que preveñen a destrución do medio.
- Reconece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións.
- Reconece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.
- Integra e aplica as destrezas propias do método científico.
- Utiliza argumentos xustificando as hipóteses que propón.
- Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
- Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.

- Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu ámbito ou a alimentación e a nutrición humana para a súa presentación e defensa na aula.
- Expresa con precisión e coherencia, tanto verbalmente como por escrito, as conclusións das súas investigacións.

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS QUE NON ASISTIRON A CLASES

Aqueles alumnos que non puideron asistir con regularidade ás clases por motivos xustificables (entendendo xustificables os involuntarios, coma por ex. unha enfermidade, que deberán xustificar con algún tipo de documento médico) terán que:

- Presentar un traballo referido os contidos que se traballaron na aula durante o período de ausencia e realizar unha proba referida aos mesmos.
- Facer unha proba (que pode ser oral si as circunstancias así o requiren) por avaliación, facilitándoselles previamente a información requirida para unha correcta realización da mesma. As datas serán escollidas tendo en conta o calendario escolar.

Estes dous requisitos teranse que levar a cabo os dous ou un deles a xuízo da profesora do curso e, sobre todo, tendo en conta as circunstancias de cada caso.

Os mínimos esixibles adaptaranse, na medida do posible, aos días de asistencia do alumno á clase, é dicir, aqueles obxectivos que requiran a presenza física na aula (prácticas de laboratorio, participación nos debates, etc) serán tidos en conta segundo os días nos que o alumno viu á clase.

4.1.1.10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade que mostra o alumnado é moi alta e faise necesario una atención a mesma para aumentar a probabilidade de que os alumnos poidan finalizar os seus estudos e acadar, como mínimo, o título da ESO. O Departamento seguirá as seguintes actuacións:

Unha vez iniciado o curso, valorarase:

- A información reflectida nos informes (en caso de existir) de cada alumno.

- A observación directa dos diferentes ritmos de aprendizaxe (traballo intelectual, as capacidades, nivel de coñecementos da materia, etc)
- A existencia de alumnado con características físicas, sensoriais, ou doutro carácter.
- Alumnos procedentes doutros países con idioma diferente ou cun baixo nivel de coñecementos.

Intentarase actuar de xeito adecuado para conseguir os obxectivos mínimos da materia. En colaboración co departamento de Orientación e/o equipo directivo (*Decreto de 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade*) elaboraranse as medidas a seguir para cada caso, segundo as necesidades: aplicación de Protocolos, Reforzos e incluso a coordinación entre a profesora da materia e a de pedagogía terapéutica sobre os contidos mínimos, a forma de traballalos, a valoración “especial” do traballo realizado polo alumno, a estimulación persoal, a integración cos compañeiros, tempo de adaptación ao alumnado que se traslade ao centro co curso empezado para poñerse ao día, ademais de explicarlles aqueles contidos cando o solicite, etc. É imposible a numeración de todas as estratexias a seguir posto que as situacións poden ser moi variadas e numerosas, só mencionar a disposición das integrantes do Departamento para colaborar en todo o que sexa necesario.

Ata o momento da entrega da programación, no presente curso, o alumnado con necesidades educativas especiais son un TEA/TDAH/DEA; dous TDAH; 3 DEA; y tres ACI. Todas as medidas de atención deste alumnado será coordinado polo departamento de Orientación.

4.1.1.11.- AVALIACIÓN DE PENDENTES

O alumnado coa Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO pendente será atendido pola profesora que imparte a materia do curso en coordinación coa xefa do Departamento. Só hai un alumno coa materia pendente cursando segundo ESO.

Cada alumno deberá entregar unha serie de actividades avaliación por avaliación que o eximirá da realización da proba escrita, sempre en cando esten ben elaboradas. Para motivalos aínda máis, non haberá exames por avaliación, so o final, o de xuño, ao que so estarán obrigados a presentarse aqueles alumnos e alumnas que non entregarán as tarefas trimestrais, ou que

as fixeran mal. Para aprobar a avaliación ordinaria, terán que entregar de todos os xeitos as tarefas que non fixeron durante o curso.

Mediante o seguimento e recollida das actividades propostas para cada trimestre, o profesor emitirá unha cualificación para cada alumno/a en cada avaliación, que irá no boletín de cualificación (previo rexistro no XADE).

Ao inicio do curso se lles enviará ás nais, pais ou titores legais, a través do alumno, un papel informativo da forma de recuperar as materias pendentes do departamento de Bioloxía e Xeoloxía que terán que traer asinado.

4.1.1.12.- SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO

Nas reunións de Departamento farase o seguimento das programacións e determinarase:

- Se se está desenvolvendo con normalidade dentro dos tempos previstos.
- Ver se os alumnos asimilan os contidos tal e como está establecido.
- Estudar posibles melloras para o curso próximo unha vez rematado o curso.
- En caso necesario, alterar a secuenciación ou outros aspectos oportunos das unidades didácticas que se consideran favorecedores da comprensión dos temas tratados.

Valorase se estan a desenvolverse con normalidade ou se é necesario (e posible) introducir algún/s cambio, tomarase nota. Neste sentido hai que lembrar que a temporalización e a secuenciación, de cada unidade didáctica, son flexibles e modificables segundo as necesidades que se vaian observando no desenvolvemento da mesma, sen que isto prexudique ao desenvolvemento desta Programación.

Ao final de curso cubriremos un documento como o seguinte. Poderase modificar, engadir ou quitar indicadores segundo as necesidades que se observen ao longo do curso.

A valoración 1 será a óptima, 2 mellorable (modificar so algúns detalles), 3 necesario cambio.

MATERIA:	CURSO:		
PROFESORA:	FECHA:		
EVALUACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES	1	2	3
A programación didáctica fai un plantaxemento adecuado das unidades didácticas a partir do currículo.			
A secuenciación e a temporalización é a adecuada.			
A concreción de contenidos, criterios y estándares para cada unidade é a adecuada.			
En xeral conséguense todos os obxectivos previstos para o curso			
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.			
Os materiais didácticos son os adecuados.			
O libro de texto é o adecuado.			
As prácticas de laboratorio son as adecuadas.			
A atención á diversidade cumpre o seu obxectivo			
A dinámica de aula permite a participación de todo o alumnado por igual.			
Son adecuadas aos obxectivos da programación as actividades para casa.			
O número de exames realizados é o adecuado.			
As actividades extraescolares cumpren o seu obxectivo.			

4.1.1.13.- SEGUIMIENTO DA PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO

Para **valorar a práctica docente** cubrirase a seguinte táboa, cada profesora dunha materia terá que entregala a final do curso.

MATERIA:	CURSO:	
PROFESORA:	FECHA:	
PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES	SI	NON
Respectouse a distribución temporal dos contidos por avaliacións.		
Aplicouse a metodoloxía didáctica programada.		
Tivéronse en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarios para aprobar a materia.		
Aplicáronse os procedementos de avaliación programados axustados aos criterios		
Aplicáronse medidas de atención á diversidade aos alumnos que as necesitaban.		
Leváronse a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores segundo a túa responsabilidade.		
Leváronse a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.		
Puxéronse en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.		
Utilizáronse os materiais e recursos didácticos programados.		
Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas.		
OBSERVACIÓNS:		

4.1.2.- PROGRAMACIÓN DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 3º ESO

4.1.2.1.- INTRODUCCIÓN CONTEXTUALIZACIÓN

No presente curso contamos con 65 alumnos distribuidos en 3 grupos: o grupo A, con 18 alumnos; o grupo B, con 24, e o grupo C, con 23.

En 3º ESO a materia ten como núcleo central a saúde e a súa promoción. O principal obxectivo é que os alumnos e alumnas adquiren as capacidades e competencias que lles permitan coidar o seu corpo tanto a nivel físico como mental, así como valorar e ter unha actuación crítica ante a información e ante actitudes sociais que poidan repercutir negativamente no seu desenvolvemento físico, social e psicolóxico; preténdese tamén que entendan e valoren a importancia de preservar o medio ambiente polas repercusións que ten sobre a súa saúde; así mesmo, deben aprender a ser responsables das súas decisións diarias e as consecuencias que as mesmas teñen na súa saúde e na contorna que lles rodea, e a comprender o valor que a investigación ten nos avances médicos e no impacto da calidade de vida das persoas.

Este ano, de maneira excepcional, debido a erupción do volcán da illa da Palma, empezárase coa xeoloxía, é dicir, coa unidade 11

4.1.2.2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal coma indican as instrucións dictadas pola Unión Europea, as materias do Departamento contribuirán a alcanzar as competencias clave para a aprendizaxe permanente tal coma se indica a continuación:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita cobran moito sentido xa que facilitan chegar á comprensión profunda do que pretende esta área. Será interesante adestrar estes aspectos ao longo de todas as unidades como ferramentas básicas para adquirir destrezas desde esta competencia. Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descriptor de cada un destes indicadores.

Os indicadores aos que lles daremos prioridade serán:

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS CLAVE EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)

O método científico vai ser un elemento importante dentro desta área, polo cal, traballaremos con aspectos relacionados que teñan que ver coa adquisición de ferramentas que fagan posible o bo desempeño do alumnado na materia.

Os indicadores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

A sociedade na que vivimos crea a necesidade de traballar de xeito transversal esta competencia. Terase que dotar o alumnado de ferramentas para a óptima adquisición de coñecemento en todas as áreas e idades.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes indicadores da competencia:

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

APRENDER A APRENDER (CAA)

Esta competencia lévanos a coidar os procesos de aprendizaxe do alumnado e a metodoloxía empregada para a óptima adquisición dos contidos de calquera área. Por iso, traballaremos e adestraremos cada un dos indicadores de forma que aseguremos a consecución de obxectivos formulados previamente.

Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

Esta competencia favorece ser crítico ante diferentes situacións, ante investigacións sobre avances científicos... Así mesmo, pretende traballar todos aqueles aspectos que fomentan unha reflexión ante situacións de hoxe, que fan posible que o alumnado creza e madure adquirindo ferramentas que o van levar a posuír un criterio propio o día de mañá.

Para iso adestraremos os seguintes indicadores:

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para participar activamente en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

O adestramento de habilidades emprendedoras no deseño de calquera tarefa vai facer posible unha óptima xestión de recursos materiais e persoais, polo que nesta área, e en calquera, o alumnado crecerá en autonomía, en liderado e verase capaz de acoller con entusiasmo calquera labor que se lle encomende. Por iso, será importante que se adestren de forma eficiente e eficaz os seguintes indicadores:

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

Desde a área de Bioloxía e Xeoloxía podemos adestrar aspectos desta competencia que nos levan á adquisición de valores e actitudes que teñen que ver coa interculturalidade, os pensamentos diverxentes, as crenzas...

Polo que nesta área traballaremos os seguintes indicadores:

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

4.1.2.3.- OBECTIVOS DA MATERIA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 3º ESO

- Diferenciar os distintos niveis de organización que constitúen un ser humano.
- Estudar as características e funcións de cada un dos orgánulos das células humanas.
- Identificar cada un dos tipos de tecidos do corpo humano.
- Coñecer as características de órganos, sistemas e aparellos humanos.
- Comparar as características dos dous tipos básicos de microscopios.
- Entender a diferenza entre alimentación e nutrición.
- Coñecer as substancias que compoñen os alimentos e a función que realizan no organismo.
- Estudar o valor enerxético e nutricional dalgúns alimentos.
- Avaliar as necesidades enerxéticas dunha persoa e relacionalas co tipo de actividade física que desenvolve cada día.
- Diferenciar os alimentos segundo a función que cumpren no organismo.
- Comprender a necesidade dunha dieta equilibrada os prexuízos dunha alimentación pouco variada.
- Coñecer algúns hábitos saudables en relación coa nutrición e a dieta.
- Aprender diferentes técnicas de conservación dos alimentos.
- Coñecer os diferentes tipos de aditivos e as súas aplicacións.
- Coñecer a anatomía do aparello dixestivo e respiratorio, e analizar a función que realizan os diferentes órganos destes aparellos.

- Comprender o proceso de transformación que sofren os alimentos ata que son utilizados polo organismo.
- Relacionar os movementos respiratorios cos fenómenos que suceden mentres se producen.
- Entender o intercambio de gases que se produce tanto nos pulmóns coma nos tecidos.
- Coñecer as principais enfermidades dos órganos dos aparellos dixestivo e respiratorio.
- Valorar a importancia de adquirir hábitos saudables e de evitar os que prexudiquen os aparellos dixestivo e respiratorio.
- Comprender os efectos do consumo de tabaco sobre os pulmóns.
- Entender a función e a importancia do medio interno.
- Aprender as características do sistema circulatorio, así como os seus principais compoñentes.
- Identificar os principais compoñentes do sangue e a función que realizan.
- Coñecer a estrutura e funcionamento do corazón.
- Analizar o percorrido do sangue polo corazón.
- Identificar cada un dos órganos que interveñen na excreción humana.
- Coñecer a estrutura e funcionamento dos riles.
- Valorar a importancia de adquirir hábitos saudables en relación co aparello circulatorio e excretor.
- Coñecer cales son os sistemas de coordinación e relación no noso corpo.
- Distinguir entre control nervioso e control hormonal.
- Recoñecer os distintos niveis de integración nerviosa, desde a recepción de estímulos á elaboración de respostas.
- Identificar as diferentes partes en que se divide o sistema nervioso, así como as súas funcións.

- Entender como funciona o sistema nervioso.
- Recoñecer as glándulas endócrinas máis importantes, así como as hormonas que producen.
- Comprender o mecanismo de acción das hormonas.
- Coñecer as principais enfermidades relacionadas co sistema nervioso e endócrino.
- Analizar as consecuencias persoais e sociais que se derivan do consumo de drogas.
- Coñecer a estrutura e función dos órganos dos sentidos.
- Entender o funcionamento coordinado de músculos e esqueleto para producir movemento.
- Identificar os compoñentes de ósos e músculos.
- Coñecer os compoñentes e o funcionamento das articulacións.
- Adquirir hábitos posturais que preveñan problemas nos órganos dos sentidos e no aparello locomotor.
- Aprender a controlar as variables dun experimento.
- Coñecer as características xerais da reprodución humana e as etapas do ciclo reprodutivo.
- Comprender cales son os caracteres sexuais primarios e secundarios e en que momento aparecen.
- Estudar a anatomía e o funcionamento dos aparellos reprodutores feminino e masculino, así coma as características dos gametos correspondentes.
- Entender os ciclos hormonal, ovárico e menstrual do aparello reprodutor feminino.
- Aprender como se produce a fecundación, e que fases presenta o desenvolvemento e nacemento dun novo ser humano a partir dunha única célula.
- Coñecer as técnicas de reprodución asistida máis empregadas.
- Aprender cales son os principais métodos anticonceptivos, e algúns hábitos saudables de hixiene sexual.

- Comprender a diferenza entre sexo, sexualidade e reprodución.
- Aprender a interpretar unha ecografía.
- Aprender os conceptos de saúde e enfermidade, así como os diferentes tipos de enfermidades.
- Coñecer os axentes que poden causar enfermidades infecciosas, e as formas en que pode producirse o contaxio de enfermidades.
- Estudar as principais enfermidades de transmisión sexual.
- Entender o funcionamento do sistema inmunitario.
- Aprender a forma en que poden tratarse e previrse as enfermidades infecciosas.
- Diferenciar os conceptos de lesión e enfermidade, e estudar os diferentes tipos de enfermidades non infecciosas.
- Coñecer os hábitos saudables que poden axudarte a previr moitas enfermidades.
- Aprender como previr os accidentes domésticos, e qué facer en caso de accidente.
- Coñecer qué é a doazón de células, tecido e órganos.
- Diferenciar entre formas de relevo, formas de modelaxe e paisaxe.
- Coñecer os elementos que conforman unha paisaxe.
- Coñecer a relación que hai entre a paisaxe, a modelaxe dun relevo, o clima e a acción de axentes xeolóxicos.
- Comprender os procesos de meteorización das rochas, e como este proceso orixina e fertiliza o solo.
- Recoñecer as principais formas de modelaxe producidas pola acción dos axentes xeolóxicos.
- Coñecer as formas de modelaxe de Galicia.
- Aprender a interpretar mapas topográficos e meteorolóxicos sinxelos, e comprender como se elaboran.

- Comprender como se orixinan e cales son as principais rochas sedimentarias.
- Aprender a realizar un perfil topográfico.
- Aprender o que é un impacto ambiental e de que tipos pode ser.
- Estudar cales son os principais impactos negativos sobre o medio natural.
- Comprender de que modo afectan as actividades humanas ao solo, á paisaxe e á biosfera.
- Aprender que son os residuos, de que tipos poden ser e como se xestiona o seu tratamento e eliminación.
- Coñecer o que son a prevención e a corrección de impactos ambientais.
- Aprender que son os recursos e de que tipos poden ser.
- Diferenciar entre recursos renovables e non renovables.
- Coñecer en que casos os recursos poden ser explotados.
- Estudar cales son os principais recursos enerxéticos e a forma en que se poden utilizar.
- Aprender como se obtén electricidade dos recursos enerxéticos.
- Estudar os usos da auga.
- Comprender en que consiste a explotación dos ecosistemas e dos recursos da biosfera.
- Aprender o que é o desenvolvemento sostible e as diferenzas que hai entre xestionar a oferta e xestionar a demanda dos recursos.
- Analizar información científica, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación e outras fontes, intentando desenvolver a capacidade crítica.
- Familiarizarse co traballo en equipo.
- Valorar a importancia do saber científico de cara á mellora da calidade de vida. Valorar así mesmo as repercusións do desenvolvemento científico

- Realizar experiencias sinxelas de laboratorio, así como pequenos traballos de investigación e de resolución de problemas seguindo un método científico.
- Entender que o relevo (paisaxe) está sometido a un cambio continuo e cales son os axentes causantes dese cambio
- Manexo do coñecemento científico.
- Aprender a obter información analizando un texto científico.
- Entender o coñecemento científico como unha interacción de diversas disciplinas que afondan en distintos aspectos da realidade e que ao mesmo tempo se atopa en continua elaboración, exposta a revisións e modificacións.
- Desenvolver actitudes responsables dirixidas a sentar as bases dun desenvolvemento sostible.
- Utilizar os coñecementos adquiridos nas Ciencias da Natureza para comprender o valor do patrimonio natural de Galicia e do Estado e a necesidade da súa conservación e mellora.
- Valorar a contribución da ciencia á mellora da calidade de vida e considerar o progreso como un proceso continuo, coordinado e sometido a erros e limitacións.

4.1.2.4.- BLOQUES DE CONTIDOS QUE SE ABORDAN EN BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO

- BLOQUE 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica.
- BLOQUE 2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos.
- BLOQUE 3. As persoas e a saúde. Promoción e saúde.
- BLOQUE 4. O relevo terrestre e a súa evolución.
- BLOQUE 5. O solo como ecosistema.
- BLOQUE 6. Proxecto de investigación.

4.1.2.5.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Os contidos distribuiranse en 12 unidades didácticas, que coinciden coas unidades do libro de texto. Para cada unidade se destinarán unhas 2-3 semanas. De maneira excepcional, este ano os primeiros contados serán os de xeoloxía.

1ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 11. A dinámica da Terra.
- UNIDADE 12. Os Minerais e as rochas
- UNIDADE 9. O relevo e os procesos xeolóxicos externos.
- UNIDADE 10. A modelaxe do relevo.

2ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 1. A organización do corpo humano.
- UNIDADE 2. Alimentación e saúde.
- UNIDADE 3. Nutrición. Aparellos dixestivo e respiratorio.
- UNIDADE 4. A nutrición: aparellos circulatorio e excretor.

3ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 5. A relación: os sentidos e o sistema nervioso.
- UNIDADE 6. A relación: o sistema endócrino e o aparello locomotor.
- UNIDADE 7. A reprodución.

4.1.2.6.- METODOLOXÍA

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía propón unha metodoloxía na que o alumno constrúe a súa propia aprendizaxe, elabora os seus propios modelos de coñecemento, incidindo con isto na autonomía persoal.

O profesor facilitará a posta en práctica dos coñecementos, favorecendo a utilidade do aprendido, será un guía do proceso.

Os contidos e as capacidades adquiridas han de poder ser empregadas na vida real, trátase de que o alumno poida trasladar a súa aprendizaxe a outros ámbitos diferentes.

No caso dos contidos de Bioloxía e Xeoloxía, debemos facer un esforzo para integralos dun modo estruturado ao longo do ciclo de xeito que o alumno os incorpore a vida diaria, realizárase en clases teóricas e prácticas, fomentando o traballo en equipo de xeito que os alumnas e alumnos poidan reflexionar e asimilar a información adquirida.

O abordar os contidos desta area teremos en conta a nosa propia realidade. En Galicia temos unha situación xeográfica e un medio natural e cultural propios, sendo necesaria unha contextualización específica no tratamento na aula dos contidos de ciencias naturais, quedando reflectidos os coñecementos do patrimonio ambiental propio e as consecuencias directas e indirectas da súa explotación.

Temas de actualidade como: enfermidades, explotación de recursos naturais, formación de relevos, técnicas reproductivas, etc, formaran parte intrínseca da práctica da aula.

A metodoloxía de traballo que seguimos baséase nos seguintes principios:

- Diagnóstico de coñecementos previos, tanto ao principio do curso, coma durante o mesmo, cunhas preguntas breves orais ao iniciar cada tema, que poden ser as proposta polo libro ou relacionadas con lecturas, videos, actividades interactivas, etc.
- Tomar como punto de partida a observación, as experiencias, o plantexamento de problemas ou hipóteses. Esta actividade facilita rastrear os coñecementos previos e detectar erros e representacións incorrectas.
- Trataranse os diferentes temas procurando que o alumnado busque por si mesmo a información cando o grado de dificultade o permita e recorrendo á profesora cando sexa necesario.
- Fomentar a aprendizaxe asociada á práctica e á vida. Evitar que sexa só de tipo verbal e dotada de significado.
- Afondar no método científico.
- Favorecer o traballo participativo e en grupo, as postas en común e o debate entre diferentes posturas, partindo do respecto.

- Desenvolver a autoestima do alumnado.
- Ter en conta a diversidade, propor actividades de reforzo para os que teñan dificultades no aprendizaxe.
- Utilizar todos os medios audiovisuais dispoñibles e fomentar o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Fomentar a habituación co material de experimentación sinxelo.

4.1.2.7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto marcado para o terceiro curso da ESO é o da editorial Obradoiro Santillana.

No presente curso todos os materiais e recursos didácticos adaptaranse á actual situación de pandemia que estamos a vivir, en cada momento e circunstancia valorarase a utilización segura dos mesmos. De maneira habitual, ademáis do libro de texto, os medios e recursos utilizados son os seguintes:

O alumnado disporá dun curso virtual (aula virtual) na que se subirá todo o material que sexa necesario para a consecución da programación, servindo ademais de plataforma para a entrega de tarefas e realización de probas, así coma para a difusión da parte relevante da programación da materia, todo segundo a consideración da profesora da materia. O emprego da mesma pode variar segundo as circunstancias e medidas que estipulen en cada momento as administracións, adaptando a súa utilización segundo as instrucións que se marquen desde o Ministerio de Educación, a Consellería de Educación e a Dirección do centro a través do Plan de Contixencia.

Para a adquisición de novos coñecementos utilizarase medios audiovisuais: presentacións, fragmentos de cine científico, así como outras fontes habituais de información científica: xornais, revistas, libros, internet, etc.

Mención especial merece o laboratorio. Aínda que de maneira habitual sempre se plantexa a asistencia ao laboratorio, xa que favorece que se familiaricen co método científico, co traballo experimental e co traballo en grupo, ademais da toma de responsabilidades, no presente curso o uso do mesmo estará moi limitado e condicionado pola necesidade de garantir a saúde de todos e pola pouca dispoñibilidade de material para uso individual, ademáis dun factor que complica enormemente coma é a de dispoñer só de dúas horas de clases á semana.

4.1.2.8.- AS UNIDADES. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES, INDICADORES DE LOGRO, PESO NA CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS, E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A continuación móstranse as unidades desglosadas onde se concretan os contidos que se van a impartir e os obxectivos da ESO e da materia, así coma os criterios de avaliación, estándares e as competencias clave que se queren conseguir, e os indicadores de logro que marcarán a consecución dos mesmos, así coma o grao mínimo de consecución.

UNIDADE 1. A ORGANIZACIÓN DO CORPO HUMANO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos deben coñecer a composición química dos seres vivos, as características das biomoléculas inorgánicas e das orgánicas e a célula como unidade básica do ser vivo; coñecerán as funcións vitais nas células. Os alumnos comprenderán e saberán explicar os niveis de organización do corpo humano, as semellanzas e as diferenzas entre a célula procariota e a célula eucariota, e os orgánulos celulares. Diferenciarán entre tecidos epiteliais; tecidos conectivos; tecidos musculares e tecidos nerviosos. Coñecerán cales son e como están organizados os diferentes órganos, aparellos e sistemas do corpo humano.

CONTIDOS CURRICULARES

B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita.

B1.2. Metodoloxía científica: características básicas.

B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.

B2.1. Características da materia viva e diferenzas coa materia inerte.

B2.2. A célula. Características básicas da célula procariota e eucariota, animal e vexetal.

B2.3. Funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.

B3.1. Niveis de organización da materia viva.

B3.2. Organización xeral do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas

B3.3. A célula animal: estruturas celulares. Orgánulos celulares e a súa función.

B3.4. Os tecidos do corpo humano: estrutura e funcións.

B3.29. Técnicas de reprodución asistida.

B6.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.

B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.

				estruturas.											
f	B3.2. Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función.	CMCCT	B3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano, e asóciaos á súa función.	<ul style="list-style-type: none"> •Identifica os principais tecidos do ser humano e as células que os forman; enumera as características e as funcións dos tecidos. 	100	5	x	x	X	X	X	X	X		
e g m	B3.28. Compilar información sobre as técnicas de reprodución asistida e de fecundación in vitro, para argumentar o beneficio que supuxo este avance científico para a sociedade.	CMCCT	B3.28.1. Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.	<ul style="list-style-type: none"> •Recompila información, reflexiona e expón a súa opinión sobre o uso sanitario de embrións doados por persoas que se someten a técnicas de reprodución asistida. 	50	5	x	x	X	X	X	X			
e	B6.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.	CMCCT CD	B6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	<ul style="list-style-type: none"> •Busca información en diferentes fontes e utiliza as TIC para elaborar a información e presentar os resultados da súa aprendizaxe e das súas investigacións. 	50	3	x	x	X	X	X	X	X		
a b	B6.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	CAA CMCCT CSC CSIEE	B6.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e grupal.	<ul style="list-style-type: none"> •Identifica células e estruturas celulares en microfotografías. •Observa, describe e expón as súas observacións en fichas; achegando o seu traballo individual ao grupo e respectando os traballos dos demais equipos. 	50	2	x	x	X	X	X	X	X		

UNIDADE 2. ALIMENTACIÓN E SAÚDE

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos deben coñecer os aspectos fundamentais da alimentación e da nutrición, diferenciando entre ambos os conceptos; saberán que son os alimentos e cal é o seu valor enerxético, relacionándoo coas necesidades enerxéticas das persoas. Os alumnos comprenderán que é unha dieta saudable e equilibrada e saberán elaborala.

CONTIDOS CURRICULARES

B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita.

B1.2. Metodoloxía científica: características básicas.

B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.

B3.5. Saúde e doenza, e factores que as determinan.

B3.12. Alimentación e nutrición. Alimentos e nutrientes: tipos e funcións básicas.

B3.13. Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria.

B3.13. Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria.

B6.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.

	identificar as doenzas e os trastornos principais da conduta alimentaria.		conduta alimentaria.	conta o seu valor calórico e os nutrientes principais que contén. <ul style="list-style-type: none"> •Identifica e recoñece os principais trastornos da conduta alimentaria e os efectos que provocan. •Argumenta a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde. 										
e	B6.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.	CMCCT CD	B6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	•Busca información en diferentes fontes e utiliza as TIC para elaborar a información e presentar os resultados da súa aprendizaxe e das súas investigacións.	50	10	X	X	X	X	X	X	X	

UNIDADE 3. A NUTRICIÓN. APARELLOS DIXESTIVO E RESPIRATORIO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos deben coñecer cales son as partes do aparello dixestivo e como funciona, identificando e describindo os procesos da dixestión; identificarán as principais enfermidades do aparello dixestivo e desenvolverán hábitos saudables asociados a el. Saberán cales son as partes do aparello respiratorio e como funciona; identificarán as principais enfermidades do aparello respiratorio e desenvolverán hábitos saudables relacionados coa respiración.

CONTIDOS CURRICULARES

B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita.

B1.2. Metodoloxía científica: características básicas.

B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.

B3.5. Saúde e doenza, e factores que as determinan.

B3.6. Doenzas infecciosas e non infecciosas.

B3.7. Hixiene e prevención. Hábitos e estilos de vida saudables.

B3.10. Transplantes e doazón de células, sangue e órganos.

B3.11. Substancias aditivas: tabaco, alcohol e outras drogas. Problemas asociados.

B3.12. Alimentación e nutrición. Alimentos e nutrientes: tipos e funcións básicas.

B3.14. Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición.

B3.14. Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición.

B3.15. Anatomía e fisioloxía dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.

B3.16. Alteracións máis frecuentes e doenzas asociadas aos aparellos que interveñen na nutrición: prevención e hábitos de vida saudables.

B6.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.

B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.

B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS		TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
o	B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	CCL CMCCT	B1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	•Utiliza o vocabulario científico adecuado ao seu nivel nas súas exposicións e traballos.	50	10	X	X	X	X				
b e f m o	B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	CD CAA	B1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	•Busca, selecciona e organiza información relacionada coa unidade a partir de textos, imaxes e gráficos para completar as súas actividades e responder preguntas de forma adecuada.	50	10	X	X		X	X			
		CD CCL	B1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.	•Transmite a información de xeito preciso.	50	10	X	X		X	X	X		
		CAA CCL	B1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	•Comprende e interpreta a información científica de documentos escritos, imaxes, gráficos e extrae conclusións coas que argumentar nos seus traballos e nas súas exposicións da clase.	50	10	X	X		X		X		
f	B3.3. Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan.	CSC	B3.3.1. Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promovela individual e colectivamente.	•Identifica hábitos saudables para evitar enfermidades do aparello dixestivo. •Identifica hábitos saudables para evitar enfermidades do aparello respiratorio.	50	10	X	X		X	X	X		
f	B3.4. Clasificar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan a poboación (causas, prevención e tratamentos).	CMCCT	B3.4.1. Recoñece as doenzas e infeccións máis comúns relacionándoas coas súas causas.	•Identifica as enfermidades máis frecuentes relacionadas cos aparellos dixestivo e respiratorio e relaciónaas coas súas causas.	50	10	X	X	X	X	X	X		
f	B3.5. Valorar e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas.	CSIEE CSC	B3.5.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.	•Identifica as accións de prevención e risco contaminante e propon medidas de prevención, como o aseo de mans e dentes. •Argumenta por que debemos tapar a boca ao tusir ou ao esbirrar.	100	10	X	X	X	X	X	X		
b	B3.8. Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual e integrada nas súas vidas e as consecuencias positivas da doazón de células, sangue e órganos.	CSC	B3.8.1. Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.	•Valora a importancia do transplante de órganos. •Explica que son as células nai e que aplicacións médicas teñen.	100	10	X	X	X	X	X			

e	B6.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.	CMCCT CD	B6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	•Busca información en diferentes fontes e utiliza as TIC para elaborar a información e presentar os resultados da súa aprendizaxe e das súas investigacións. •Elabora unha presentación dixital de diapositivas.	50	2	X	X				X			
b	B6.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	CAA CMCCT CSC CSIEE	B6.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	•Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	50	2	X	X		X					

UNIDADE 11. A DINÁMICA DA TERRA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos deben comprender como funciona a enerxía interna da Terra, en función da súa estrutura en capas. Saberán en que consisten as placas litosféricas e que fenómenos están asociados ao seu movemento. Coñecerán os tipos de actividade volcánica e como suceden os terremotos, distinguindo os distintos tipos de ondas sísmicas e os seus efectos. Os alumnos saberán prever os riscos ante fenómenos volcánicos e sísmicos.

CONTIDOS CURRICULARES

B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita.

B1.2. Metodoloxía científica: características básicas.

B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.

4.10. Manifestacións da enerxía interna da Terra.

B4.11. Actividade sísmica e volcánica: orixe e tipos de magmas.

B4.12. Distribución de volcáns e terremotos. Riscos sísmico e volcánico: importancia da súa predición e da súa prevención.

B4.12. Distribución de volcáns e terremotos. Riscos sísmico e volcánico: importancia da súa predición e da súa prevención.

B4.13. Sismicidade en Galicia

B6.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación experimentación ou a observación.

B6.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.

B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS		TRANSVERSAIS						
							PROBA ESCRITA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.	
o	B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	CCL CMCCT	B1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	•Utiliza o vocabulario científico adecuado ao seu nivel nas súas exposicións e traballos.	100	10	X	X	X	X					
b e f m o	B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	CD CAA	B1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	•Busca, selecciona e organiza información relacionada coa unidade a partir de textos, imaxes e gráficos para completar as súas actividades e responder preguntas de forma adecuada.	50	10	X	X		X		X			
		CD CCL	B1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.	•Transmite a información de xeito preciso.	50	10	X	X		X	X				
		CAA CCL	B1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	•Comprende e interpreta a información científica de documentos escritos, imaxes, gráficos e extrae conclusións coas que argumentar nos seus traballos e nas súas exposicións da clase.	50	10	X	X				X			
f	B4.10. Diferenciar os cambios na superficie terrestre xerados pola enerxía do interior terrestre dos de orixe externa.	CMCCT	B4.10.1. Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.	•Explica a diferenza entre un proceso xeolóxico externo e un interno, identificando os seus efectos.	100	10	X	X			X	X			
f	B4.11. Analizar as actividades sísmica e volcánica, as súas características e os efectos que xeran.	CMCCT	B4.11.1. Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.	•Sabe como se orixinan os sismos; descríbese e explica como son os diferentes tipos de ondas e os efectos que xeran; suxire medidas de precaución nas construcións de vivendas, distinguindo entre terremotos e tsunamis e as súas consecuencias.	100	10	X	X	X	X					
		CAA CMCCT	B4.11.2. Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina e asóciaos co seu grao de perigo.	•Identifica os tipos de volcáns co magma que os orixina e relaciona a presenza de vulcanismo asociado ás zonas de separación ou diverxencia entre placas, xustificando distintas hipóteses sobre o tipo e o grao de perigo.	100	10	X	X		X		X			
f g	B4.12. Relacionar a actividade sísmica e volcánica coa dinámica do	CAA CMCCT	B4.12.1. Xustifica a existencia de zonas nas que os terremotos son máis	•Localiza no mapa as principais zonas de risco sísmico.	100	10	X	X	X			X			

	interior terrestre e xustificar a súa distribución planetaria.		frecuentes e de maior magnitude.	<ul style="list-style-type: none"> •Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude, tendo en conta a existencia de fallas, como a de San Andrés na península de California. 										
f g	B4.13. Valorar e describir a importancia de coñecer os riscos sísmico e volcánico, e as formas de previlos.	CAA CSC	B4.13.1. Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita e coñece as medidas de prevención que debe adoptar.	<ul style="list-style-type: none"> •Describe a sismicidade en Galicia. •Reflexiona sobre o risco sísmico e volcánico en diferentes zonas, coñece as medidas de prevención que debe adoptar e suxire formas de actuar para evitar que se ocasionen danos ás persoas. 	100	10	X	X		X	X	X		
b f g	B6.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	CAA CCL	B6.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	<ul style="list-style-type: none"> •Experimenta para extraer as hipóteses que argumentan a resposta. 	50	5	X	X		X	X			
e	B6.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.	CMCCT CD	B6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	<ul style="list-style-type: none"> •Busca información en diferentes fontes e utiliza as TIC para elaborar a información e presentar os resultados da súa aprendizaxe e das súas investigacións. •Elabora unha presentación dixital de diapositivas. 	50	3	X	X		X		X		
b	B6.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	CAA CMCCT CSC CSIEE	B6.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> •Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo. 	50	2	X	X						

UNIDADE 12. OS MINERAIS E AS ROCHAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos deben coñecer en que consiste a materia mineral e as propiedades físicas e químicas dos minerais, considerando as súas aplicacións e o seu interese económico. Saberán cales son as principais rochas e clasificaranas, segundo a súa composición e segundo a súa orixe, tendo en conta as rochas sedimentarias, as magmáticas ou ígneas e as metamórficas. Analizarán o ciclo das rochas e saberán cales son as súas aplicacións fundamentais.

CONTIDOS CURRICULARES

B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita.

B1.2. Metodoloxía científica: características básicas.

B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.

B1.4. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados.

B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.

B5.3. Importancia do solo. Riscos da súa sobreexplotación, degradación ou perda.

B6.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación experimentación ou a observación.

B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.

B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS		TRANSVERSAIS						
							PROBA ESCRITA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.	
o	B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	CCL CMCCT	B1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	•Utiliza o vocabulario científico adecuado ao seu nivel nas súas exposicións e traballos.	100	15	X	X		X					
b e f m o	B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	CD CAA	B1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	•Busca, selecciona e organiza información relacionada coa unidade a partir de textos, imaxes e gráficos para completar as súas actividades e responder preguntas de forma adecuada.	50	15	X	X		X	X	X			
		CD CCL	B1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.	•Transmite a información de xeito preciso.	50	15	X	X	X	X	X	X	X		
		CAA CCL	B1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	•Comprende e interpreta a información científica de documentos escritos, imaxes, gráficos e extrae conclusións coas que argumentar nos seus traballos e nas súas exposicións da clase.	50	15	X	X			X				
b f g	B1.3. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados	CSIEE CMCCT CAA	B1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento, como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	•Realiza experimentos sinxelos no laboratorio, descríbeseos, extrae conclusións e explícaas de forma coherente.	50	15	X	X					X		
f g	B5.2. Valorar e determinar a importancia do solo e os riscos que comporta a súa sobreexplotación, degradación ou perda.	CMCCT	B5.2.1. Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.	•Valora a importancia da explotación dos recursos minerais de modo sustentable.	100	15	X	X		X					
b f g	B6.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	CAA CCL	B6.2.1. Utiliza argumentos que xustificuen as hipóteses que propón.	•Experimenta para extraer as hipótesis que argumentan a resposta.	50	5	X	X		X					
b	B6.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	CAA CMCCT CSC CSIEE	B6.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	•Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	50	5	X	X		X					

4.1.2.9.- AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL

Tal como se comentou non apartado adicado á metodoloxía, ao inicio de cada unidade, faranse unha serie de preguntas para ver o nivel de coñecementos que ten o alumno sobre os contidos da unidade. Os resultados obtidos serán tomados coma base a partir da cal se iniciará á explicación de cada unidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O alumno deberá acadar os obxectivos xerais da ESO como os da materia, conseguindo unha nota positiva en cada un dos indicadores que valoran os criterios de avaliación a través do estándares de aprendizaxe nomeados no apartado anterior. A consecución dunha valoración positiva implicará que ademais dos obxectivos, o alumno acadou as competencias clave.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación empregaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación co fin de valorar o grao de consecución dos estándares por parte do alumnado. É evidente que a utilización dos mesmos variará segundo as unidades, como por ex. as prácticas de laboratorio, que non son viables en todas elas. Os procedementos son:

1. **Probas escritas.** Intentarase realizar un mínimo de dúas probas por avaliación. Nalgúns casos poden ser probas feitas a través da aula virtual do centro. **VALOR NA AVALIACIÓN 70%**
2. **Actitude de cara á materia:** **VALOR NA AVALIACIÓN 30%**

Traballo de aula. Teremos constancia do esforzo diario a través de preguntas orais, traballos aportados, participación en debates.

Traballo de casa. O alumnado realizarán traballos no seu fogar que serán revisados e valorados pola profesora, así coma respostando a cuestións que se tratarán na aula.

Experiencias prácticas de laboratorio. Avaliaremos aspectos específicos como os hábitos de manexo de materiais e instrumentos, orde e limpeza, capacidade interpretativa dos fenómenos, traballo en grupo, etc.

Valoración do interese, motivación, actitude científica e técnica sobre os temas, os hábitos de respecto pola natureza e os obxectos, do traballo en grupo e puntualidade.

En canto aos instrumentos, este farase por rexistro no cuaderno do profesor.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

No referido ás probas escritas, a puntuación máxima será un 7. A esta nota sumárase a obtida no apartado “Actitude” que, coma moito, será de 3 puntos.

A nota da avaliación final ordinaria será unha media da obtidas durante as tres avaliacións. A nota de aprobado de cada avaliación será igual o superior a 5 puntos. No caso de non superar algunha destas, o alumno fará unha proba final da/das avaliacións suspensas, que incluírá todos os contidos explicados na avaliación ou avaliacións correspondentes.

Calquera alumno que copie nalgunha das probas efectuadas durante as avaliacións ou que sexa sorprendido con calquer material non autorizado polo profesor (apuntes, libros, dispositivos electrónicos,...) quedaralle anulada dita proba e, inmediatamente, faráselle outra coas características que estime oportunas a profesora implicada.

No caso de copiar dun compañeiro calquera dos traballos e actividades que non inclúan as probas escritas, aplicaranse as mesmas medidas.

MÍNIMOS EXIXIBLES. CONCRECIÓN

O proceso de avaliación na materia de Bioloxía e Xeoloxía ten como finalidade coñecer o grao de competencia alcanzado polos alumnos nos obxectivos da mesma, tomando como referente os criterios de avaliación e os estándares e os seus indicadores anteriormente especificados, e que se poden concretar nos seguintes puntos:

- Coñecer as características da célula humana.
- Explicar as funcións da membrana, do citoplasma e do núcleo.
- Definir os conceptos de *tecido*, *órgano* e *aparello*.
- Coñecer os aparellos e sistemas do corpo humano.
- Clasificar os aparellos e sistemas do corpo humano segundo a súa función.

- Coñecer os nutrientes e os alimentos e a súa clasificación.
- Reflexionar sobre a importancia da dieta para a saúde.
- Coñecer as enfermidades relacionadas coa nutrición.
- Coñecer os métodos de conservación dos alimentos e a cadea alimentaria, saber recoñecer a información da etiquetaxe
- Coñecer o aparello dixestivo e a súa función.
- Coñecer o aparello respiratorio, os seus compoñentes e o seu funcionamento.
- Coñecer o aparello circulatorio e o sistema linfático, os seus compoñentes e o seu funcionamento. Coñecer como acontece a circulación sanguínea.
- Coñecer as etapas das que consta a función de relación.
- Coñecer as características básicas dos órganos dos sentidos.
- Describir, basicamente, en que consiste a coordinación nerviosa.
- Describir, brevemente, en que consiste a coordinación endócrina.
- Identificar en ilustracións os principais ósos e músculos.
- Describir, brevemente, as características dos equinodermos.
- Explicar os cambios na adolescencia.
- Coñecer os aparellos reprodutores femininos e masculinos, as partes do óvulo e do espermatozoide.
- Coñecer as etapas do desenvolvemento embrionario e do parto.
- Coñecer os métodos anticonceptivos e as ETS.
- Entender os conceptos de *saúde*, *determinante da saúde* e *enfermidade*, e coñecer os tipos de enfermidades que hai.
- Comprender os mecanismos de defensa do organismo.
- Definir *vacina*, *soro*, *medicamento* e *primeiros auxilios*.
- Coñecer as causas de que a Terra sexa un planeta dinámico.
- Comprender como se orixina o vento e coñecer o ciclo da auga.

- Identificar os elementos dun mapa do tempo e os elementos dun mapa topográfico.
- Comprender o que é un mineral e coñecer as propiedades máis significativas.
- Coñecer os principais grupos de rochas.
- Comprender o proceso xeolóxico e o concepto de meteorización.
- Coñecer as partes dun torrente e a súa acción xeolóxica.
- Coñecer os tramos do curso do río e comprender a idea de modelado fluvial.
- Comprender a idea de modelado litoral e os procesos xeolóxicos relacionados cos glaciares e co vento.
- Definir *recurso natural* e clasificalos en renovables e non renovables.
- Coñecer os problemas do sistema enerxético actual e as medidas individuais de aforro de enerxía.
- Coñecer os problemas que provoca o consumo irresponsable de auga e propoñer algunha medida de aforro.
- Coñecer a importancia da depuración e a potabilización.
- Coñecer algunhas causas da perda de biodiversidade.
- Recoñecer os principais problemas globais que xera o uso indiscriminado de recursos naturais.
- Propoñer algunhas medidas para un consumo responsable e sustentable e os principios básicos para un desenvolvemento sustentable.

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS QUE NON ASISTIRON A CLASES

Aqueles alumnos que non puideron asistir con regularidade ás clases por motivos xustificables (entendendo xustificables os involuntarios, coma por ex. unha enfermidade, que deberán xustificar con algún tipo de documento médico) terán que:

- Presentar un traballo referido os contidos que se traballaron na aula durante o período de ausencia e realizar unha proba referida aos mesmos.
- Facer unha proba (que pode ser oral si as circunstancias así o requiren) por avaliación, facilitándoselles previamente a información requirida para unha correcta realización da mesma. As datas serán escollidas tendo en conta o calendario escolar.

Estes dous requisitos teranse que levar a cabo os dous ou un deles a xuízo da profesora do curso e, sobre todo, tendo en conta as circunstancias de cada caso.

Os mínimos esixibles adaptaranse, na medida do posible, aos días de asistencia do alumno á clase, é dicir, aqueles obxectivos que requiran a presenza física na aula (prácticas de laboratorio, participación nos debates, etc) serán tidos en conta segundo os días nos que o alumno viu á clase.

4.1.2.10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade que mostra o alumnado é moi alta e faise necesario una atención a mesma para aumentar a probabilidade de que os alumnos poidan finalizar os seus estudos e acadar, como mínimo, o título da ESO. O Departamento seguirá as seguintes actuacións:

Unha vez iniciado o curso, valorarase:

- A información reflectida nos informes (en caso de existir) de cada alumno.
- A observación directa dos diferentes ritmos de aprendizaxe (traballo intelectual, as capacidades, nivel de coñecementos da materia, etc)
- A existencia de alumnado con características físicas, sensoriais, ou doutro carácter.
- Alumnos procedentes doutros países con idioma diferente ou cun baixo nivel de coñecementos.
- A avaliación inicial ao iniciar cada tema, que nos indicarán cales son os alumnos que non poderán seguir da mesma forma o currículo

Intentarase actuar de xeito adecuado para conseguir os obxectivos mínimos da materia. As formas de actuación en ocasións son limitadas polo elevado número de alumnos por aula para afrontar moitas das circunstancias que se dan en caso de necesidades educativas especiais, onde o que sería un número ideal para unha aula, podemos dicir que habitual, nestas condicións pasa a ser elevado, e por tanto, inapropiado. Aínda así, xunto co departamento de Orientación e/o equipo directivo (Decreto de 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade) elaboraranse as medidas a seguir para cada caso, segundo as necesidades: aplicación de protocolos, reforzos, e incluso a coordinación entre a profesora da materia e a de pedagogía terapéutica sobre os contidos mínimos, a forma de traballalos, a valoración “especial” do traballo realizado polo alumno, a estimulación persoal, a integración cos compañeiros, tempo de adaptación ao alumnado que se traslade ao centro co curso empezado para poñerse ao día, ademais de explicarlles aqueles contidos cando o solicite, etc. É imposible a numeración de todas as estratexias a seguir posto que as situacións poden ser moi variadas e numerosas, só mencionar a disposición dos membros do Departamento para colaborar en todo o que sexa necesario.

En bioloxía y xeoloxía de 3º ESO hai unha alumna con DEA e unha adaptación curricular. Todas as medidas de atención deste alumnado será coordinado polo departamento de Orientación.

4.1.2.11.- AVALIACIÓN DE PENDENTES

O alumnado coa Bioloxía e Xeoloxía de 3º ESO pendente será atendido pola profesora que imparte a materia do curso en coordinación coa xefa do Departamento.

Cada alumno deberá entregar unha serie de actividades avaliación por avaliación que o eximirá da realización da proba escrita, sempre en cando esten ben elaboradas. Para motivalos aínda máis, non haberá exames por avaliación, so o final, o de xuño, ao que so estarán obrigados a presentarse aqueles alumnos e alumnas que non entregarán as tarefas trimestrais, ou que as fixeran mal. Para aprobar a avaliación ordinaria, terán que entregar de todos os xeitos as tarefas que non fixeron durante o curso.

Mediante o seguimento e recollida das actividades propostas para cada trimestre, o profesor emitirá unha cualificación para cada alumno/a en cada avaliación, que irá no boletín de cualificación (previo rexistro no XADE).

Ao inicio do curso se lles enviará ás nais, pais ou titores legais, a través do alumno, un papel informativo da forma de recuperar as materias pendentes do departamento de Bioloxía e Xeoloxía que terán que traer asinado.

Nas datas de entrega da programación non hai ningún alumno coa materia pendente.

4.1.2.12.- SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO

Nas reunións de Departamento farase o seguimento das programacións e determinarase:

- Se se está desenvolvendo con normalidade dentro dos tempos previstos.
- Ver se os alumnos asimilan os contidos tal e como está establecido.
- Estudar posibles melloras para o curso próximo unha vez rematado o curso.
- En caso necesario, alterar a secuenciación ou outros aspectos oportunos das unidades didácticas que se consideran favorecedores da comprensión dos temas tratados.

Valorase se estan a desenvolverse con normalidade ou se é necesario (e posible) introducir algún/s cambio, tomarase nota. Neste sentido hai que lembrar que a temporalización e a secuenciación, de cada unidade didáctica, son flexibles e modificables segundo as necesidades que se vaian observando no desenvolvemento da mesma, sen que isto prexudique ao desenvolvemento desta Programación.

Ao final de curso cubriremos un documento como o seguinte. Poderase modificar, engadir ou quitar indicadores segundo as necesidades que se observen ao longo do curso.

A valoración 1 será a óptima, 2 mellorable (modificar so algúns detalles), 3 necesario cambio.

MATERIA:	CURSO:		
PROFESORA:	FECHA:		
EVALUACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES	1	2	3
A programación didáctica fai un plantaxemento adecuado das unidades didácticas a partir do currículo.			
A secuenciación e a temporalización é a adecuada.			
A concreción de contenidos, criterios y estándares para cada unidade é a adecuada.			
En xeral conséguense todos os obxectivos previstos para o curso			
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.			
Os materiais didácticos son os adecuados.			
O libro de texto é o adecuado.			
As prácticas de laboratorio son as adecuadas.			
A atención á diversidade cumpre o seu obxectivo			
A dinámica de aula permite a participación de todo o alumnado por igual.			
Son adecuadas aos obxectivos da programación as actividades para casa.			
O número de exames realizados é o adecuado.			
As actividades extraescolares cumpren o seu obxectivo.			

4.1.1.13.- SEGUIMIENTO DA PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO

Para **valorar a práctica docente** cubrirase a seguinte táboa, cada profesora dunha materia terá que entregala a final do curso.

MATERIA:	CURSO:	
PROFESORA:	FECHA:	
PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES	SI	NON
Respectouse a distribución temporal dos contidos por avaliacións.		
Aplicouse a metodoloxía didáctica programada.		
Tivéronse en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarios para aprobar a materia.		
Aplicáronse os procedementos de avaliación programados axustados aos criterios		
Aplicáronse medidas de atención á diversidade aos alumnos que as necesitaban.		
Leváronse a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores segundo a túa responsabilidade.		
Leváronse a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.		
Puxéronse en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.		
Utilizáronse os materiais e recursos didácticos programados.		
Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas.		
OBSERVACIÓNS:		

4.1.3.- PROGRAMACIÓN DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º ESO

4.1.3.1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Dos 66 alumnos de 4º ESO, escolleron coma optativa a materia de Bioloxía e Xeoloxía no presente curso un total de 27 alumnos.

A materia de Bioloxía e Xeoloxía debe contribuír durante a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) a que o alumnado adquira uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura científica. En cuarto curso da ESO, iníciase ao alumnado nas grandes teorías que permitiron o desenvolvemento máis actual desta ciencia: a tectónica de placas, a teoría celular e a teoría da evolución, para finalizar co estudo dos ecosistemas, as relacións tróficas entre os distintos niveis e a interacción dos organismos entre eles e co medio, así como a súa repercusión na dinámica e na evolución dos devanditos ecosistemas.

A materia contará cunha aula virtual, na que o alumnado terá a súa disposición todo o material de clase, enlaces de interese, ademáis de realizar algún exame.

4.1.3.2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal coma indican as instrucións dictadas pola Unión Europea, as materias do Departamento contribuirán a alcanzar as competencias clave para a aprendizaxe permanente tal coma se indica a continuación:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita cobran moito sentido xa que facilitan chegar á comprensión profunda do que pretende esta área. Será interesante adestrar estes aspectos ao longo de todas as unidades como ferramentas básicas para adquirir destrezas desde esta competencia. Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descriptor de cada un destes indicadores.

Os indicadores aos que lles daremos prioridade serán:

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS CLAVE EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)

O método científico vai ser un elemento importante dentro desta área, polo cal, traballaremos con aspectos relacionados que teñan que ver coa adquisición de ferramentas que fagan posible o bo desempeño do alumnado na materia.

Os indicadores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

A sociedade na que vivimos crea a necesidade de traballar de xeito transversal esta competencia. Terase que dotar o alumnado de ferramentas para a óptima adquisición de coñecemento en todas as áreas e idades.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes indicadores da competencia:

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

APRENDER A APRENDER (CAA)

Esta competencia lévanos a coidar os procesos de aprendizaxe do alumnado e a metodoloxía empregada para a óptima adquisición dos contidos de calquera área. Por iso, traballaremos e adestraremos cada un dos indicadores de forma que aseguremos a consecución de obxectivos formulados previamente.

Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

Esta competencia favorece ser crítico ante diferentes situacións, ante investigacións sobre avances científicos... Así mesmo, pretende traballar todos aqueles aspectos que fomentan unha reflexión ante situacións de hoxe, que fan posible que o alumnado creza e madure adquirindo ferramentas que o van levar a posuír un criterio propio o día de mañá.

Para iso adestraremos os seguintes indicadores:

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

- Mostrar dispoñibilidade para participar activamente en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

O adestramento de habilidades emprendedoras no deseño de calquera tarefa vai facer posible unha óptima xestión de recursos materiais e persoais, polo que nesta área, e en calquera, o alumnado crecerá en autonomía, en liderado e verase capaz de acoller con entusiasmo calquera labor que se lle encomende. Por iso, será importante que se adestren de forma eficiente e eficaz os seguintes indicadores:

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC)

Desde a área de Bioloxía e Xeoloxía podemos adestrar aspectos desta competencia que nos levan á adquisición de valores e actitudes que teñen que ver coa interculturalidade, os pensamentos diverxentes, as crenzas...

Polo que nesta área traballaremos os seguintes indicadores:

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

4.1.3.3.- OBXECTIVOS DA MATERIA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO

- Estudar a estrutura da Terra.

- Recoñecer o que son as discontinuidades sísmicas.
- Entender qué é a litosfera e os procesos que a orixinan e a destrúen.
- Diferenciar as teorías fixistas e mobilistas sobre a orixe dos relevos.
- Coñecer os fundamentos da teoría da tectónica de placas.
- Saber cal é a orixe dos relevos, dos terremotos e dos volcáns.
- Reproducir a reconstrución de Panxea.
- Comprender como se producen as correntes de convección.
- Coñecer as consecuencias do ascenso de material quente no manto terrestre.
- Diferenciar os tipos de relevos debidos a estas correntes.
- Estudar que é a subdución.
- Distinguir os tipos de relevos debidos á subdución.
- Estudar os tipos de deformacións que poden producirse nas rochas.
- Entender o que son os riscos xeolóxicos.
- Producir unha corrente convectiva comparable ás do manto terrestre.
- Estudar o que son o actualismo e o uniformitarismo.
- Saber cal é a idade da Terra e cales son as rochas máis antigas.
- Aprender o que son a xeocronoloxía absoluta e a relativa.
- Coñecer o que son a anatomía comparada e a tafonomía.
- Diferenciar entre factores bióticos e abióticos.
- Coñecer as relacións que se establecen entre os individuos dun ecosistema.
- Recoñecer os principais factores que condicionan os ecosistemas.
- Comprender as principais adaptacións dos organismos.
- Diferenciar entre nicho e hábitat.
- Valorar a importancia do solo.

- Coñecer os principais ecosistemas terrestres e acuáticos de España.
- Identificar cadeas e redes tróficas.
- Entender que nos ecosistemas hai un fluxo de enerxía e un ciclo de materia.
- Coñecer os principais parámetros tróficos.
- Analizar os ciclos bioxeoquímicos máis importantes.
- Estudar un ecosistema concreto.
- Analizar os cambios naturais que se producen nos ecosistemas.
- Comprender o proceso de sucesión ecolóxica.
- Estudar algúns mecanismos de autorregulación das poboacións nos ecosistemas.
- Aprender o que é un impacto ambiental.
- Identificar as principais figuras de protección de espazos naturais e da biodiversidade.
- Coñecer os grandes cambios ambientais que ocorreron na historia da Terra.
- Comprender que os problemas ecolóxicos son problemas globais que nos afectan a todos e que na súa resolución estamos implicados todos.
- Comprender os postulados da teoría celular.
- Utilizar o microscopio para a observación de células.
- Distinguir os niveis de organización que constitúen a materia.
- Diferenciar a estrutura das células procariotas e eucariotas.
- Identificar os compoñentes do núcleo comparando a súa organización nas diferentes fases do ciclo celular.
- Recoñecer a estrutura dun cromosoma.
- Aprender os principais procesos que se producen na mitose e a meiose, así como o seu significado biolóxico.
- Distinguir os diferentes tipos de ciclos biolóxicos.

- Identificar as fases da división celular nunha preparación de ápice de raíz de cebola.
- Coñecer a estrutura dos ácidos nucleicos.
- Identificar o ADN como a molécula portadora do material hereditario e aprender como se replica.
- Entender o que é un xene.
- Comprender os procesos de transferencia da información xenética do ADN ás proteínas e coñecer o que é o código xenético.
- Entender o concepto de mutación e coñecer os seus tipos.
- Valorar a importancia da biotecnoloxía. Coñecer algunhas das súas aplicacións e reflexionar sobre as posibles repercusións da súa utilización.
- Comprender a importancia da enxeñaría xenética.
- Entender o que é a clonación.
- Apreciar a importancia do Proxecto Xenoma Humano.
- Aprender un método para extraer o propio ADN.
- Comprender os procesos de reprodución asexual e sexual.
- Entender o método científico utilizado por Mendel, así como os seus experimentos e as leis da herdanza.
- Coñecer o significado da terminoloxía xenética.
- Coñecer as principais teorías sobre a orixe da vida e a biodiversidade.
- Recoñecer as mutacións e a reprodución sexual como os mecanismos que xeran a variabilidade sobre a que actúa a selección natural.
- Interpretar datos relativos aos diferentes argumentos a favor da evolución.
- Comprender como se produce a especiación.
- Analizar os principais aspectos do proceso de hominización.
- Coñecer as principais etapas da filoxenia da especie humana.
- Deducir como se expandiron polo mundo as distintas especies humanas.

- Saber o que son os fósiles e cales son os máis característicos.
- Aprender como se dividiu a idade da Terra en intervalos de tempo, e que ocorreu en cada un.
- Entender como evolucionou a biosfera nos últimos millóns de anos.
- Estudar os principais acontecementos xeolóxicos no mundo e en España nos últimos millóns de anos.
- Distinguir entre herdanza dominante, intermedia e codominante.
- Comprender a forma en que se herdán algúns caracteres humanos.
- Diferenciar entre herdanza do sexo e herdanza ligada ao sexo.
- Estudar a herdanza dalgunhas enfermidades ligadas ao sexo nas persoas.
- Resolver problemas de herdanza de caracteres.
- Realizar unha investigación similar á de Mendel.
- Valorar o coñecemento científico como un proceso en evolución e revisión continua.
- Comprender e expresar mensaxes científicas utilizando a linguaxe oral e escrita.
- Utilizar os conceptos básicos da Bioloxía e da Xeoloxía para elaborar unha interpretación científica dos fenómenos naturais.
- Adestrarse na resolución de problemas aplicando o razoamento.
- Buscar, seleccionar e valorar criticamente información sobre temas científicos utilizando diferentes fontes.
- Valorar as contribucións da Bioloxía e da Xeoloxía á mellora da calidade de vida.
- Entender que a natureza tamén é unha fonte de deleite e que este será maior canto máis se saiba dela.
- Achegar a ciencia á vida cotiá, rompendo coa idea de que a investigación científica é patrimonio dunha elite.

4.1.3.4.- BLOQUES DE CONTIDOS QUE SE ABORDAN NA MATERIA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º ESO

Os bloques de contidos que se abordan en Bioloxía e Xeoloxía en 4.º da ESO son os seguintes:

- BLOQUE 1. A evolución da vida.
- BLOQUE 2. A dinámica da terra.
- BLOQUE 3. Ecoloxía e medio ambiente.
- BLOQUE 4. Proxecto de investigación

4.1.3.5.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 1. Estrutura e dinámica do planeta.
- UNIDADE 2. Tectónica e relevo.
- UNIDADE 4. Estrutura e dinámica dos ecosistemas.
- UNIDADE 5. A actividade humana e o medio ambiente.

2ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 3. A historia do noso planeta.
- UNIDADE 6. A organización celular dos seres vivos.
- UNIDADE 8. A información e a manipulación xenética.

3ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 7. Herdanza e xenética.
- UNIDADE 9. A orixe e a evolución da vida.

4.1.3.6.- METODOLOXÍA

A metodoloxía será activa e participativa; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual coma colectiva e perseguir, como un dos seus

eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, e os coñecementos propios da materia

A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e realizar actividades de laboratorio (cando sexa posible, as que se fagan figurarán na memoria de fin de curso), respetando en todo momento o traballo individual, en grupo e o ambiente adecuado de aula para unha aprendizaxe efectiva.

Como xa se comentou anteriormente, o departamento de Bioloxía e Xeoloxía propón unha metodoloxía na que o alumno aprende a construír a súa propia aprendizaxe, elabora os seus propios modelos de coñecemento, incidindo con isto na autonomía persoal, co fin de conseguir un alumno o

O profesor facilitará a posta en práctica dos coñecementos, favorecendo a utilidade do aprendido, será un guía do proceso.

Os contidos e as capacidades adquiridas han de poder ser empregadas na vida real, trátase de que o alumno poida trasladar a súa aprendizaxe a outros ámbitos diferentes.

A metodoloxía de traballo que seguimos baséase nos seguintes principios:

- Diagnóstico de coñecementos previos, tanto ao principio do curso, coma durante o mesmo, cunhas preguntas breves orais ao iniciar cada tema, que poden ser as propostas polo libro ou relacionadas con lecturas, vídeos, actividades interactivas, ou feitos reais, etc.
- Tomar como punto de partida a observación, as experiencias, o plantexamento de problemas ou hipóteses. Esta actividade facilita rastrear os coñecementos previos e detectar erros e representacións incorrectas.
- Trataranse os diferentes temas procurando que o alumnado busque por si mesmo a información cando o grado de dificultade o permita e recorrendo á profesora cando sexa necesario.
- Fomentar a aprendizaxe asociada á práctica e á vida. Evitar que sexa só de tipo verbal e dotada de significado.
- Afondar no método científico.
- Favorecer o traballo participativo e en grupo, as postas en común e o debate entre diferentes posturas, partindo do respecto.

- Desenvolver a autoestima do alumnado.
- Ter en conta a diversidade, propor algún tipo de reforzo o actuacións para os que presenten algún tipo de dificultade..
- Utilizar todos os medios audiovisuais dispoñibles e fomentar o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Fomentar a habituación co material de experimentación sinxelo e o traballo no laboratorio.

4.1.3.7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto fixado é da editorial Obradoiro Santillana.

No presente curso todos os materiais e recursos didácticos adaptaranse á actual situación de pandemia que estamos a vivir, en cada momento e circunstancia valorarase a utilización segura dos mesmos. De maneira habitual, ademáis do libro de texto, os medios e recursos utilizados son os seguintes:

Tal como se indicou no apartado de inicio da programación da materia, alumnado disporá dun curso virtual (aula virtual) na que se subirá todo o material que sexa necesario para a consecución da programación, servindo ademais de plataforma para a entrega de tarefas e realización de probas segundo a consideración da profesora da materia, así coma para a difusión da parte relevante da programación da materia. O emprego da mesma pode variar segundo as circunstancias e medidas que estipulen en cada momento as administracións, adaptando a súa utilización segundo as instrucións que se marquen desde o Ministerio de Educación, a Consellería de Educación e a Dirección do centro a través do Plan de Contixencia.

Para a adquisición de novos coñecementos utilizarase medios audiovisuais: presentacións, fragmentos de cine científico, así como outras fontes habituais de información científica: xornais, revistas, libros, internet, etc. complementadas con outra actividades como charlas, etc. que permitiran aos alumnos o contacto e o coñecemento sobre o medio ambiente.

Mención especial merece o laboratorio. Aínda que de maneira habitual sempre se plantexa a asistencia ao laboratorio, xa que favorece que se familiaricen co método científico, co traballo experimental e co traballo en grupo, ademais da toma de responsabilidades, no presente curso o uso do mesmo estará moi limitado e condicionado pola necesidade de garantir a saúde de todos e pola pouca dispoñibilidade de material para uso individual.

A diario, utilizaráanse presentacións de Power Point, moi necesarias nunha materia moi visual coma a Bioloxía e a Xeoloxía. Analizaráanse artigos e temas de actualidade cando sexa adecuado e se atopen a disposición das aulas, tanto en internet coma en papel (cada vez menos habitual).

4.1.3.8.- AS UNIDADES. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES, INDICADORES DE LOGRO, PESO NA CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS, E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A continuación móstranse as unidades desglosadas onde se concretan os contidos que se van a impartir e os obxectivos da ESO e da materia, así coma os criterios de avaliación, estándares, indicadores de logro, e as competencias clave que se queren conseguir, e os indicadores de logro que marcarán a consecución dos mesmos, así coma o grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos utilizados para avaliar e que se explicarán no apartado correspondente, e os transversais.

UNIDADE 1. ESTRUCTURA E DINÁMICA DA TERRA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Nesta primeira unidade veremos a orixe do sistema solar e da Terra, a sismoloxía e o estudo da estrutura interna da Terra segundo o modelo xeoquímico e segundo o modelo xeodinámico; estudaremos os movementos verticais da litosfera e as hipóteses actuais sobre os movementos horizontais: a deriva continental e a expansión do fondo oceánico, e a teoría da tectónica de placas e os seus principais postulados.

CONTIDOS CURRICULARES

B2.1. Historia da Terra. Orixe da Terra. Tempo xeolóxico: ideas históricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia. Utilización do actualismo como método de interpretación.

B2.5. Estrutura e composición da Terra. Modelos xeodinámico e xeoquímico.

B2.5. Estrutura e composición da Terra. Modelos xeodinámico e xeoquímico.

B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.

B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.

B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.

B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación.

B4.3. Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.

				os seus argumentos, e comunica esa información oralmente e/ou por escrito. ●Valora a capacidade de comprobar os datos a través da observación, as ferramentas e o traballo científico.											
a b c d g	B4.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo.	CAA CSC CSIEE	B4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> ●Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. ●Participa de forma activa e cooperativa nos traballos, nos debates, nas actividades e nas investigacións de grupo, mostrando actitudes de empatía, respecto e integración. 	50	4		X	X				X	X	X
a b d e	B4.5. Presentar e defender en público o proxecto de investigación realizado.	CCL	B4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	<ul style="list-style-type: none"> ●Expón o proxecto e os resultados de forma oral e/ou escrita e faino de maneira clara, ordenada e precisa. 	50	2		X	X		X		X		

UNIDADE 2. TECTÓNICA E RELEVO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos interpretarán algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas. Tamén van reflexionar sobre a interacción entre a dinámica interna e externa, van realizar un perfil topográfico.

CONTIDOS CURRICULARES

B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.

B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.

B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.

B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación.

B4.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.

B4.3. Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.

b c e f g h	B4.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	CAA CCL CMCCT	B4.2.1. Utiliza argumentos que xustifican as hipóteses que propón.	<ul style="list-style-type: none"> •Localiza, selecciona, organiza e expón información adquirida en textos e imaxes para completar as súas actividades, os seus traballos e os seus proxectos. Expón conclusións que xustifican e fundamentan os seus argumentos, e comunica esa información oralmente e/ou por escrito. •Valora a capacidade de comprobar os datos a través da observación, as ferramentas e o traballo científico. 	50	2	X	X	X	X	X	X	X	X	
a c g h	B1.16. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	CMCCT CAA	B1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	<ul style="list-style-type: none"> •Valora a importancia dos experimentos contra a xeración espontánea. •Explica os enfoques teóricos actuais sobre a orixe da vida e as ideas precursoras do evolucionismo. •Identifica e explica os principios das teorías de Lamarck e de Darwin establecendo paralelismos, comparacións e relacións entre elas. 	100	22	X	X	X		X	X			
g h	B1.17. Comprender os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo.	CMCCT CAA	B1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.	<ul style="list-style-type: none"> •Describe os factores responsables da variabilidade nunha poboación. Describe e clasifica tipos de mutacións. •Identifica e explica os principais mecanismos evolutivos determinando os tipos de probas que os argumentan: anatómicas, bioxeográficas, paleontolóxicas e bioquímicas. •Explica a adaptación e a especiación. •Explica e compara modelos teóricos evolutivos actuais: teoría sintética, neutralista, do equilibrio puntuado e simbióxese. 	100	30	X	X	X		X	X			
g	B1.18. Interpretar árbores filoxenéticas, incluíndo a humana.	CAA	B1.18.1. Interpreta árbores filoxenéticas.	<ul style="list-style-type: none"> •Describe a función, os compoñentes e as características das árbores filoxenéticas. •Observa, interpreta, elabora e explica árbores filoxenéticas, incluíndo a humana. 	100	15	X	X	X		X	X	X		
g h b	B1.19. Describir a hominización.	CMCCT CCL	B1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización.	<ul style="list-style-type: none"> •Explica a hominización, identifica e expón as adquisicións fundamentais dos homínidos bípedos e describe a complexidade da evolución dos humanos modernos. •Identifica as principais especies de homínidos bípedos da península ibérica. 	100	15	X	X	X		X	X	X		
b c e f	B4.1. Planear, aplicar, e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	CAA CMCCT	B4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.	<ul style="list-style-type: none"> •Expresa, integra e aplica as destrezas e as habilidades propias dos métodos científicos de forma progresiva. 	50	2	X	X	X		X	X	X	X	

g		CSIEE		<ul style="list-style-type: none"> • Observa, elabora e interpreta gráficos, imaxes, planos e mapas, e extrae datos concluíntes deles, de forma eficaz, que analiza e contrasta conforme aos obxectivos, expresando as características e os elementos principais en cada caso. 												
b e f g h	B4.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	CAA CCL CMCCT	B4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	<ul style="list-style-type: none"> • Localiza, selecciona, organiza e expón información adquirida en textos e imaxes para completar as súas actividades, os seus traballos e os seus proxectos. Expón conclusións que xustifican e fundamentan os seus argumentos, e comunica esa información oralmente e/ou por escrito. • Valora a capacidade de comprobar os datos a través da observación, das ferramentas e do traballo científico. 	50	2	X	X	X	X	X	X				
b e f h o	B4.3. Discriminar e decidir sobre as fontes de información e os métodos empregados para a súa obtención.	CAA CCL CMCCT CD	B4.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza as TIC para buscar, organizar e expor información relacionada coas actividades que se expoñen. • Localiza, selecciona, organiza e expón información dos medios dixitais sobre os mitos e lendas da orixe da vida; sobre a selección artificial; sobre a historia evolutiva dun depredador; sobre as hibridacións entre especies do xénero <i>Phantera</i>; e sobre a cova de El Sidrón. 	50	2		X	X	X	X	X	X			
a b c d g	B4.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo.	CAA CSC CSIEE	B4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. • Participa de forma activa e cooperativa nos traballos, nos debates, nas actividades e nas investigacións de grupo, mostrando actitudes de empatía, respecto e integración. 	50	2		X	X				X	X	X	
a b d e	B4.5. Presentar e defender en público o proxecto de investigación realizado.	CCL CSIEE CD CMCCT	B4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana para a súa presentación e defensa na aula.	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza proxectos de investigación científica de forma individual ou cooperativa, achegando información de diversas fontes, seguindo as fases de identificación do obxectivo, planificación e elaboración. • Interpreta a distancia evolutiva entre especies. • Participa na elaboración dun póster sobre a evolución dos cans. 	50	2		X	X	X	X	X	X			
		CCL	B4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	<ul style="list-style-type: none"> • Expón o proxecto e os resultados de forma oral e/ou escrita e faino de maneira clara, ordenada e precisa. 	50	2		X	X	X						

4.1.3.9.- AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL

Tal como se comentou non apartado adicado á metodoloxía, ao inicio de cada unidade, faranse unha serie de preguntas para ver o nivel de coñecementos que ten o alumno sobre os contidos da unidade. Os resultados obtidos serán tomados coma base a partir da cal se iniciará á explicación de cada unidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O alumno deberá acadar os obxectivos xerais da ESO como os da materia, conseguindo unha nota positiva en cada un dos indicadores que valoran os criterios de avaliación a través do estándares de aprendizaxe nomeados no apartado anterior. A consecución dunha valoración positiva implicará que ademais dos obxectivos, o alumno acadou as competencias clave.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación empregaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación co fin de valorar o grao de consecución dos estándares por parte do alumnado. É evidente que a utilización dos mesmos variará segundo as unidades, como por ex. as prácticas de laboratorio, que non son viables en todas elas.

Os procedementos son:

1. Proba escrita.
2. Observación de aula
3. Actitude cara á materia

Os instrumentos son:

No apartado 1 o instrumento son, en xeral, probas escritas, pero poderían ser nalgunha ocasión un exame feito a traves da aula virtual (escrita 50%+30 aula virtua).

Nos apartados *Observación aula* e *Actitude cara á materia*, a cualificación farase a través dos seguintes instrumentos: listas de control, rexistro anecdótico e diario de aula que reflectirán todo o acontecido na aula.

PROCEDEMENTOS				CUALIFICACIÓN	VALOR AV.
PROBAS	Probas			0-10 ptos.	80 %

OBSERVACIÓN AULA	Resposta ás actividades de aula				0,2 ptos. por resposta ata un máximo de 0,8 ptos. por avaliación	15%
		Cumpre os obxectivos regularmente	Cumpre os obxectivos nalgunhas ocasións	Non cumpre os obxectivos case nunca		
	Intervención diaria na aula	0,2 ptos.	0,1 ptos.	0 ptos.	0-0,2 ptos.	
	Intervención en debates	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	
	Realización tarefas aula	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	
	Realización tarefas casa	0,2 ptos.	0,1 ptos.	0 ptos.	0-0,2 ptos.	
	Laboratorio	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	

		Cumpre os obxectivos regularmente	Cumpre os obxectivos nalgunhas ocasións	Non cumpre os obxectivos case nunca		
ACTITUDE CARA Á MATERIA	Trae o material	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	5%
	Traballo en grupo	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	
	Mostra respecto pola intervención dos demais	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	
	Puntualidade	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	
	Contribúe de maneira positiva ao ambiente das clases	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

No referido ás probas escritas, a puntuación máxima será un 10.

Nos apartados *Observación traballo aula* e *Actitude cara á materia*, excepto no apartado *Resposta ás actividades da aula* onde o rexistro é directo, nos demais farase a través de listas de control, rexistro anecdótico e diarios de aula que reflectirán todo o acontecido na aula.

As *Probas escritas* serán un 80% da nota.

A *Observación de aula* terá un valor dun 15% do total.

A *Actitude de cara á materia* será un 5% do total.

A nota da avaliación final ordinaria será unha media da obtidas durante as tres avaliacións. A nota de aprobado de cada avaliación será igual o superior a 5 puntos. No caso de non superar algunha destas, o alumno fará unha proba final da/das avaliacións suspensas, que incluírá todos os contidos explicados na avaliación ou avaliacións correspondentes.

Calquera alumno que copie nalgunha das probas efectuadas durante as avaliacións ou que sexa sorprendido con calquer material non autorizado polo profesor (apuntes, libros, dispositivos electrónicos,...) quedaralle anulada dita proba e, inmediatamente, faráselle outra coas características que estime oportunas a profesora implicada.

No caso de copiar dun compañeiro calquera dos traballos e actividades que non inclúan as probas escritas, aplicaranse as mesmas medidas.

MÍNIMOS EXIXIBLES. CONCRECIÓN

O proceso de avaliación na materia de Bioloxía e Xeoloxía ten como finalidade coñecer o grao de competencia alcanzado polos alumnos nos obxectivos da mesma, tomando como referente os criterios de avaliación e os estándares e os seus indicadores anteriormente especificados, e que se poden concretar nos seguintes puntos:

- Coñece os tipos de ondas sísmicas, o seu comportamento ao propagarse no interior da Terra a súa utilidade á hora de detectar discontinuidades (cambios de composición ou de estado) no interior da Terra.
- Coñece as características e o comportamento dinámico das diferentes capas e subcapas que constitúen o interior da xeosfera.

- Coñece as teorías oroxénicas do pasado, en especial as propostas de Wegener sobre a deriva continental e a influencia destas no desenvolvemento da teoría da tectónica de placas.
- Recoñece as placas tectónicas e distingue os tipos de interaccións que se producen entre os seus bordos converxentes, diverxentes e transformantes, así como nas zonas do interior das placas.
- Coñece e describe as etapas do ciclo de Wilson.
- Coñece, interpreta e explica as diferentes probas da tectónica de placas.
- Coñece e explica os modelos da dinámica interna da Terra compatibles coa dinámica das placas litosféricas.
- Coñece a relación entre os efectos da dinámica da litosfera e os procesos xeolóxicos endóxenos e esóxenos.
- Describe e sitúa os procesos magmáticos no contexto da tectónica de placas.
- Describe e sitúa os procesos metamórficos no contexto da tectónica de placas.
- Describe e sitúa as principais deformacións das rochas da litosfera (terremotos, fracturas e dobras) no contexto da tectónica de placas.
- Describe e sitúa os procesos do modelado do relevo e a formación das rochas sedimentarias no contexto da tectónica de placas.
- Comprende a relación entre os procesos petroxenéticos a través do ciclo das rochas ou mediante a tectónica de placas.
- Interpreta as características xeolóxicas dun terreo a partir de mapas xeolóxicos.
- Comprende que o relevo é o resultado dunha evolución na que interveñen diversos procesos xeolóxicos.
- Coñece os factores que determinan a evolución do relevo e relaciónaos cos tipos de relevos que se orixinan en función da predominancia duns ou outros.

- Identifica os relevos volcánicos, graníticos e cársticos como relevos litolóxicos e coñece a xénese, a evolución e as formas características de cada un deles.
- Identifica os relevos das zonas morfoclimáticas e sabe explicar, tanto o modo de acción dos procesos do modelado predominantes en cada zona coma a xénese, a evolución e as formas características de cada un deles.
- Identifica os principais relevos estruturais e coñece a xénese, a evolución e as formas características de cada un deles.
- Identifica os relevos das zonas costeiras, comprende a predominancia da acción do mar nestas zonas e coñece a xénese, a evolución e as formas características destes relevos.
- Coñece a interacción entre os procesos xeolóxicos e as actividades humanas e comprende os riscos derivados da devandita interacción.
- Sabe realizar cortes xeolóxicos simples a partir de mapas xeolóxicos e interpreta neles as características e a evolución do relevo representado.
- Comprende a orixe e o significado do rexistro estratigráfico.
- Coñece os principios básicos da estratigrafía e aplícaos para interpretar, datar e correlacionar o rexistro estratigráfico.
- Coñece os principais eventos acontecidos ao longo da historia da Terra.
- Coñece a extensión do tempo xeolóxico e é capaz de representalo nun calendario da historia da Terra.
- Coñece as principais divisións do calendario da Terra e sabe situar nelas os principais acontecementos xeolóxicos e biolóxicos acontecidos ao longo da historia do planeta.
- Define ecosistema, identifica os seus compoñentes e recoñece algunhas relacións entre eles.
- Coñece os principais factores abióticos que caracterizan aos medios terrestres e acuáticos e relaciónaos coas adaptacións que aparecen nos seres vivos.

- Explica as relacións que se producen entre os seres vivos da biocenose e diferencia entre relación intraespecífica e interespecífica.
- Coñece os principais tipos de interaccións interespecíficas e intraespecíficas.
- Define produtores, consumidores e descompoñedores.
- Forma redes e cadeas tróficas.
- Describe os fluxos da materia e da enerxía nos ecosistemas e explica as súas diferenzas.
- Define biomasa e produción.
- Constrúe pirámides ecolóxicas sinxelas.
- Describe o ciclo bioxeoquímico do carbono
- Define o concepto de sucesión, clasifica os seus tipos, comenta as súas características e desenvolve o concepto de clímax.
- Analiza as migracións e a relación depredador-presa como mecanismos de autorregulación do ecosistema.
- Explica en que consiste a loita biolóxica.
- Define impacto ambiental e coñece os servizos que os ecosistemas prestan ao ser humano.
- Coñece as causas e os efectos dos impactos ambientais.
- Describe as causas e o resultado da degradación dos bosques no planeta.
- Describe o proceso de formación dun solo e os impactos que poden destruílo.
- Coñece as bases do desenvolvemento sostible.
- Explica as principais medidas para protexer o medio e as medidas correctoras do dano producido ao medio.
- Coñece os postulados da teoría celular e os antecedentes históricos que levaron a eles.

- Diferencia os distintos niveis de organización dos seres vivos e coñece as características de cada un deles.
- Identifica as células procariotas e coñece as súas características.
- Identifica ás células eucariotas e recoñece aos seus constituíntes estruturais e a función que desempeñan.
- Coñece as características que diferencian as células vexetais das animais e distingue ambos os dous tipos de células.
- Sabe en que consiste a nutrición celular e as etapas que se diferencian nela; coñece a importancia do metabolismo e diferencia a nutrición autótrofa da heterótrofa.
- Entende en que consiste a función de relación e coñece cales son as respostas celulares máis frecuentes.
- Describe que é a reprodución celular e coñece os distintos tipos de división celular.
- Coñece a composición dos nucleótidos e diferencia a estrutura dos dous tipos de avaliación de ácidos nucleicos e sabe cal é a súa función.
- Diferencia as dúas etapas que teñen lugar na síntese de proteínas e describe o que acontece en cada unha delas.
- Coñece que é o código xenético e cales son as súas características.
- Comprende a importancia da replicación do ADN e explica como se produce e entende o seu carácter semiconservativo.
- Entende que é o ciclo celular, diferencia as súas etapas e coñece os cambios que sofre o ADN durante o ciclo celular.
- Diferencia a mitose e a citocinese e coñece os acontecementos que suceden en cada un destes procesos.
- Entende a importancia da meiose na reprodución sexual e coñece como se realiza.
- Coñece o significado da mitose e da meiose e comprende as súas diferenzas.

- Relaciona os factores mendelianos cos xenes e cos caracteres hereditarios e distingue entre xenotipo e fenotipo.
- Recoñece a importancia dos experimentos de Mendel, define as leis de Mendel, formula experimentos para demostralas e resolve problemas relacionados con elas.
- Distingue entre herdanza intermedia, codominancia e xenes que actúan sobre un mesmo carácter e explica o ligamento cromosómico e a recombinación xenética.
- Coñece as formas de determinación sexual e a existencia de xenes relacionados cos cromosomas sexuais.
- Define *mutación*, distingue os principais tipos de mutacións e coñece as principais enfermidades xenéticas e o seu diagnóstico prenatal.
- Coñece en que consisten as principais técnicas de enxeñería xenética.
- Describe as aplicacións da enxeñería xenética en diversos campos como a obtención de medicamentos, a aplicación de terapias xénicas, a gandaría e a agricultura, etc.
- Coñece as repercusións sociais e ambientais da enxeñería xenética.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresa na aprendizaxe e aplica as competencias básicas.
- Coñece as principais hipóteses sobre a evolución química da vida.
- Describe as teorías que explican a orixe das primeiras células.
- Explica as principais teorías sobre a orixe das especies.
- Aplica o proceso da selección natural á evolución das especies.
- Valora a importancia da mutación e da selección natural no proceso evolutivo e comprende os cambios evolutivos.
- Aplica as probas nas que se basea a evolución das especies.

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS QUE NON ASISTIRON A CLASES

Aqueles alumnos que non puideron asistir con regularidade ás clases por motivos xustificables (entendendo xustificables os involuntarios, coma por ex. unha enfermidade, que deberán xustificar con algún tipo de documento médico) terán que:

- Presentar un traballo referido os contidos que se traballaron na aula durante o período de ausencia e realizar unha proba referida aos mesmos.
- Facer unha proba (que pode ser oral si as circunstancias así o requiren) por avaliación, facilitándoselles previamente a información requirida para unha correcta realización da mesma. As datas serán escollidas tendo en conta o calendario escolar.

Estes dous requisitos teranse que levar a cabo os dous ou un deles a xuízo da profesora do curso e, sobre todo, tendo en conta as circunstancias de cada caso.

Os mínimos esixibles adaptaranse, na medida do posible, aos días de asistencia do alumno á clase, é dicir, aqueles obxectivos que requiran a presenza física na aula (prácticas de laboratorio, participación nos debates, etc) serán tidos en conta segundo os días nos que o alumno viu á clase.

4.1.3.10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade que mostra o alumnado é moi alta e faise necesario una atención a mesma para aumentar a probabilidade de que os alumnos poidan finalizar os seus estudos e acadar, como mínimo, o título da ESO. O Departamento seguirá as seguintes actuacións:

Unha vez iniciado o curso, valorarase:

- A información reflectida nos informes (en caso de existir) de cada alumno.
- A observación directa dos diferentes ritmos de aprendizaxe (traballo intelectual, as capacidades, nivel de coñecementos da materia, etc)
- A existencia de alumnado con características físicas, sensoriais, ou doutro carácter.

- Alumnos procedentes doutros países con idioma diferente ou cun baixo nivel de coñecementos.
- A avaliación inicial ao iniciar cada tema, que nos indicarán cales son os alumnos que non poderán seguir da mesma forma o currículo.

Intentarase actuar de xeito adecuado para conseguir os obxectivos mínimos da materia. As formas de actuación en ocasións son limitadas polo elevado número de alumnos por aula para afrontar moitas das circunstancias que se dan en caso de necesidades educativas especiais, onde o que sería un número ideal para unha aula, podemos dicir que habitual, nestas condicións pasa a ser elevado, e por tanto, inapropiado. Aínda así, xunto co departamento de Orientación e/o equipo directivo (Decreto de 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade) elaboraranse as medidas a seguir para cada caso, segundo as necesidades: aplicación de protocolos, reforzos, e incluso a coordinación entre a profesora da materia e a de pedagogía terapéutica sobre os contidos mínimos, a forma de traballalos, a valoración “especial” do traballo realizado polo alumno, a estimulación persoal, a integración cos compañeiros, tempo de adaptación ao alumnado que se traslade ao centro co curso empezado para poñerse ao día, ademais de explicarlles aqueles contidos cando o solicite, etc. É imposible a numeración de todas as estratexias a seguir posto que as situacións poden ser moi variadas e numerosas, só mencionar a disposición dos membros do Departamento para colaborar en todo o que sexa necesario.

No presente curso, ás datas de entrega da programación non hai alumnados matriculados na materia con necesidades educativas especiais.

4.1.3.11.- SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO

Nas reunións de Departamento farase o seguimento das programacións e determinarase:

- Se se está desenvolvendo con normalidade dentro dos tempos previstos.
- Ver se os alumnos asimilan os contidos tal e como está establecido.
- Estudar posibles melloras para o curso próximo unha vez rematdo o curso.

- En caso necesario, alterar a secuenciación ou outros aspectos oportunos das unidades didácticas que se consideran favorecedores da comprensión dos temas tratados.

Valorase se estan a desenvolverse con normalidade ou se é necesario (e posible) introducir algún/s cambio, tomarase nota. Neste sentido hai que lembrar que a temporalización e a secuenciación, de cada unidade didáctica, son flexibles e modificables segundo as necesidades que se vaian observando no desenvolvemento da mesma, sen que isto prexudique ao desenvolvemento desta Programación.

Ao final de curso cubriremos un documento como o seguinte. Poderase modificar, engadir ou quitar indicadores segundo as necesidades que se observen ao longo do curso.

A valoración 1 será a óptima, 2 mellorable (modificar so algúns detalles), 3 necesario cambio.

MATERIA:	CURSO:		
PROFESORA:	FECHA:		
EVALUACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES	1	2	3
A programación didáctica fai un plantaxemento adecuado das unidades didácticas a partir do currículo.			
A secuenciación e a temporalización é a adecuada.			
A concreción de contenidos, criterios y estándares para cada unidade é a adecuada.			
En xeral consíguense todos os obxectivos previstos para o curso			
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.			
Os materiais didácticos son os adecuados.			
O libro de texto é o adecuado.			
As prácticas de laboratorio son as adecuadas.			
A atención á diversidade cumpre o seu obxectivo			
A dinámica de aula permite a participación de todo o alumnado por igual.			
Son adecuadas aos obxectivos da programación as actividades para casa.			
O número de exames realizados é o adecuado.			
As actividades extraescolares cumpren o seu obxectivo.			

4.1.3.12.- SEGUIMIENTO DA PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO

Para **valorar a práctica docente** cubrirase a seguinte táboa, cada profesora dunha materia terá que entregala a final do curso.

MATERIA:	CURSO:	
PROFESORA:	FECHA:	
PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES	SI	NON
Respectouse a distribución temporal dos contidos por avaliacións.		
Aplicouse a metodoloxía didáctica programada.		
Tivéronse en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarios para aprobar a materia.		
Aplicáronse os procedementos de avaliación programados axustados aos criterios		
Aplicáronse medidas de atención á diversidade aos alumnos que as necesitaban.		
Leváronse a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores segundo a túa responsabilidade.		
Leváronse a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.		
Puxéronse en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.		
Utilizáronse os materiais e recursos didácticos programados.		
Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas.		
OBSERVACIÓNS:		

4.1.4. PROGRAMACIÓN DE CULTURA CIENTÍFICA DE 4º ESO

4.1.4.1.- INTRODUCCIÓN CONTEXTUALIZACIÓN

No presente curso o número de alumnos matriculados en 4º ESO son 66, dos cales 25 escollen a materia de Cultura Científica.

O alumnado acudirá unha hora á semana a un aula de informática do centro.

4.1.4.2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal coma indican as instrucións dictadas pola Unión Europea, as materias do Departamento contribuirán a alcanzar as competencias clave para a aprendizaxe permanente tal coma se indica a continuación:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita cobran moito sentido xa que facilitan chegar á comprensión profunda do que pretende esta área. Será interesante adestrar estes aspectos ao longo de todas as unidades como ferramentas básicas para adquirir destrezas desde esta competencia. Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descriptor de cada un destes indicadores.

Os indicadores aos que lles daremos prioridade serán:

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS CLAVE EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)

O método científico vai ser un elemento importante dentro desta área, polo cal, traballaremos con aspectos relacionados que teñan que ver coa adquisición de ferramentas que fagan posible o bo desempeño do alumnado na materia.

Os indicadores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

A sociedade na que vivimos crea a necesidade de traballar de xeito transversal esta competencia. Terase que dotar o alumnado de ferramentas para a óptima adquisición de coñecemento en todas as áreas e idades.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes indicadores da competencia:

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

APRENDER A APRENDER (CAA)

Esta competencia lévanos a coidar os procesos de aprendizaxe do alumnado e a metodoloxía empregada para a óptima adquisición dos contidos de calquera área. Por iso, traballaremos e adestraremos cada un dos indicadores de forma que aseguremos a consecución de obxectivos formulados previamente.

Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

Esta competencia favorece ser crítico ante diferentes situacións, ante investigacións sobre avances científicos... Así mesmo, pretende traballar todos aqueles aspectos que fomentan unha reflexión ante situacións de hoxe, que fan posible que o alumnado creza e madure adquirindo ferramentas que o van levar a posuír un criterio propio o día de mañá.

Para iso adestraremos os seguintes indicadores:

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para participar activamente en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

O adestramento de habilidades emprendedoras no deseño de calquera tarefa vai facer posible unha óptima xestión de recursos materiais e persoais, polo que nesta área, e en calquera, o alumnado crecerá en autonomía, en liderado e verase capaz de acoller con entusiasmo calquera labor que se lle encomende. Por iso, será importante que se adestren de forma eficiente e eficaz os seguintes indicadores:

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC)

Desde a área de Bioloxía e Xeoloxía podemos adestrar aspectos desta competencia que nos levan á adquisición de valores e actitudes que teñen que ver coa interculturalidade, os pensamentos diverxentes, as crenzas...

Polo que nesta área traballaremos os seguintes indicadores:

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

4.1.4.3.- OBXECTIVOS DA MATERIA DE CULTURA CIENTÍFICA DE 4º ESO

- Sinalar a metodoloxía científica, sabendo diferenciar as liñas xerais que caracterizan o traballo científico.
- Apreciar a importancia da casualidade nos descubrimentos científicos e tecnolóxicos.
- Relacionar a ciencia co contexto social e económico.
- Coñecer o estado xeral da ciencia en España.

- Tomar conciencia da existencia de fraudes e aplicacións perversas da ciencia e rexeitar eses comportamentos.
- Comentar os métodos básicos utilizados para investigar a estrutura da Terra.
- Coñecer a natureza e os tipos de ondas sísmicas, e os seus métodos de rexistro.
- Citar as capas do interior da Terra, as súas características xerais e as discontinuidades existentes.
- Coñecer e describir as divisións dinámicas da Terra.
- Resumir as últimas teorías sobre o interior da Terra.
- Resumir a teoría de Wegener sobre a orixe dos continentes e os océanos.
- Definir o concepto de placa e enumerar os puntos principais da teoría da tectónica de placas.
- Explicar as distintas relacións que se establecen entre as placas.
- Aplicar as achegas da tectónica de placas para xustificar a existencia de zonas sísmicas e volcánicas no planeta.
- Sobre un planisferio que mostre as placas litosféricas, identificar os distintos contactos entre placas, as zonas sísmicas e volcánicas, e os puntos quentes.
- Sinalar e describir esquematicamente as probas da tectónica de placas.
- Relacionar as noticias de prensa sobre terremotos e volcáns coa dinámica das placas litosféricas.
- Explicar as propiedades e as funcións vitais que caracterizan os seres vivos.
- Coñecer as distintas explicacións que se deron sobre a orixe da vida e citar as fases polas que pasou a súa evolución.
- Coñecer as achegas de Ramón y Cajal á teoría celular.
- Explicar a importancia do experimento de Miller e Urey sobre a evolución química, e describilo esquematicamente.

- Describir a teoría da endosimbiose e debuxar un esquema que represente as súas fases principais.
- Citar as primeiras teorías sobre a orixe da vida e explicar o concepto de xeración espontánea.
- Analizar o concepto de evolución biolóxica.
- Enumerar e describir sinteticamente as teorías preevolucionistas.
- Describir as ideas nas que fundamentou Lamarck a súa teoría evolucionista.
- Explicar os argumentos nos que baseou Darwin a súa teoría da evolución das especies e analizar o concepto de selección natural.
- Describir as achegas á teoría da evolución do neodarwinismo desde diferentes ámbitos.
- Citar e comentar as diferentes críticas ao darwinismo tanto dos seus seguidores coma dos antidarwinistas.
- Enumerar e explicar (citando exemplos) as chamadas probas da evolución.
- Valorar a transcendencia dos cambios de paradigma e a importancia das presións sociais de cada época no desenvolvemento dos coñecementos sobre a orixe da vida e a evolución.
- Ser consciente da dificultade dos estudos sobre a orixe da vida e a evolución, e dos interrogantes que aínda permanecen abertos.
- Respectar as distintas opinións ou crenzas acientíficas que existen na nosa sociedade sobre a orixe da vida e a evolución, e utilizar os coñecementos científicos para desenvolver opinións persoais razoadas e superar prexuizos e respostas dogmáticas sobre estes temas.
- Comentar as distintas teorías sobre a orixe da humanidade.
- Describir as características morfolóxicas dos primates.
- Describir as características dos homínidos.

- Aplicar coñecementos de anatomía humana para interpretar as diferenzas e as similitudes entre humanos e antropomorfos, e realizar esquemas complementarios.
- Enumerar as especies dos primeiros homínidos e comentar as súas características e posibles relacións evolutivas.
- Explicar as características dos australopithecus e a súa importancia na liñaxe da humanidade.
- Coñecer o proceso de humanización e describir cronoloxicamente as distintas especies do xénero Homo previas aos neandertais.
- Interpretar a importancia dos xacementos da serra de Atapuerca e o interese do Homo antecesor para o coñecemento da evolución humana.
- Estar sensibilizado sobre a importancia de conservar e protexer os xacementos paleontolóxicos, como o de Atapuerca, e do seu valor científico e cultural.
- Coñecer as características dos neandertais e a orixe do home actual.
- Valorar a transcendencia dos cambios de paradigma e a importancia das presións sociais en cada época no desenvolvemento dos coñecementos sobre a orixe e a evolución da humanidade.
- Ser consciente da dificultade dos estudos sobre a orixe da humanidade e dos interrogantes que aínda permanecen abertos.
- Decatarse da dificultade e a importancia dos estudos dos científicos sobre a orixe da humanidade actual, e apreciar a fiabilidade das técnicas científicas actuais.
- Respectar as distintas opinións ou crenzas acientíficas que existen na nosa sociedade sobre a orixe da humanidade e a súa evolución, e utilizar os coñecementos científicos para desenvolver opinións persoais razoadas e superar prexuízos e respostas dogmáticas sobre estes temas.
- Explicar o concepto de xenética e coñecer os termos máis habituais que se empregan nesta ciencia.
- Coñecer o concepto de herdanza biolóxica e a importancia de Mendel e Morgan na historia da xenética.

- Describir o modelo mendeliano e enunciar as leis na actualidade.
- Describir o experimento que permitiu relacionar as moléculas coa herdanza e comentar o descubrimento da estrutura do ADN. Describir os niveis de organización xenética desde os nucleótidos ao xenoma.
- Coñecer o proxecto de xene e describir o proceso de expresión da información xenética.
- Coñecer o significado e o modo de acción do código xenético, e saber aplicar a súa forma de actuación.
- Explicar en que consiste o proxecto Xenoma Humano e cales son os obxectivos dos proxectos HapMap e ENCODE.
- Indicar en que consiste a tecnoloxía do ADN recombinante.
- Sinalar e comentar as aplicacións da enxeñería xenética.
- Coñecer as causas da infertilidade humana e comentar os procedementos de reprodución asistida como solución.
- Explicar o concepto de clonación, os seus tipos e a orixe e significado das células nai.
- Coñecer os tipos e as aplicacións da clonación, e valorar as repercusións sociais e éticas da posible clonación humana.
- Detallar os tipos de células nai e a súa potencialidade, así como comentar as súas aplicacións.
- Coñecer as repercusións sociais das aplicacións da xenética e valorar a existencia de problemas éticos.
- Coñecer o concepto de medicina científica, describir os seus comezos e explicar algúns dos acontecementos máis importantes no seu desenvolvemento histórico.
- Clasificar e describir as técnicas de diagnóstico máis habituais na actualidade.
- Definir o concepto de saúde e os factores que a determinan.
- Explicar o concepto de factor de risco para a saúde.
- Comentar a importancia da saúde pública e a medicina preventiva, e describir os niveis de prevención.

- Ser consciente do problema da sanidade nos países de baixo desenvolvemento e das dificultades dos tratamentos médicos neles.
- Coñecer o significado de enfermidades raras e esquecidas, e apreciar a importancia da busca de fármacos para o seu tratamento.
- Analizar e valorar as características da relación que se establecen entre o médico e o paciente.
- Interpretar os conceptos de diagnóstico e prognóstico en medicina, e describir o modelo de historia clínica.
- Analizar a función da investigación médica e describir a práctica do ensaio clínico.
- Coñecer e aceptar os condicionamentos e os principios éticos da investigación médica.
- Describir a natureza das patentes e analizar e valorar a súa repercusión sobre a investigación e a comercialización dos medicamentos, así como a súa relación cos xenéricos.
- Ser conscientes da importancia do uso racional dos medicamentos e razoar a importancia de practicalo especialmente cos antibióticos.
- Coñecer que é un transplante e os seus tipos.
- Decatarse da importancia da función social da doazón de órganos e valorar a posibilidade da súa práctica.
- Coñecer os significados da medicina tradicional e as terapias alternativas, e explicar a súa importancia social.
- Clasificar e definir as diferentes terapias alternativas.
- Describir as etapas do proceso humano de transmisión da información ao longo da historia e o concepto actual de sociedade da información.
- Desenvolver o concepto de ordenador e as súas xeracións a través da historia.
- Coñecer os diferentes dispositivos de almacenamento da información e comentar as súas aplicacións.

- Explicar as diferenzas entre as tecnoloxías analóxica e dixital.
- Comentar a orixe e os compoñentes da sociedade da información.
- Explicar as infraestruturas da sociedade da información.
- Coñecer a importancia e as aplicacións da tecnoloxía LED.
- Explicar o significado do termo Internet e detallar os seus elementos.
- Coñecer as súas repercusións no mundo actual e ser consciente da súa importancia no ámbito familiar, profesional e social: problemas e solucións.
- Analizar a problemática da privacidade en Internet, valorar a importancia de asegurar a protección de datos e ser críticos co mal uso do medio, actuando responsablemente.
- Analizar as prestacións das diferentes TIC que propiciaron a revolución na comunicación e as súas implicacións sociais.
- Coñecer a importancia e a problemática das redes sociais na comunicación.
- Describir as características da telefonía móbil e valorar o seu impacto na comunicación.
- Identificar os principais instrumentos que achegan información sobre o medio ou outros fins, na actualidade, baseados en novas tecnoloxías da información e a comunicación, e as súas respectivas aplicacións (teledetección, GPS e SIX).
-

4.1.4.4.- BLOQUES DE CONTIDOS QUE SE ABORDAN EN BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

- BLOQUE 1. Procedementos de traballo.
- BLOQUE 2. O Universo.
- BLOQUE 3. Avances tecnolóxicos e o seu impacto ambiental.
- BLOQUE 4. Calidade de vida.

- BLOQUE 5. Novos materiais

4.1.4.5.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 1. O Universo.
- UNIDADE 2. O Sistema Solar.
- UNIDADE 3. A bordo dun planeta en peligro.

2ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 4. A enerxía e as políticas medioambientais.
- UNIDADE 5. Saúde e enfermidade. As enfermidades infecciosas.
- UNIDADE 6. As enfermidades no infecciosas.

3ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 7. Os materiais e o seu uso.
- UNIDADE 8. Nanotecnoloxía.

4.1.4.6.- METODOLOXÍA

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía propón unha metodoloxía na que o alumno debe aprender a construír a súa propia aprendizaxe, a elaborar os seus propios modelos de coñecemento, incidindo con isto na autonomía persoal, co fin último de acadar o desenvolvemento competencial a través do uso dos coñecementos, actitudes e valores traballados na aula, o profesor facilitará a posta en práctica de todos eles, favorecendo a utilidade do aprendido, será un guía do proceso.

As TIC's teñen un gran protagonismo nesta materia posto que os alumnos van a traballar durante todo o ano na aula de informática elaborando traballos de investigación, polo que deberán estar ao día en noticias de ciencia, analízalas e transmitilas.

A metodoloxía de traballo que seguimos baséase nos seguintes principios:

- Diagnóstico de coñecementos previos, tanto ao principio do curso, coma durante o mesmo, cunhas preguntas breves orais ao iniciar cada tema, que poden ser as proposta polo libro ou relacionadas con lecturas, videos, actividades interactivas, ou feitos reais, etc.
- Tomar como punto de partida a observación, as experiencias, o plantexamento de problemas ou hipóteses. Esta actividade facilita rastrear os coñecementos previos e detectar erros e representacións incorrectas.
- Trataranse os diferentes temas procurando que o alumnado busque por si mesmo a información cando o grado de dificultade o permita e recorrendo á profesora cando sexa necesario.
- Fomentar a aprendizaxe asociada á práctica e á vida. Evitar que sexa só de tipo verbal e dotada de significado.
- Afondar no método científico.
- Favorecer o traballo participativo e en grupo, as postas en común e o debate entre diferentes posturas, partindo do respecto.
- Desenvolver a autoestima do alumnado.
- Ter en conta a diversidade, propor actividades de reforzo para os que teñan dificultades no aprendizaxe.
- Utilizar todos os medios audiovisuais dispoñibles e fomentar o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Fomentar a habituación co material de experimentación sinxelo e o traballo no laboratorio.

4.1.4.7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto é o de *Cultura Científica* da editorial Obradoiro Santillana.

No presente curso todos os materiais e recursos didácticos adaptaranse á actual situación de pandemia que estamos a vivir, en cada momento e circunstancia valorarase a utilización segura dos mesmos. De maneira habitual, ademais do libro de texto, os medios e recursos utilizados son os seguintes:

O alumnado disporá dun curso virtual (aula virtual) na que se subirá todo o material que sexa necesario para a consecución da programación, servindo ademais de plataforma para a entrega de tarefas e realización de probas segundo a consideración da profesora da materia, así coma para a difusión da parte relevante da programación da materia. O emprego da mesma pode variar segundo as circunstancias e medidas que estipulen en cada momento as administracións, adaptando a súa utilización segundo as instrucións que se marquen desde o Ministerio de Educación, a Consellería de Educación e a Dirección do centro a través do Plan de Contixencia.

Para a adquisición de novos coñecementos utilizarase medios audiovisuais: presentacións, fragmentos de cine científico, así como outras fontes habituais de información científica: xornais, revistas, libros, internet, etc. complementadas con outras actividades como charlas, itinerarios naturais, etc. que permitan aos alumnos o contacto e o coñecemento sobre o medio ambiente.

Ademais do material de apoio típico, artigos, documentais, o uso de internet é unha parte importante da materia.

4.1.4.8.- AS UNIDADES. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES, INDICADORES DE LOGRO, PESO NA CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS, E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

UNIDADE 1. O UNIVERSO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Nesta primeira unidade os alumnos coñecerán os elementos que compoñen o universo (estrelas, galaxias e nebulosas). Deteranse na análise do movemento do universo e das forzas que o provocan. Tamén aprenderán de que están feitas as estrelas e cal é a técnica que nos procura ese coñecemento. Analizarán as fases da evolución estelar desde a súa orixe ao seu final. Coñecerán e examinarán os buracos negros e as incógnitas que sobre eles se nos expoñen. Prestarán especial atención á análise de cuestións

abertas relacionadas co estudo do universo. Como traballo cooperativo elaborarán un mural sobre o universo. Como tarefa final debaterán sobre o custo da exploración espacial achegando argumentos a favor e en contra utilizando os coñecementos adquiridos ao longo da unidade.

CONTIDOS CURRICULARES

B1.2. Ciencia, tecnoloxía e sociedade. Perspectiva histórica.

B1.3. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes e presentación utilizando medios diversos.

B2.1. Orixe do universo: o Sistema Solar, a Terra, a vida e a evolución. Teorías científicas fronte a opinións e crezas; perspectiva histórica.

B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS		TRANSVERSAIS						
							ACTIVIDADES PRÁCTICAS	PARTICIPACIÓN AULA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.	
a f l ñ	B1.2. Valorar a importancia da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na actividade cotiá.	CAA CCEC	CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia.	<ul style="list-style-type: none"> •Realiza proxectos de investigación científica de forma individual ou cooperativa, extraendo información de diversas fontes, seguindo as fases de identificación do obxectivo, planificación e elaboración. • 	50	10	X	X	X	X			X		
a b e f g h o	B1.3. Comunicar conclusións e ideas en distintos soportes a públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación, para transmitir opinións propias argumentadas.	CCL CD CAA CSIEE	CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análises das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións.	<ul style="list-style-type: none"> •Comprende e interpreta información de textos de divulgación científica, imaxes, gráficos e extrae conclusións adecuadas que comunica de forma oral e por escrito nos seus traballos e exposicións de clase. 	50	10	X	X					X		
f	B2.1. Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co Universo, o Sistema Solar, a Terra, a orixe da vida e a evolución das especies, daquelas baseadas en opinións ou crenzas.	CMCCT	CCIB2.1.1. Describe as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e establece os argumentos que as sustentan.	<ul style="list-style-type: none"> •Identifica e explica en que consisten as diferentes teorías científicas do universo. 	100	10	X	X			X		X		
f	B2.2. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo, e en particular a teoría do Big Bang.	CMCCT	CCIB2.2.1. Recoñece a teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo.	<ul style="list-style-type: none"> •Explica a formación das primeiras estrelas e das galaxias a través da teoría do big bang. 	100	10	X	X			X		X		
		CMCCT	CCIB2.2.2. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual do Universo.	<ul style="list-style-type: none"> •Coñece os principais acontecementos que deron orixe ao Universo. 	100	10	X	X					X		
f	B2.3. Describir a organización do Universo e como se agrupan as estrelas e pos planetas.	CMCCT	CCIB2.3.1. Establece a organización do Universo coñecido, e sitúa nel o sistema solar.	<ul style="list-style-type: none"> •Describe a organización do universo en estrelas, galaxias e nebulosas. 	100	10	X	X					X	X	
		CMCCT	CCIB2.3.2. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos máis salientables da Vía Láctea.	<ul style="list-style-type: none"> •Recoñece características da Vía Láctea e a súa situación respecto ao universo. 	100	10	X	X					X	X	
		CMCCT	CCIB2.3.3. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo.	<ul style="list-style-type: none"> •Identifica a materia escura e recoñece a súa importancia para explicar a estrutura do universo. 	100	10	X	X					X	X	
4.1.4.11.- SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO

Nas reunións de Departamento farase o seguimento das programacións e determinarase:

- Se se está desenvolvendo con normalidade dentro dos tempos previstos.
- Ver se os alumnos asimilan os contidos tal e como está establecido.
- Estudar posibles melloras para o curso próximo unha vez rematado o curso.
- En caso necesario, alterar a secuenciación ou outros aspectos oportunos das unidades didácticas que se consideran favorecedores da comprensión dos temas tratados.

Valorase se estan a desenvolverse con normalidade ou se é necesario (e posible) introducir algún/s cambio, tomarase nota. Neste sentido hai que lembrar que a temporalización e a secuenciación, de cada unidade didáctica, son flexibles e modificables segundo as necesidades que se vaian observando no desenvolvemento da mesma, sen que isto prexudique ao desenvolvemento desta Programación.

Ao final de curso cubriremos un documento como o seguinte. Poderase modificar, engadir ou quitar indicadores segundo as necesidades que se observen ao longo do curso.

A valoración 1 será a óptima, 2 mellorable (modificar so algúns detalles), 3 necesario cambio.

MATERIA:	CURSO:		
PROFESORA:	FECHA:		
EVALUACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES	1	2	3
A programación didáctica fai un plantaxemento adecuado das unidades didácticas a partir do currículo.			
A secuenciación e a temporalización é a adecuada.			
A concreción de contenidos, criterios y estándares para cada unidade é a adecuada.			
En xeral consíguense todos os obxectivos previstos para o curso			
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.			
Os materiais didácticos son os adecuados.			
O libro de texto é o adecuado.			
As prácticas de laboratorio son as adecuadas.			
A atención á diversidade cumpre o seu obxectivo			
A dinámica de aula permite a participación de todo o alumnado por igual.			
Son adecuadas aos obxectivos da programación as actividades para casa.			
O número de exames realizados é o adecuado.			
As actividades extraescolares cumpren o seu obxectivo.			

4.1.4.12.- SEGUIMIENTO DA PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO

Para **valorar a práctica docente** cubrirase a seguinte táboa, cada profesora dunha materia terá que entregala a final do curso.

MATERIA:	CURSO:	
PROFESORA:	FECHA:	
PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES	SI	NON
Respectouse a distribución temporal dos contidos por avaliacións.		
Aplicouse a metodoloxía didáctica programada.		
Tivéronse en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarios para aprobar a materia.		
Aplicáronse os procedementos de avaliación programados axustados aos criterios		
Aplicáronse medidas de atención á diversidade aos alumnos que as necesitaban.		
Leváronse a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores segundo a túa responsabilidade.		
Leváronse a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.		
Puxéronse en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.		
Utilizáronse os materiais e recursos didácticos programados.		
Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas.		
OBSERVACIÓNS:		

4.2. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO BACHARELATO

OBXECTIVOS CURRICULARES DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.2.1. PROGRAMACIÓN DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 1º BACHARELATO

4.2.1.1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

En primeiro de bacharelato hai matriculados un total de 68 alumnos, dos cales 19 cursarán no presente curso a materia de Bioloxía e Xeoloxía.

No Bacharelato, a materia de Bioloxía e Xeoloxía profundiza nos coñecementos adquiridos na Educación Secundaria Obrigatoria, analizando con maior detalle a organización dos seres vivos, a súa biodiversidade, a súa distribución e os factores que nela inflúen, así como o comportamento da Terra como un planeta en continua actividade.

A Xeoloxía toma como fío condutor a teoría da tectónica de placas. A partir dela farase énfase na composición, estrutura e dinámica do interior terrestre, para continuar coa análise dos movementos das placas e as súas consecuencias: expansión oceánica, relevo terrestre, magmatismo, riscos xeolóxicos, entre outros... e finalizarase co estudo da xeoloxía externa.

A Bioloxía expónse co estudo dos niveis de organización dos seres vivos: composición química, organización celular e estudo dos tecidos animais e vexetais. Tamén se desenvolve e completa nesta etapa o estudo da clasificación e organización dos seres vivos, e moi en especial desde o punto de vista do seu funcionamento e adaptación ao medio no que habitan.

4.2.1.2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal coma indican as instrucións dictadas pola Unión Europea, as materias do Departamento contribuirán a alcanzar as competencias clave para a aprendizaxe permanente tal coma se indica a continuación:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

A terminoloxía usada en Bioloxía e Xeoloxía permitirá ao alumnado a adoptar esta linguaxe e os seus termos para utilízalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Así mesmo, a comunicación dos resultados de investigacións e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**. As lecturas e os debates que se levarán a cabo en todos os temas da materia permitirán tamén a familiarización e o uso da linguaxe científica.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS CLAVE EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)

Son competencias claves na materia, os alumnos aplicarán estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Esta competencia fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que os alumnos se familiaricen cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo da bioloxía e da xeoloxía que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

APRENDER A APRENDER (CAA)

A adquisición da **competencia para aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

Esta materia favorece o traballo en grupo para a resolución de actividades e o traballo de laboratorio, fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos riscos da ciencia e da tecnoloxía e permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas relacionados co avance científico e tecnolóxico.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

O método científico esixe **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, xa que, desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións, faise necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

A elaboración de modelos que representen aspectos da natureza, a observación e a apreciación da beleza natural e da harmonía dunha paisaxe, etc., son exemplos dalgunhas das habilidades plásticas que se empregan no traballo da Bioloxía e Xeoloxía de 1.º de Bacharelato, o que contribúe ao desenvolvemento da **conciencia e expresións culturais** ao fomentar a sensibilidade e a capacidade estética dos alumnos.

4.2.1.3.- OBXECTIVOS DA MATERIA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 1º BACHARELATO

- Coñecer os conceptos, teorías e modelos máis importantes e xerais da bioloxía e a xeoloxía, de xeito que o alumnado poida ter unha visión global do campo de coñecemento que aborda e dar unha posible explicación dos fenómenos naturais, aplicando estes coñecementos a situacións reais e cotiás.
- Elaborar, cos datos que se coñecen do interior da Terra, unha hipótese explicativa sobre a súa composición, o seu proceso de formación e a súa dinámica.
- Recoñecer que a visión globalizadora e unificante que propón a teoría da tectónica de placas permite explicar coherentemente fenómenos como a variación da posición dos continentes, a formación de cordilleiras e rochas e a dinámica interna do planeta, e contribúe a explicar a distribución dos seres vivos.
- Coñecer os procesos da xeodinámica externa (que dan lugar á formación das rochas sedimentarias e á súa alteración) e a súa interacción coa xeodinámica interna (da que derivan procesos como a evolución do relevo ao longo do tempo, a formación desolos e paisaxes, a xeración de riscos xeolóxicos, etc.).
- Realizar unha aproximación aos diversos modelos de organización dos seres vivos, á súa estrutura e funcionamento, entendéndoos como o resultado de distintas estratexias adaptativas ao medio natural.
- Coñecer a diversidade dos seres vivos e ser quen de incorporar o coñecemento dos procesos evolutivos para explicar a súa orixe.
- Integrar a dimensión social e matemática da bioloxía e a xeoloxía comprendendo as vantaxes e problemas que o seu desenvolvemento lle formula ao medio natural, ao ser humano e á sociedade e a posibilidade de contribuír á conservación e protección do medio natural e social.
- Utilizar con certa autonomía destrezas de investigación, tanto documentais como experimentais (formular problemas, formular e contrastar hipóteses, realizar experiencias, etc.) recoñecendo o carácter da ciencia como proceso cambiante e dinámico.
- Desenvolver actitudes que se asocian ao traballo científico, tales como a busca de información, a capacidade crítica, a necesidade de verificación dos feitos, o cuestionamento do obvio e a apertura ante novas ideas, o traballo en equipo, a aplicación e difusión dos

coñecementos, etc. coa axuda das tecnoloxías da información e da comunicación cando sexa necesario.

4.2.1.4.- BLOQUES DE CONTIDOS QUE SE ABORDAN EN BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 1º BACHARELATO

- BLOQUE 1. Os seres vivos: composición e función
- BLOQUE 2. A organización celular
- BLOQUE 3. Histoloxía
- BLOQUE 4. A biodiversidade
- BLOQUE 5. As plantas: funcións e adaptacións ao medio
- BLOQUE 6. Os animais: Funcións e adaptacións ao medio
- BLOQUE 7. Estrutura e composición da Terra
- BLOQUE 8. Os procesos xeolóxicos e petroxenéticos
- BLOQUE 9. Historia da Terra

4.2.1.5.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

No curso de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bach. os contidos divídense en 17 unidades: No presente curso empezárase o temario polos temas de xeoloxía. A decisión foi tomada porque por unha banda, é interesante tratar o tema da erupción na illa da Palma, a “fisioloxía” da mesma e as consecuencias na sociedade dos riscos xeolóxicos.

1ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 13. Estrutura interna e composición da Terra.
- UNIDADE 14. Tectónica de Placas.
- UNIDADE 15. Magmatismo e Tectónica de Placas.
- UNIDADE 16. Manifestacións da dinámica litosférica.
- UNIDADE 17. Procesos externos e as rochas que as orixinan.

-

2ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 1. A natureza básica da vida.
- UNIDADE 2. Organización celular dos seres vivos.
- UNIDADE 3. Organización pluricelular dos seres vivos.
- UNIDADE 4. A biodiversidade: Orixe e conservación.
- UNIDADE 5. A clasificación dos seres vivos.
- UNIDADE 6. A nutrición das plantas.

3ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 7. A nutrición en animais I: Respiración e dixestión.
- UNIDADE 8. A nutrición en animais II: Circulación e excreción.
- UNIDADE 9. Relación e reprodución nas plantas
- UNIDADE 10. Relación e coordinación en animais
- UNIDADE 11. A reprodución nos animais.
- UNIDADE 12. A historia da vida e da Terra.

4.2.1.6.- METODOLOXÍA

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía propón unha metodoloxía na que o alumno constrúe a súa propia aprendizaxe, elabora os seus propios modelos de coñecemento, incidindo con isto na autonomía persoal.

Os contidos e as capacidades adquiridas han de poder ser empregadas na vida real, trátase de que o alumno poida trasladar a súa aprendizaxe a outros ámbitos diferentes.

No caso dos contidos de Bioloxía e Xeoloxía, debemos facer un esforzo para integralos dun modo estruturado ao longo do ciclo de xeito que o alumno os incorpore a vida diaria, realizárase en clases teóricas e prácticas,

fomentando o traballo en equipo de xeito que os alumnas e alumnos poidan reflexionar e asimilar a información adquirida.

Para a adquisición de novos coñecementos utilizarase medios audiovisuais: ordenadores, fontes habituais de información científica: xornais, revistas, libros, internet, etc. complementadas con outras actividades como conferencias, itinerarios naturais etc. que permitan aos alumnos o contacto e o coñecemento sobre o medio ambiente.

A metodoloxía de traballo que seguimos baséase nos seguintes principios:

- Diagnóstico de coñecementos previos, tanto ao principio do curso, coma durante o mesmo, cunhas preguntas breves orais ao iniciar cada tema, que poden ser as propostas polo libro ou relacionadas con lecturas, vídeos, actividades interactivas, etc.
- Tomar como punto de partida a observación, as experiencias, o plantexamento de problemas ou hipóteses. Esta actividade facilita rastrear os coñecementos previos e detectar erros e representacións incorrectas.
- Trataranse os diferentes temas procurando que o alumnado busque por si mesmo a información cando o grado de dificultade o permita e recorrendo á profesora cando sexa necesario.
- Fomentar a aprendizaxe asociada á práctica e á vida. Evitar que sexa só de tipo verbal e dotada de significado.
- Afondar no método científico.
- Favorecer o traballo participativo e en grupo, as postas en común e o debate entre diferentes posturas, partindo do respecto.
- Desenvolver a autoestima do alumnado.
- Ter en conta a diversidade, propor actividades de reforzo para os que teñan dificultades no aprendizaxe.
- Fomentar a habituación co material de experimentación sinxelo.

4.2.1.7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de alumnado e o da editorial SM.

No presente curso todos os materiais e recursos didácticos adaptaranse á actual situación de pandemia que estamos a vivir, en cada momento e circunstancia valorarase a utilización segura dos mesmos. De maneira habitual, ademais do libro de texto, os medios e recursos utilizados son os seguintes:

Para a adquisición de novos coñecementos utilizarase medios audiovisuais: presentacións, fragmentos de cine científico, así como outras fontes habituais de información científica: xornais, revistas, libros, internet, etc. complementadas con outra actividades como charlas.

O alumnado disporá dun curso virtual (aula virtual) na que se subirá todo o material que sexa necesario para a consecución da programación, servindo ademais de plataforma para a entrega de tarefas e realización de probas segundo a consideración da profesora da materia, así coma para a difusión da parte relevante da programación da materia. O emprego da mesma pode variar segundo as circunstancias e medidas que estipulen en cada momento as administracións, adaptando a súa utilización segundo as instrucións que se marquen desde o Ministerio de Educación, a Consellería de Educación e a Dirección do centro a través do Plan de Contixencia.

Para a adquisición de novos coñecementos utilizarase medios audiovisuais: presentacións, fragmentos de cine científico, así como outras fontes habituais de información científica: xornais, revistas, libros, internet, etc.

Mención especial merece o laboratorio. Aínda que de maneira habitual sempre se plantexa a asistencia ao laboratorio, xa que favorece que se familiaricen co método científico, co traballo experimental e co traballo en grupo, ademais da toma de responsabilidades, no presente curso o uso do mesmo estará moi limitado e condicionado pola necesidade de garantir a saúde de todos e pola pouca dispoñibilidade de material para uso individual.

4.2.1.8.- AS UNIDADES. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES, INDICADORES DE LOGRO, PESO NA CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS, E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

UNIDADE 1. A NATUREZA BÁSICA DA VIDA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos van estudar os seres vivos, obxecto de estudo da bioloxía. Aprenderán cales son os principais compoñentes do organismo e valorarán a

importancia dos glúcidos, dos lípidos e das proteínas. Coñecerán os ácidos nucleicos e relacionaranos coa información xenética.

CONTIDOS CURRICULARES

B1.1. Niveis de organización dos seres vivos.

B1.2. Características dos seres vivos: funcións de nutrición, relación e reprodución.

B1.3. Concepto de bioelemento e biomolécula.

B1.4. Clasificación dos bioelementos e das biomoléculas.

B1.5. Estrutura, composición química e propiedades das biomoléculas.

B1.5. Estrutura, composición química e propiedades das biomoléculas.

B1.6. Relación entre estrutura e funcións biolóxicas das biomoléculas.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
e i	B1.1. Especificar as características dos seres vivos.	CCL	BXB1.1.1. Describe as características dos seres vivos: funcións de nutrición, relación e reprodución.	<ul style="list-style-type: none"> Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade como bioelemento, biomolécula, oligoelemento, monosacárido, aminoácido, nucleótido... Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre os compoñentes da vida, mediante a resolución das distintas actividades que se piden na unidade. Realiza textos con corrección para elaborar o resumo final da unidade. Efectúa a lectura comprensiva da lectura inicial e extrae as ideas principais. Mostra iniciativa á hora de intervir no debate asociado ao vídeo que se propón na unidade e respecta as opinións alleas. Coñece as características dos seres vivos. Sinala características que os seres vivos comparten coa materia inerte. Explica a importancia da auga para os seres vivos. 	100	20	X	X	X	X	X				
l	B1.2. Distinguir bioelemento, oligoelemento e biomolécula.	CAA CMCCT	BXB1.2.1. Identifica e clasifica os bioelementos e as biomoléculas presentes nos seres vivos.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece os principais bioelementos e a importancia do carbono. Identifica os bioelementos e as biomoléculas dos seres vivos. Busca a distribución dos elementos químicos na materia. 	100	20	X	X	X	X	X				
l d	B1.3. Diferenciar e clasificar os tipos de biomoléculas que constitúen a materia viva, e relacionalos coas súas respectivas funcións biolóxicas na célula.	CAA CMCCT	BXB1.3.1. Distingue as características fisicoquímicas e as propiedades das moléculas básicas que configuran a estrutura celular, e destaca a uniformidade molecular dos seres vivos.	<ul style="list-style-type: none"> Diferencia os tipos de biomoléculas que constitúen a materia viva e relaciónaas coas súas funcións biolóxicas na célula. 	100	20	X	X	X	X	X				
d i	B1.4. Diferenciar os monómeros constituíntes das macromoléculas orgánicas.	CAA	BXB1.4.1. Identifica os monómeros constituíntes das macromoléculas orgánicas.	<ul style="list-style-type: none"> Distingue as moléculas sinxelas compoñentes das macromoléculas. Identifica os monómeros das macromoléculas orgánicas. Elabora táboas coas estruturas, propiedades e funcións das moléculas. 	100	20	X	X	X	X	X				

UNIDADE 2. ORGANIZACIÓN CELULAR DOS SERES VIVOS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos identificarán a célula como a estrutura máis sinxela que pode realizar funcións vitais e describirán como se divide.

CONTIDOS CURRICULARES

B2.1. A célula como unidade estrutural, funcional e xenética.

B2.2. Modelos de organización celular: célula procariota e eucariota; célula animal e célula vexetal.

B2.3. Estrutura e función dos orgánulos celulares.

B2.4. Planificación e realización de prácticas de laboratorio. Observación microscópica de células eucariotas animais e vexetais.

B2.5. Ciclo celular. División celular: mitose e meiose. Importancia na evolución dos seres vivos.

UNIDADE 3. ORGANIZACIÓN PLURICELULAR DOS SERES VIVOS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos van estudar os modelos de organización en animais e en fungos, plantas e algas; clasificarán segundo a súa función os tipos de tecido epitelial que recubre o corpo dos animais; estudarán os tecidos conectivos e as súas funcións de sostén e protección; os tecidos musculares; o tecido nervioso. Identificarán tamén os tipos de tecidos vexetais. Os alumnos tamén prepararán unha mostra de tecido epitelial para observala nun microscopio.

CONTIDOS CURRICULARES

- B3.1. Concepto de tecido, órgano, aparello e sistema.
- B3.2. Principais tecidos animais: estrutura e función.
- B3.3. Principais tecidos vexetais: estrutura e función.
- B3.4. Observacións microscópicas de tecidos animais e vexetais.

UNIDADE 4. A BIODIVERSIDADE: ORIXE E CONSERVACIÓN

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos van estudar nesta unidade a importancia da biodiversidade. Estudarán os tres niveis nos que se define e valorarán a importancia do seu mantemento para a supervivencia. Recoñecerán as actividades humanas como a principal causa da perda de biodiversidade e proporán solucións para evitala. Observarán e interpretarán mapas para comprender como se distribúe a biodiversidade e poderán describir os factores que inflúen na súa distribución. Comprobarán que España é o país con maior biodiversidade da Unión Europea. Aprenderán a realizar cálculos de biodiversidade.

CONTIDOS CURRICULARES

B4.1. Clasificación e nomenclatura dos seres vivos. Grandes grupos taxonómicos.

B4.2. Concepto de biodiversidade. Índices de biodiversidade.

B4.4. Grandes zonas bioxeográficas.

B4.5. Patróns de distribución. Principais biomas. Os biomas galegos.

B4.4. Grandes zonas bioxeográficas.

B4.5. Patróns de distribución. Principais biomas. Os biomas galegos.

B4.4. Grandes zonas bioxeográficas.

B4.5. Patróns de distribución. Principais biomas. Os biomas galegos.

B4.6. Factores xeolóxicos e biolóxicos que inflúen na distribución dos seres vivos.

B4.8. Ecosistemas da Península Ibérica. Ecosistemas de Galicia.

B4.9. Importancia ecolóxica das illas e a súa relación coa biodiversidade.

B4.10. Concepto de endemismo. Principais endemismos da Península Ibérica e de Galicia.

B4.11. Importancia biolóxica da biodiversidade.

B4.12. Causas da perda de biodiversidade.

B4.13. O factor antrópico na conservación da biodiversidade.

B4.13. O factor antrópico na conservación da biodiversidade.

B4.14. Estudo dun ecosistema. Cómputo da biodiversidade.

B4.7. A evolución como fonte de biodiversidade. Proceso de especiación.

B4.7.A evolución como fonte de biodiversidade. Proceso de especiación.

B4.8. Ecosistemas da Península Ibérica. Ecosistemas de Galicia.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS						
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.	
d l p	B4-1. Coñecer os grandes grupos taxonómicos de seres vivos.	CMCCT	BXB4.1.1. Identifica os grandes grupos taxonómicos dos seres vivos.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica os grandes grupos taxonómicos dos seres vivos. 	100	3	X	X	X	X	X	X	X	X		
e a	B4.3. Definir o concepto de biodiversidade e coñecer e identificar os principais índices de cálculo de diversidade biolóxica.	CCEC	BXB4.3.1. Coñece o concepto de biodiversidade e relación coa variedade e a abundancia de especies.	<ul style="list-style-type: none"> Define biodiversidade. Explica a variedade e abundancia de especies. Indica que ecosistemas presentan maior diversidade. 	100	3	X	X	X	X	X			X	X	
		CAA CMCCT	BXB4.3.2. Resolve problemas de cálculo de índices de diversidade.	<ul style="list-style-type: none"> Aplica ecuacións matemáticas para resolver problemas de cálculo de índice de diversidade. 	100	2	X	X	X	X	X					
		CAA CSC	BXB4.3.3. Aprecia o reino vexetal como desencadeante da biodiversidade.	<ul style="list-style-type: none"> Entende e explica a importancia dos produtores no sostemento da vida. Explicar o papel das plantas na modificación da composición da atmosfera e a colonización do medio aéreo. 	100	3	X	X	X	X	X					
h i	B4.5. Situar as grandes zonas bioxeográficas e os principais biomas.	CMCCT CCEC	BXB4.5.1. Identifica os grandes biomas e sitúa sobre o mapa as principais zonas bioxeográficas.	<ul style="list-style-type: none"> Define bioma e sitúa sobre un mapa os principais biomas terrestres. Identifica os principais biomas de Galicia. 	100	3	X	X	X	X	X	X	X	X		
		CAA CD	BXB4.5.2. Diferencia os principais biomas e ecosistemas terrestres e mariños.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica os principais biomas da Terra. 	100	5	X	X	X	X	X	X	X	X		
h i p	B4.6. Relaciona as zonas bioxeográficas coas principais variables climáticas.	CCL CSC	BXB4.6.1. Recoñece e explica a influencia do clima na distribución de biomas, ecosistemas e especies.	<ul style="list-style-type: none"> Realiza unha táboa na que expón de modo comparativo as características xerais da vexetación e da fauna dos principais ecosistemas (deserto polar, tundra, taiga, bosque caducifolio, bosque mediterráneo, estepa, deserto, sabana, selva tropical, etc.). Indica zonas de maior biodiversidade. 	100	2	X	X	X	X	X			X		
		CMCCT	BXB4.6.2. Identifica as principais variables climáticas que inflúen na distribución dos grandes biomas.	<ul style="list-style-type: none"> Relaciona biomas con variables climáticas. Menciona adaptacións de diferentes especies segundo o clima. 	100	5	X	X	X	X	X		X	X		
l p	B4.7. Interpretar mapas bioxeográficos e determinar as formacións vexetais correspondentes.	CD CMCCT	BXB4.7.1. Interpreta mapas bioxeográficos e de vexetación.	<ul style="list-style-type: none"> Define bioxeografía e rexión bioxeográfica. Identifica nun mapa a distribución dos vexetais sobre a Terra. 	100	2	X	X	X	X	X					
		CAA	BXB4.7.2. Asocia e relaciona as principais formacións vexetais cos biomas correspondentes.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende a relación entre a distribución da vexetación e o clima. 	100	3	X	X	X	X	X					

d	B4.8. Valorar a importancia da latitude, a altitude e outros factores xeográficos na distribución das especies.	CMCCT CD	BXB4.8.1. Relaciona a latitude, a altitude, a continentalidade, a insularidade e as barreiras oroxénicas e mariñas coa distribución das especies.	•Comprende a influencia de factores biolóxicos e xeolóxicos na distribución das especies.	100	3	X	X	X	X	X	X				
l	B4.9. Relacionar a biodiversidade co proceso evolutivo.	CAA CSC	BXB4.9.1. Relaciona a biodiversidade co proceso de formación de especies mediante cambios evolutivos.	•Coñece os principais fitos no desenvolvemento das teorías evolucionistas e comprender o concepto de biodiversidade e as teorías que explican a súa orixe. •Coñecer a orixe da vida. •Diferenciar os argumentos utilizados por teorías fixistas e evolucionistas. •Saber comparar as teorías de Lamarck e Darwin. •Enunciar os puntos principais da teoría sintética da evolución. •Interpretar datos relativos aos diversos argumentos a favor da evolución.	100	10	X	X	X	X	X				X	
		CMCCT	BXB4.9.2. Identifica o proceso de selección natural e a variabilidade individual como factores clave no aumento de biodiversidade.	•Indica os principios mediante os cales actúa a selección natural.	100	3	X	X	X	X	X					
e	B4.10. Describir o proceso de especiación e enumerar os factores que o condicionan.	CCL	BXB4.10.1. Enumera as fases da especiación.	•Define especiación e cita algún mecanismo que favoreza ou induza a aparición de novas especies.	100	3	X	X	X	X	X				X	
			BXB4.10.2. Identifica os factores que favorecen a especiación.	•Enuncia exemplos de adaptacións estruturais, dous de adaptacións fisiolóxicas e dous de adaptacións do comportamento.	100	3	X	X	X	X	X					
h l p	B4.11. Recoñecer e indicar a importancia bioxeográfica da Península Ibérica no mantemento da biodiversidade e a aportación de Galicia á biodiversidade.	CSIEE CD	BXB4.11.1. Sitúa a Península Ibérica e recoñece a súa situación entre dúas áreas bioxeográficas diferentes.	•Entende as consecuencias de encontrarse entre dúas zonas bioxeográficas.	100	3	X	X	X	X	X					
		CSC CCEC	BXB4.11.2. Recoñece a importancia da Península Ibérica como mosaico de ecosistemas.	•Explica a variabilidade de ecosistemas da península Ibérica.	100	3	X	X	X	X	X			X		
		CAA CCEC	BXB4.11.3. Enumera os principais ecosistemas da Península Ibérica e de Galicia, e as súas especies máis representativas.	•Relaciona especies representativas con ecosistemas.	100	3	X	X	X	X	X				X	
i l p	B4.12. Coñecer e indicar a importancia das illas como lugares que contribúen á biodiversidade e á evolución das especies.	CAA CMCCT	BXB4.12.1. Enumera os factores que favorecen a especiación nas illas.	•Explica a relación entre illamento e especiación.	100	3	X	X	X	X	X					
		CCEC	BXB4.12.2. Recoñece a importancia das illas no mantemento da biodiversidade.	•Entende a relación entre illamento-especiación-biodiversidade.	100	3	X	X	X	X	X					
e g p	B4.13. Definir o concepto de endemismo, e coñecer e identificar os principais endemismos da flora e da fauna españolas e galegas.	CMCCT	BXB4.13.1. Define o concepto de endemismo ou especie endémica.	•Define endemismo. •Explica por que hai tantas especies endémicas nas illas.	100	2	X	X	X	X	X					
		CCEC	BXB4.13.2. Identifica os principais endemismos de plantas e animais en España e en Galicia.	•Identifica os principais endemismos da Península e de Galicia.	100	2	X	X	X	X	X					
l	B4.14. Coñecer e relacionar as	CAA	BXB4.14.1. Enumera as vantaxes que se	•Recoñece a importancia de manter a	100	5	X	X	X	X	X					X

b h ñ	aplicacións da biodiversidade en campos como a saúde, a medicina, a alimentación e a industria.	CSC	derivan do mantemento da biodiversidade para o ser humano.	biodiversidade para o equilibrio do ecosistema, obtención de medicamentos, novos alimentos saudables, evitar proliferación masiva de especies e novas especies para utilización en procesos industriais.												
a b h	B4.15. Coñecer e indicar as principais causas de perda de biodiversidade, así como as ameazas máis importantes para a extinción de especies.	CMCCT CSC	BXB4.15.1. Enumera as principais causas de perda de biodiversidade.	<ul style="list-style-type: none"> •Explica os principais factores causantes de perda de biodiversidade. •Explica por que a desaparición dunha especie provoca a extinción doutras. 	100	3	X	X	X	X	X					X
		CSC	BXB4.15.2. Coñece e explica as principais ameazas que penden sobre as especies e que fomentan a súa extinción.	<ul style="list-style-type: none"> •Comprende que a actividade humana pode ser prexudicial para a biodiversidade. •Influencia de eventos naturais no mantemento da biodiversidade. Grandes extincions. 	100	2	X	X	X	X	X					X
a h	B4.16. Enumerar as principais causas de orixe antrópica que alteran a biodiversidade.	CAA CSC	BXB4.16.1. Enumera as principais causas de perda de biodiversidade derivadas das actividades humanas.	•Explica cales son os principais factores antrópicos que atacan a biodiversidade.	100	2	X	X	X	X	X					X
		CSIEE	BXB4.16.2. Indica as principais medidas que reducen a perda de biodiversidade.	•Enumera e entender cal é o código de buenas prácticas para manter a biodiversidade.	100	2	X	X	X	X	X					X
a c p	B4.17. Comprender e diferenciar os inconvenientes producidos polo tráfico de especies exóticas e pola liberación no medio de especies alóctonas ou invasoras.	CMCCT	BXB4.17.1. Coñece e explica os principais efectos derivados da introdución de especies alóctonas nos ecosistemas.	•Coñece e explica o perigo de introdución de especies exóticas nos ecosistemas e como actúan sobre estes e as consecuencias sobre o mantemento da biodiversidade.	100	2	X	X	X	X	X					X
e p	B4.18. Describir as principais especies e valorar a biodiversidade dun ecosistema próximo.	CCEC CSIEE CD	BXB4.18.1. Deseña experiencias para o estudo de ecosistemas e a valoración da súa biodiversidade.	•Explica a organización dun ecosistema/as próximo/s en canto a variedade de especies que o forman.	100	2	X	X	X	X	X					

UNIDADE 5. CLASIFICACIÓN DOS SERES VIVOS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos van estudar a orixe común dos organismos que existen sobre a Terra. Comprobarán que a evolución biolóxica é a responsable da biodiversidade, estudando os principios xenéticos da evolución por selección natural. Poderán explicar as adaptacións dos seres vivos ao medio. Entenderán a importancia de clasificar os seres vivos e coñecerán os criterios utilizados para realizar esta clasificación. Estudarán a evolución biolóxica coma un dos fundamentos da clasificación.

CONTIDOS CURRICULARES

B4.1. Clasificación e nomenclatura dos seres vivos. Grandes grupos taxonómicos.

B4.1. Clasificación e nomenclatura dos seres vivos. Grandes grupos taxonómicos.

B4.3. Características dos dominios e dos reinos dos seres vivos.

B5.12 ciclos biolóxicos dos principais grupos de plantas

B6.1. Funcións de nutrición nos animais

B6.11. Adaptacións dos animais ao medio

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
d i p	B4.1. Coñecer e indicar os grandes grupos taxonómicos de seres vivos.	CMCCT	BXB4.1.1. Identifica os grandes grupos taxonómicos dos seres vivos.	<ul style="list-style-type: none"> •Sinala os sistemas de clasificación que se poden utilizar para agrupar. •Explica os conceptos de taxon, especie, sistema binomial de nomenclatura, e analiza como se chegou á clasificación actual dos cinco reinos. os seres vivos e os criterios que se utilizan en cada un deles. 	100	10	X	X	X	X	X				
b d p	B4.2. Interpretar os sistemas de clasificación e nomenclatura dos seres vivos.	CAA CSIEE	BXB4.2.1. Coñece e utiliza claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e clasificación de especies de animais e plantas.	<ul style="list-style-type: none"> •Sinala os sistemas de clasificación que se poden utilizar para agrupar os seres vivos e os criterios que se utilizan en cada un deles. •Explica os conceptos de taxon, especie, sistema binomial de nomenclatura, e analiza como se chegou á clasificación actual dos cinco reinos. •Utiliza claves dicotómicas para clasificar e identificar distintos tipos de organismos. 	100	10	X	X	X	X	X	X	X	X	
		CAA CSC CSIEE	BXB4.2.2. Manexa e traballa cos sistemas de clasificación e a nomenclatura dos seres vivos.	<ul style="list-style-type: none"> •Explica os conceptos de taxon, especie, sistema binomial de nomenclatura, e analiza como se chegou á clasificación actual dos cinco reinos. •É consciente de que a clasificación dos seres vivos, e en especial dos microorganismos, contribuíu a curar moitas enfermidades. 	100	9	X	X	X	X	X				
l h	B4.4. Coñecer e indicar as características dos tres dominios e os cinco reinos en que se clasifican os seres vivos.	CAA CMCCT	BXB4.4.1. Recoñece os tres dominios e os cinco reinos en que agrupan os seres vivos.	<ul style="list-style-type: none"> •Sinala os sistemas de clasificación que se poden utilizar para agrupar os seres vivos e os criterios que se utilizan en cada un deles. •Explica os conceptos de taxon, especie, sistema binomial de nomenclatura, e analiza como se chegou á clasificación actual dos cinco reinos. 	100	9	X	X	X	X	X				
		CCL	BXB4.4.2. Enumera as características de cada un dos dominios e dos reinos en que se clasifican os seres vivos.	<ul style="list-style-type: none"> •Indica as características máis importantes do reino moneras, protoctistas, fungos, plantas e animal. 	100	50	X	X	X	X	X				
i j	B5-13. Diferenciar os ciclos biolóxicos de briófitas, pteridófitas e espermatófitas e as súas fases e estruturas características.	CMCCT	B5-13.1. Diferencia os ciclos biolóxicos de briófitas, pteridófitas e espermatófitas e as súas fases e estruturas características.	<ul style="list-style-type: none"> •Identifica as diferenzas entre os ciclos biolóxicos de briófitas, pteridófitas e espermatófitas e as súas fases e estruturas características. 	100	2	X	X	X	X	X				

		CMCCT CAA	B5-13.2. Interpreta esquemas, debuxos, gráficas e ciclos biolóxicos dos diferentes grupos de plantas.	•Interpreta un esquema da estrutura dos musgos.	100	2	X	X	X	X	X	X			
I	B6-1. Comprender os conceptos de nutrición heterótrofa e de alimentación.	CMCCT CAA	B6-1.2. Coñece as características da nutrición heterótrofa, distinguindo os tipos principais.	•Identifica a característica que fai que as esponxas sexan animais.	100	2	X	X	X	X	X				
I j	B6-29. Recoñecer as adaptacións máis características dos animais aos diferentes medios nos que habitan.	CMCCT CAA	B6-29.1. Identifica as adaptacións animais aos medios aéreos.	•Recoñece as adaptacións animais aos medios aéreos.	100	2	X	X	X	X	X				
		CMCCT CAA	B6-29.2. Identifica as adaptacións animais aos medios acuáticos.	•Identifica as adaptacións dos anfibios aos medios acuáticos.	100	2	X	X	X	X	X				
		CMCCT CAA	B6-29.3. Identifica as adaptacións animais aos medios terrestres.	•Diferencia as adaptacións dos réptiles e os anfibios aos medios terrestres.	100	2	X	X	X	X	X				

UNIDADE 6. A NUTRICIÓN DAS PLANTAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos van estudar a nutrición das plantas, describindo como realizan todo o proceso e identificando a parte da planta que intervén en cada fase. Valorarán a importancia da fotosíntese e aprenderán a deseñar e desenvolver unha experiencia sobre ese proceso. Saberán como sintetizan e almacenan as substancias e identificarán os tecidos secretores que eliminan as substancias de refugo nas plantas. Ademais, poderán recoller a información que proporciona a madeira que producen as árbores durante o seu crecemento.

CONTIDOS CURRICULARES

B5.1. Absorción da auga e os sales minerais nos vexetais.

B5.2. Funcións de nutrición nas plantas. Proceso de obtención e transporte dos nutrientes.

B5.3. Procesos de transpiración, intercambio de gases e gutación.

B5.5. Fotosíntese.

B5.6. Importancia biolóxica da fotosíntese.

B5.7. A excreción en vexetais. Tecidos secretores.

OBJETIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
e	B5.1. Describir como se realiza a absorción da auga e os sales minerais.	CAA CMCCT	BXB5.1.1. Describe a absorción da auga e os sales minerais.	<ul style="list-style-type: none"> •Explica os procesos de absorción da auga e dos sales minerais polas plantas. 	100	10	X	X	X	X	X				
i	B5.2. Coñecer e identificar a composición do zume bruto e os seus mecanismos de transporte.	CMCCT CCL	BXB5.2.1. Coñece e explica a composición do zume bruto e os seus mecanismos de transporte.	<ul style="list-style-type: none"> •Identifica e describe os procesos fisiolóxicos que se producen nas plantas para que circule o zume bruto e o zume elaborado 	100	10	X	X	X	X	X				
e	B5.3. Explicar os procesos de transpiración, intercambio de gases e gutación.	CMCCT CCL	BXB5.3.1. Describe os procesos de transpiración, intercambio de gases e gutación.	<ul style="list-style-type: none"> •Explica os procesos de transpiración, intercambio de gases e gutación. •Indica a función da cutina da epiderme das follas. •Sinala as diferenzas entre os parénquimas do mesófilo das follas. •Enumera as substancias gasosas que necesitan as plantas e explica os seus mecanismos de absorción. 	100	30	X	X	X	X	X				
i	B5.5. Comprender e diferenciar as fases da fotosíntese e os factores que afectan o proceso.	CAA CMCCT	BXB5.5.1. Detalla os principais feitos que acontecen durante cada fase da fotosíntese e asocia, a nivel de orgánulo, onde se producen.	<ul style="list-style-type: none"> •Describe os feitos que ocorren durante as fases da fotosíntese. •Establece relacións entre os órganos de acumulación de substancias en plantas e alimentos de orixe vexetal. •Coñecer os procesos fundamentais que gardan relación co proceso de fotosíntese. •Analiza esquemas da nutrición vexetal. 	100	30	X	X	X	X	X				
i	B5.6. Salientar a importancia biolóxica da fotosíntese.	CCL CSC	BXB5.6.1. Argumenta e precisa a importancia da fotosíntese como proceso de biosíntese, imprescindible para o mantemento da vida na Terra.	<ul style="list-style-type: none"> •Entende a importancia do sostemento da vida sobre a Terra. •Relaciona coa evolución da vida na Terra. 	100	10	X	X	X	X	X				X
e	B5.7. Explicar a función de excreción en vexetais e as substancias producidas polos tecidos secretores.	CMCCT	BXB5.7.1. Recoñece algún exemplo de excreción en vexetais.	<ul style="list-style-type: none"> •Recoñece que as plantas segregan substancias. 	100	5	X	X	X	X	X				
		CAA	BXB5.7.2. Relaciona os tecidos secretores e as substancias que producen.	<ul style="list-style-type: none"> •Coñece as características das hormonas e os procesos nos que interveñen. 	100	5	X	X	X	X	X				

UNIDADE 7. A NUTRICIÓN EN ANIMAIS I: RESPIRACIÓN E DIXESTIÓN

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos van estudar a nutrición nos animais. Identificarán os procesos dixestivos mediante os cales se incorporan os nutrientes ao organismo. Recoñecerán os órganos e procesos dixestivos dos invertebrados e dos vertebrados. Explicarán a respiración como parte da nutrición dos animais e identificarán as estruturas respiratorias de vertebrados e invertebrados. Aprenderán a medir o aire que respiramos e descubrirán de que se alimentan as aves mediante o estudo das egagrópilas.

CONTIDOS CURRICULARES

B6.4. Transporte de gases e respiración. Tipos de aparellos respiratorios. Respiración celular.

B6.5. Transporte de gases e a respiración. Tipos de aparellos respiratorios. Respiración celular.

B6.12. Aplicacións e experiencias prácticas de anatomía e fisioloxía animal.

B6.1. Funcións de nutrición nos animais.

B6.2. Estrutura e función dos aparellos dixestivos e as súas glándulas.

B6.2. Estrutura e función dos aparellos dixestivos e as súas glándulas.

B6.2. Estrutura e función dos aparellos dixestivos e as súas glándulas.

OBJETIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
i	B6.8. Distinguir respiración celular de respiración (ventilación e intercambio gasoso).	CAA CMCCT	BXB6.8.1. Diferencia respiración celular e respiración, e explica o significado biolóxico de respiración celular.	<ul style="list-style-type: none"> Entende a diferenza entre respiración e respiración celular. Explica a respiración celular e cal é o seu obxectivo. 	100	10	X	X	X	X	X				
l e	B6.9. Coñecer e indicar os tipos de aparellos respiratorios en invertebrados e vertebrados.	CD	BXB6.9.1. Asocia os aparellos respiratorios cos grupos aos que pertencen, e recoñéceos en representacións esquemáticas.	<ul style="list-style-type: none"> Explica todos os tipos de sistemas respiratorios. Explica os modelos de respiración. Identifica os seus principais modelos e características relacionándoos cos grupos de animais que os presentan. Explica como se produce o proceso da respiración pulmonar. 	100	20	X	X	X	X	X				
m g	B6.30. Realizar experiencias de fisioloxía e anatomía animal.	CSIEE	BXB6.30.1. Describe e realiza experiencias de fisioloxía e anatomía animal.	<ul style="list-style-type: none"> Pulmóns de coello. 	100	10	X	X	X	X	X			X	
l	B6.1. Comprender os conceptos de nutrición heterótrofa e de alimentación.	CCL CMCCT CAA	B6-1.2. Coñece as características da nutrición heterótrofa, distinguindo os tipos principais.	<ul style="list-style-type: none"> Explica as características da nutrición heterótrofa. Distingue os tipos principais da nutrición heterótrofa. 	100	10	X	X	X	X	X				
i	B6.2. Distinguir os modelos de aparellos dixestivos dos invertebrados.	CMCCT	BXB6.2.1. Recoñece e diferencia os aparellos dixestivos dos invertebrados.	<ul style="list-style-type: none"> Realiza e interpreta esquemas das estruturas dixestivas dos invertebrados. Explica como se realiza o intercambio de substancias en animais, enumera as etapas do proceso da nutrición. 	100	10	X	X	X	X	X				
i	B6.3. Distinguir os modelos de aparellos dixestivos dos vertebrados.	CMCCT	BXB6.3.1. Recoñece e diferencia os aparellos dixestivos dos vertebrados.	<ul style="list-style-type: none"> Describe o aparello dixestivo dos vertebrados e a súa función. Describe o aparello dixestivo en distintos tipos de vertebrados. 	100	10	X	X	X	X	X				
l ñ	B6.4. Diferenciar a estrutura e a función dos órganos do aparello dixestivo e as súas glándulas.	CAA	BXB6.4.1. Relaciona cada órgano do aparello dixestivo coa súa función.	<ul style="list-style-type: none"> Describe as etapas do proceso dixestivo e os procesos que nelas teñen lugar. Describe onde ocorre cada etapa do proceso dixestivo. 	100	20	X	X	X	X	X				
		CCL	BXB6.4.2. Describe a absorción no intestino.	<ul style="list-style-type: none"> Describe e entende a absorción de nutrientes no tubo dixestivo. 	100	10	X	X	X	X	X				

UNIDADE 8. A NUTRICIÓN EN ANIMAIS II: CIRCULACIÓN E EXCRECIÓN

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer as hormonas e as estruturas que as producen nos principais grupos de invertebrados.
- Definir o concepto de reprodución e diferenciar entre reprodución sexual e reprodución asexual.
- Coñecer os principais tipos de reprodución sexual e reprodución asexual, así como as súas vantaxes e inconvenientes.
- Identificar os órganos que forman o aparello reprodutor humano (masculino e feminino) e as súas funcións.
- Describir os procesos da gametogénesis.
- Coñecer os tipos de fecundación en animais e as súas etapas.
- Describir as distintas fases do desenvolvemento embrionario e os tipos de desenvolvemento postembrionario en animais.
- Comprender os diferentes tipos de ciclos biolóxicos.
- Entender o proceso da clonación, así como as súas aplicacións e repercusións.
- Coñecer as técnicas de intervención humana na reprodución.
- Definir o proceso de nutrición nas plantas.
- Describir como se realiza a absorción de auga e sales minerais.
- Coñecer a composición da savia bruta e os seus mecanismos de transporte.
- Describir os procesos de transpiración, intercambio de gases e gutación.

- Comprender as fases da fotosíntesis, os factores que a afectan e a súa importancia biolóxica.
- Coñecer a composición da savia elaborada e os seus mecanismos de transporte.
- Entender os procesos metabólicos nas plantas e o almacenamento de nutrientes.
- Coñecer a función de excreción en vexetais e as sustancias producidas polos tecidos secretores.
- Definir o proceso de regulación nas plantas mediante hormonas vexetais.
- Coñecer os diferentes tipos de fitohormonas e as súas funcións.
- Describir os tropismos e as nastias.
- Comprender os efectos da temperatura e da luz no desenvolvemento das plantas.
- Entender os mecanismos de reprodución asexual e a reprodución artificial nas plantas.
- Diferenciar os ciclos biolóxicos de briofitas, pteridofitas e espermafitas e as súas fases e estruturas características.
- Entender os procesos de polinización e de fecundación en plantas angiospermas, a súa semente e o seu froito.
- Coñecer os mecanismos de diseminación das sementes e os tipos de germinación.
- Comprender o papel da xeoloxía como ciencia e as súas distintas fases de traballo.
- Coñecer o funcionamento e utilidade do microscopio petrográfico, así como a preparación de mostras.
- Entender os métodos directos e indirectos utilizados para o estudo do interior terrestre.
- Describir a utilidade dos sistemas de información xeográfica e a teledetección.
- Coñecer os criterios de división do tempo xeolóxico e os materiais característicos das eras.

- Comprender os métodos de datación absoluta e relativa aplicados en procesos xeolóxicos.
- Interpretar os compoñentes dun mapa topográfico ou xeolóxico.
- Entender os conceptos de xeocronoloxía absoluta e relativa, contactos concordantes e discordantes.
- Coñecer a estrutura e composición do interior terrestre; as súas capas e discontinuidades.
- Definir os procesos de magnetismo terrestre, atracción gravitatoria e as súas anomalías.
- Coñecer a estrutura e composición da litosfera e da astenosfera.
- Describir os procesos que orixinaron a enerxía térmica da Terra.
- Analizar as correntes de convección do interior terrestre como consecuencia do gradiente geotérmico.
- Describir a atmosfera, a súa orixe, evolución e a composición actual.
- Identificar a estrutura da atmosfera.
- Definir a hidrosfera, os seus efectos sobre o clima e as consecuencias das correntes oceánicas.
- Coñecer a interacción da biosfera cos demais sistemas do planeta.
- Definir os procesos que achegan calor á Terra e o concepto de gradiente geotérmico.
- Coñecer as ideas fijistas sobre a orixe dos relevos.
- Identificar a teoría de deriva continental de Wegener.
- Aprender as características das dorsais oceánicas.
- Comprender o proceso de subducción.
- Saber cales son os tipos de placas litosféricas, a súa actividade xeolóxica e os procesos que ocorren entre elas.
- Entender os procesos relacionados coa dinámica sublitosférica.

- Diferenciar entre os procesos xeolóxicos intraplaca na litosfera oceánica e na continental.
- Coñecer a composición do magma e os factores que inflúen no magmatismo.
- Establecer a relación entre o magmatismo e a tectónica de placas.
- Describir os diferentes tipos de magmas e o seu proceso.
- Coñecer as estruturas resultantes do emprazamento dos magmas en profundidade e en superficie.
- Diferenciar os tipos de actividade volcánica.
- Definir o proceso de metamorfismo, factores que lle afectan e os seus tipos.
- Coñecer as características das rochas magmáticas e metamórficas; os seus tipos e utilidades.
- Entender as diferentes deformacións nas rochas; pliegues, diaclasas e fallas.
- Identificar os riscos xeolóxicos derivados dos procesos internos. Vulcanismo e sismicidade.
- Coñecer o proceso de meteorización das rochas.
- Entender a edafización.
- Comprender os procesos da mobilización dos clastos.
- Definir os tipos de estruturas sedimentarias e ambientes sedimentarios.
- Comprender a diagénesis e as súas fases.
- Definir a fosilización e os cambios que se producen.
- Coñecer a clasificación das rochas sedimentarias.
- Identificar os minerais petroxenéticos e industriais máis abundantes.
- Entender os riscos xeolóxicos existentes ligados aos procesos externos.

- Coñecer os efectos da actividade humana sobre a cortiza terrestre.
- Coñecer a orixe do universo e do Sistema Solar.
- Entender os procesos de formación da Terra e a Lúa.
- Describir os principais acontecementos que ocorreron no Precámbrico.
- Aprender os acontecementos xeolóxicos e biolóxicos fundamentais do Fanerozoico.
- Coñecer a evolución da nosa especie.
- Interpretar cortes xeolóxicos, oroxenias e discordancias.
- Comprender o estado actual do noso planeta como consecuencia da actividade humana.

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS QUE NON ASISTIRON A CLASES

Aqueles alumnos que non puideron asistir con regularidade ás clases por motivos xustificables (entendendo xustificables os involuntarios, coma por ex. unha enfermidade, que deberán xustificar con algún tipo de documento médico) terán que:

- Presentar un traballo referido os contidos que se traballaron na aula durante o período de ausencia e realizar unha proba referida aos mesmos.
- Facer unha proba (que pode ser oral si as circunstancias así o requiren) por avaliación, facilitándoselles previamente a información requirida para unha correcta realización da mesma. As datas serán escollidas tendo en conta o calendario escolar.

Estes dous requisitos teranse que levar a cabo os dous ou un deles a xuízo da profesora do curso e, sobre todo, tendo en conta as circunstancias de cada caso.

Os mínimos esixibles adaptaranse, na medida do posible, aos días de asistencia do alumno á clase, é dicir, aqueles obxectivos que requiran a presenza física na aula (prácticas de laboratorio, participación nos debates, etc) serán tidos en conta segundo os días nos que o alumno viu á clase.

4.2.1.10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Intentarase actuar de xeito adecuado para conseguir os obxectivos mínimos da materia. As formas de actuación en ocasións son limitadas polo elevado número de alumnos por aula para afrontar moitas das circunstancias que se dan en caso de necesidades educativas especiais, onde o que sería un número ideal para unha aula, podemos dicir que habitual, nestas condicións pasa a ser elevado, e por tanto, inapropiado. Aínda así, xunto co departamento de Orientación e o equipo directivo (Decreto de 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade) elaboraranse as medidas a seguir para cada caso, segundo as necesidades, coma por ex. Aplicación Protocolo TDAH. É imposible a enumeración de todas as estratexias a seguir posto que as situacións poden ser moi variadas e numerosas, só mencionar a disposición dos membros do Departamento para colaborar en todo o que sexa necesario.

Ata o momento da entrega da programación, no presente curso, o alumnado con necesidades educativas especiais é un só ao que se lle aplicará o protocolo correspondente. Todas as medidas de atención deste alumnado será coordinado polo departamento de Orientación.

4.2.1.11.- AVALIACIÓN DE PENDENTES

No presente curso, non hai ningún alumno pendente. No caso de que aparecese algún alumno procedente de outro centro, sería atendido pola Xefa de Departamento e a profesora da materia correspondente do actual curso, que resolverán as dúbidas sobre a forma de recuperar as materias e contidos das mesmas.

O sistema de recuperación consistirá en dous exames parciais para a primeira e segunda avaliación, onde entrará a materia que no curso anterior se abarco unhas devanditas avaliacións. No último examen, na avaliación ordinaria, se o alumno superou as outras dúas, só examínase da última; no caso de suspender algunha/as avaliacións, o alumno terá que presentarse a toda a materia.

O profesor emitirá unha cualificación para cada alumno/a en cada avaliación, que irá no boletín de cualificación (previo rexistro no XADE).

4.2.1.12.- SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO

Nas reunións de Departamento farase o seguimento das programacións e determinarase:

- Se se está desenvolvendo con normalidade dentro dos tempos previstos.
- Ver se os alumnos asimilan os contidos tal e como está establecido.
- Estudar posibles melloras para o curso próximo unha vez rematado o curso.
- En caso necesario, alterar a secuenciación ou outros aspectos oportunos das unidades didácticas que se consideran favorecedores da comprensión dos temas tratados.

Valorase se estan a desenvolverse con normalidade ou se é necesario (e posible) introducir algún/s cambio, tomarase nota. Neste sentido hai que lembrar que a temporalización e a secuenciación, de cada unidade didáctica, son flexibles e modificables segundo as necesidades que se vaian observando no desenvolvemento da mesma, sen que isto prexudique ao desenvolvemento desta Programación.

Ao final de curso cubriremos un documento como o seguinte. Poderase modificar, engadir ou quitar indicadores segundo as necesidades que se observen ao longo do curso.

A valoración 1 será a óptima, 2 mellorable (modificar so algúns detalles), 3 necesario cambio.

MATERIA:	CURSO:		
PROFESORA:	FECHA:		
EVALUACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES	1	2	3
A programación didáctica fai un plantaxemento adecuado das unidades didácticas a partir do currículo.			
A secuenciación e a temporalización é a adecuada.			
A concreción de contenidos, criterios y estándares para cada unidade é a adecuada.			
En xeral conséguense todos os obxectivos previstos para o curso			
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.			
Os materiais didácticos son os adecuados.			
O libro de texto é o adecuado.			
As prácticas de laboratorio son as adecuadas.			
A atención á diversidade cumpre o seu obxectivo			
A dinámica de aula permite a participación de todo o alumnado por igual.			
Son adecuadas aos obxectivos da programación as actividades para casa.			
O número de exames realizados é o adecuado.			
As actividades extraescolares cumpren o seu obxectivo.			

4.2.1.13.- SEGUIMIENTO DA PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO

Para **valorar a práctica docente** cubrirase a seguinte táboa, cada profesora dunha materia terá que entregala a final do curso.

MATERIA:	CURSO:	
PROFESORA:	FECHA:	
PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES	SI	NON
Respectouse a distribución temporal dos contidos por avaliacións.		
Aplicouse a metodoloxía didáctica programada.		
Tivéronse en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarios para aprobar a materia.		
Aplicáronse os procedementos de avaliación programados axustados aos criterios		
Aplicáronse medidas de atención á diversidade aos alumnos que as necesitaban.		
Leváronse a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores segundo a túa responsabilidade.		
Leváronse a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.		
Puxéronse en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.		
Utilizáronse os materiais e recursos didácticos programados.		
Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas.		
OBSERVACIÓNS:		

4.2.2. PROGRAMACIÓN DE CULTURA CIENTÍFICA DE 1º BACHARELATO

4.2.2.1.- INTRODUCCIÓN CONTEXTUALIZACIÓN

No presente curso o número de alumnos matriculados en 1º de bacharelato é de 68, dos cales 15 escolleron a materia de Cultura Científica.

O temario da materia non é longo, pero sen embargo o número de horas á semana é moi curto para cumprir o obxectivo da materia, o da adquisición por parte do alumno duns coñecementos en ciencia básicos para a súa vida diaria e para o seu desenvolvemento persoal.

A materia contará cunha aula virtual, na que o alumnado terá a súa disposición todo o material de clase, además de realizar actividades a través da mesma. Todas elas serán feitas no instituto (excepto o material de clase, ao que poderán acceder desde os seus fogares) xa que contamos cunha hora á semana nunha aula de informática.

4.2.2.2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal coma indican as instrucións dictadas pola Unión Europea, as materias do Departamento contribuirán a alcanzar as competencias clave para a aprendizaxe permanente tal coma se indica a continuación:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

A terminoloxía usada en Bioloxía e Xeoloxía permitirá ao alumnado a adoptar esta linguaxe e os seus termos para utilizalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Así mesmo, a comunicación dos resultados de investigacións e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**. As lecturas e os debates que se levarán a cabo en todos os temas da materia permitirán tamén a familiarización e o uso da linguaxe científica.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS CLAVE EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)

Son competencias claves na materia, os alumnos aplicarán estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Esta competencia fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que os alumnos se familiaricen cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo da bioloxía e da xeoloxía que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

APRENDER A APRENDER (CAA)

A adquisición da **competencia para aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

Esta materia favorece o traballo en grupo para a resolución de actividades e o traballo de laboratorio, fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos riscos da ciencia e da tecnoloxía e permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas relacionados co avance científico e tecnolóxico.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

O método científico esixe **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, xa que, desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións, faise necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURALS (CCEC)

A elaboración de modelos que representen aspectos da natureza, a observación e a apreciación da beleza natural e da harmonía dunha paisaxe, etc., son exemplos dalgunhas das habilidades plásticas que se empregan no traballo da Bioloxía e Xeoloxía de 1.º de Bacharelato, o que contribúe ao desenvolvemento da **conciencia e expresións culturais** ao fomentar a sensibilidade e a capacidade estética dos alumnos.

4.2.2.3.- OBXECTIVOS DA MATERIA DE CULTURA CIENTÍFICA DE 1º BACHARELATO

- Suscitar preguntas sobre os problemas da sociedade actual e do futuro próximo que constitúen unha prioridade para a investigación tecnocientífica e identificar os diversos aspectos que neles concorren, co fin de desenvolver un pensamento crítico e reflexivo.
- Coñecer os elementos dos procesos de investigación e as características das explicacións científicas, partindo de problemas próximos á experiencia, e poñelos en práctica mediante investigacións sinxelas.
- Seleccionar, comprender, avaliar e utilizar informacións de tipo científico e tecnolóxico, incluíndo a identificación de manipulacións ou nesgos, entre os que cabe destacar os que fan referencia ao xénero, para tomar decisións fundamentadas e saber comunicalas de forma clara, coherente e precisa.
- Desenvolver e poñer en práctica procedementos e valores propios da actividade científica, como a curiosidade, a creatividade, a ausencia de dogmatismo, a reflexión crítica, a relevancia dos datos en contraposición coas opinións de cara ao rigor no razoamento científico, e a sensibilidade diante dos problemas emerxentes para facilitar a evolución persoal e social.
- Recoñecer o carácter colectivo dos avances científicos, destacando o papel das mulleres na ciencia, así como a mutua interdependencia entre o contexto sociocultural e as investigacións científicas e tecnolóxicas.
- Identificar os principios ou teorías científicas e tecnolóxicas ligadas ás problemáticas contemporáneas que debe afrontar a cidadanía, tanto individual como colectivamente, para favorecer a súa comprensión e a busca de solucións.

- Tomar unha postura crítica diante dos avances científicos e tecnolóxicos, recoñecer os logros e as vantaxes para a mellora da calidade de vida, así como os riscos que comportan, valorando os problemas sociais e éticos que poden xerar.
- Identificar os principais problemas relativos á saúde, ao medio natural, ás novas tecnoloxías e materiais, ás fontes de enerxía, etc., tratando de comprender as bases científicas para avaliar criticamente as informacións dos medios de comunicación e adquirir independencia de criterio.
- Construír un coñecemento coherente e crítico sobre as tecnoloxías da información e comunicación e sobre a sociedade do ocio presentes no contorno do alumnado, propiciando un uso axeitado delas, prestando especial atención á existencia da fenda dixital de xénero entre países ricos e pobres.
- Utilizar na vida cotiá os coñecementos adquiridos, participando nas controversias tecnocientíficas locais e globais, e desenvolver hábitos democráticos baseados na argumentación e no diálogo.

4.2.2.4.- BLOQUES DE CONTIDOS QUE SE ABORDAN EN CULTURA CIENTÍFICA DE 1º BACHARELATO

- BLOQUE 1. Procedementos de traballo
- BLOQUE 2. A Terra e a vida
- BLOQUE 3. Avances en biomedicina
- BLOQUE 4. A revolución xenética
- BLOQUE 5. Tecnoloxías de información e comunicación

4.2.2.5.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 1. A ciencia e a sociedade
- UNIDADE 2. Dinámica da terra
- UNIDADE 3. Orixe da vida e do ser humano. Evolución

2ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 4. Biomedicina
- UNIDADE 5. A revolución xenética

3ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 6. Tecnoloxías da información e comunicación

4.2.2.6.- METODOLOXÍA

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía propón unha metodoloxía na que o alumno constrúe a súa propia aprendizaxe, elabora os seus propios modelos de coñecemento, incidindo con isto na autonomía persoal.

Os contidos e as capacidades adquiridas han de poder ser empregadas na vida real, trátase de que o alumno poida trasladar a súa aprendizaxe a outros ámbitos diferentes.

No caso dos contidos de Bioloxía e Xeoloxía, debemos facer un esforzo para integralos dun modo estruturado ao longo do ciclo de xeito que o alumno os incorpore a vida diaria, realizárase en clases teóricas e prácticas, fomentando o traballo en equipo de xeito que os alumnas e alumnos poidan reflexionar e asimilar a información adquirida.

Para a adquisición de novos coñecementos utilizarase medios audiovisuais: ordenadores, fontes habituais de información científica: xornais, revistas, libros, internet, etc. complementadas con outras actividades como conferencias, itinerarios naturais etc. que permitan aos alumnos o contacto e o coñecemento sobre o medio ambiente.

A metodoloxía de traballo que seguimos baséase nos seguintes principios:

- Diagnóstico de coñecementos previos, tanto ao principio do curso, coma durante o mesmo, cunhas preguntas breves orais ao iniciar cada tema, que poden ser as propostas polo libro ou relacionadas con lecturas, vídeos, actividades interactivas, etc.
- Tomar como punto de partida a observación, as experiencias, o plantexamento de problemas ou hipóteses. Esta actividade facilita rastrear os coñecementos previos e detectar erros e representacións incorrectas.

- Trataranse os diferentes temas procurando que o alumnado busque por si mesmo a información cando o grado de dificultade o permita e recorrendo á profesora cando sexa necesario.
- Fomentar a aprendizaxe asociada á práctica e á vida. Evitar que sexa só de tipo verbal e dotala de significado.
- Afondar no método científico.
- Favorecer o traballo participativo e en grupo, as postas en común e o debate entre diferentes posturas, partindo do respecto.
- Desenvolver a autoestima do alumnado.
- Ter en conta a diversidade, propor actividades de reforzo para os que teñan dificultades no aprendizaxe.
- Fomentar a habituación co material de experimentación sinxelo.

4.2.2.7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de alumnado e o da editorial Santillana.

No presente curso todos os materiais e recursos didácticos adaptaranse á actual situación de pandemia que estamos a vivir, en cada momento e circunstancia valorarase a utilización segura dos mesmos. De maneira habitual, ademáis do libro de texto, os medios e recursos utilizados son os seguintes:

O alumnado disporá dun curso virtual (aula virtual) na que se subirá todo o material que sexa necesario para a consecución da programación, servindo ademais de plataforma para a entrega de tarefas e realización de probas segundo a consideración da profesora da materia, así coma para a difusión da parte relevante da programación da materia. O emprego da mesma pode variar segundo as circunstancias e medidas que estipulen en cada momento as administracións, adaptando a súa utilización segundo as instrucións que se marquen desde o Ministerio de Educación, a Consellería de Educación e a Dirección do centro a través do Plan de Contixencia.

Para a adquisición de novos coñecementos utilizarase medios audiovisuais: presentacións, fragmentos de cine científico, así como outras fontes habituais de información científica: xornais, revistas, libros, internet, etc.

4.2.2.8.- AS UNIDADES. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES, INDICADORES DE LOGRO, PESO NA CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS, E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

UNIDADE 1. A CIENCIA E A SOCIEDADE

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

A unidade que se presenta antes do comezo do estudo do programa é unha introdución ao estudo da ciencia, é dicir, á cultura científica como unha continuación da que se iniciou en 4.º da ESO.

Ao longo da historia, tradicionalmente o coñecemento humano dividiuse nas chamadas dúas culturas: a humanística e a científica. Pero hoxe máis que nunca un cidadán do século XXI non pode prescindir dos coñecementos científicos para opinar e participar en decisións importantes que lle afectan.

Nesta unidade inténtase explicar que é a ciencia, entendendo como tal un conxunto de coñecementos e unha forma de intentar saber máis. Para poder abranguer o resto dos contidos que se verán ao longo do curso, é necesario coñecer como se estrutura o traballo científico e ser consciente sempre do carácter humano da ciencia, é dicir, das súas perversións e as súas fraudes.

CONTIDOS CURRICULARES

B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios.

B1.2. Ciencia, tecnoloxía e sociedade: perspectiva histórica.

B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS		TRANSVERSAIS					
							ACTIVIDADES PRÁCTICAS	PARTICIPACIÓN AULA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONST.
de g i l	B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas con temas científicos da actualidade.	CAA CCL	CCIB1.1.1. Analiza un texto científico e valora de forma crítica o seu contido.	<ul style="list-style-type: none"> Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade como traballo científico, hipótese, fraude, teorías, observación? Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre o traballo científico. Efectúa a lectura comprensiva da lectura inicial e extrae as ideas principais. 	100	25	X	X	X	X		X	X	
		CCL CD CAA	CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece as liñas xerais do traballo científico. Sabe contrastar hipóteses sinxelas. 	100	25	X	X	X	X		X	X	
ab o	B1.2. Valorar a importancia da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na actividade cotiá.	CAA CCEC	CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia.	<ul style="list-style-type: none"> Valora a contribución da ciencia e a tecnoloxía á comprensión e resolución de problemas das persoas e da súa calidade de vida, mediante unha metodoloxía baseada na obtención de datos, a razón, a perseveranza e o espírito crítico, aceptando as súas limitacións e equivocacións propias de toda actividade humana. Coñece a existencia da fraude e o uso perverso da ciencia, cita algúns exemplos e razoa o rexeitamento a eses comportamentos. 	100	25	X	X	X	X		X	X	X
eg m l	B1.3. Comunicar conclusións e ideas en distintos soportes a públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación para transmitir opinións propias argumentadas.	CCL CD CAA CSIEE	CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análise das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións.	<ul style="list-style-type: none"> Mostra iniciativa á hora de intervir nos debates que se establecen na aula sobre os contidos da unidade. Valora a importancia do coñecemento científico no modo de vida da sociedade actual. Coñece a existencia da fraude e o uso perverso da ciencia, cita algúns exemplos e razoa o rexeitamento a eses comportamentos. 	100	25	X	X	X	X		X	X	X

UNIDADE 2. A DINÁMICA DA TERRA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Na presente unidade preténdese desarraigir no noso alumnado (se é que non o está xa) o tan habitual erro de que o noso planeta é algo estático, «morto». Propiciarase o cambio conceptual de que vivimos nun planeta «vivo», non só desde o punto de vista biolóxico, senón tamén xeolóxico, xa que a calor interna remanente da súa orixe fai que se estableza unha dinámica entre os materiais que forman o interior e os que forman o exterior, dando orixe aos accidentes (montañas, chairas...) que permanentemente van cambiando no tempo xeolóxico.

CONTIDOS CURRICULARES

B2.1. Orixe e formación da Terra: deriva continental e tectónica de placas.

B2.2. Vulcanismo e terremotos: predición e prevención.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS		TRANSVERSAIS					
							ACTIVIDADES PRÁCTICAS	PARTICIPACIÓN AULA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
i	B2.1. Xustificar a teoría de deriva continental en función das evidencias experimentais que a apoian.	CMCCT	CCIB2.1.1. Xustifica a teoría de deriva continental a partir das probas xeográficas, paleontolóxicas, xeolóxicas e paleoclimáticas.	<ul style="list-style-type: none"> •Explica as probas que explican a deriva continental. •Entende o movemento horizontal das placas. 	100	25	X	X	X	X		X		
l	B2.2. Explicar a tectónica de placas e os fenómenos a que dá lugar, así como os riscos como consecuencia destes fenómenos.	CMCCT	CCIB2.2.1. Utiliza a tectónica de placas para explicar a expansión do fondo oceánico e a actividade sísmica e volcánica nos bordos das placas.	<ul style="list-style-type: none"> •É capaz de explicar os fenómenos que ocorren nos bordos de placa. •Explica a expansión do fondo oceánico. 	100	25	X	X	X	X		X		
		CMCCT	CCIB2.2.2. Nomea e explica medidas predictivas e preventivas para o vulcanismo e os terremotos.	<ul style="list-style-type: none"> •Nomea e explica as medidas preventivas de vulcanismo e sismicidade. •Entende a importancia das medidas de prevención. 	100	25	X	X	X	X		X		
l	B2.3. Determinar as consecuencias do estudo da propagación das ondas sísmicas P e S, respecto das capas internas da Terra.	CAA	CCIB2.3.1. Relaciona a existencia de capas terrestres coa propagación das ondas sísmicas a través delas.	<ul style="list-style-type: none"> •Entende como é desprazamento das ondas sísmicas no interior da Terra, as variacións que presenta e a información que aporta. 	100	25	X	X	X	X		X		

UNIDADE 3. ORIXE DA VIDA E DO SER HUMANO. EVOLUCIÓN

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Nesta unidade desenvólvese toda a serie de feitos, conceptos, experimentos e teorías básicas, necesarias para comprender o problema da orixe da vida e a evolución biolóxica, excluindo a avaliación da humanidade, que se desenvolve noutra unidade.

CONTIDOS CURRICULARES

B2.3. Orixes da vida na Terra.

B2.4. Do fixismo ao evolucionismo. Evolución a debate: teorías científicas e pseudocientíficas sobre a evolución. Evolución do ser humano.

B2.4. Do fixismo ao evolucionismo. Evolución a debate: teorías científicas e pseudocientíficas sobre a evolución. Evolución do ser humano.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS		TRANSVERSAIS					
							ACTIVIDADES PRÁCTICAS	PARTICIPACIÓN AULA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
a b h	B2.4. Coñecer e describir os últimos avances científicos sobre a orixe da vida na Terra e enunciar as teorías científicas que explican a orixe da vida na Terra, diferenciándoas das baseadas en crenzas.	CCEC	CCIB2.4.1. Coñece e explica as teorías acerca da orixe da vida na Terra.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece e explica as teorías acerca da orixe da vida na Terra. Entende a dificultade de explicar a orixe da vida. 	100	25	X	X	X	X		X		
l h	B2.5. Establecer as probas que apoian a teoría da selección natural de Darwin e utilízala para explicar a evolución dos seres vivos na Terra, enfrontándoa a teorías non científicas.	CMCCT	CCIB2.5.1. Describe as probas biolóxicas, paleontolóxicas e moleculares que apoian a teoría da evolución das especies.	<ul style="list-style-type: none"> Describe as probas biolóxicas, paleontolóxicas e moleculares que apoian a teoría da evolución das especies. 	100	20	X	X	X	X		X		
		CMCCT	CCIB2.5.2. Enfronta as teorías de Darwin e Lamarck para explicar a selección natural.	<ul style="list-style-type: none"> Entende e explica as teorías de Lamarck e Darwin. Explica a importancia da aceptación das teorías evolucionistas para a comprensión da vida. 	100	20	X	X	X	X		X		
		CMCCT	CCIB2.5.3. Enfronta o neodarwinismo coas explicacións non científicas sobre a evolución.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece o neodarwinismo e as diferencias coas teorías non evolucionistas. 	100	20	X	X	X	X		X		
l m	B2.6. Recoñecer a evolución desde os primeiros homínidos ata o ser humano actual e establecer as adaptacións que nos fixeron evolucionar.	CSC	CCIB2.6.1. Establece as etapas evolutivas dos homínidos ata chegar ao Homo Sapiens, salientando as súas características fundamentais, como a capacidade cranial e altura.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende e describe os principais feitos da evolución dos homínidos. Comprende e describe os principais feitos da evolución humana. 	100	10	X	X	X	X		X		
		CMCCT CSC	CCIB2.6.2. Valora de forma crítica as informacións asociadas ao Universo, á Terra e á orixe das especies, distinguindo entre información científica real, opinión e ideoloxía.	<ul style="list-style-type: none"> Entende a diferenza de analizar un suceso de maneira científica, obxectiva, ou de maneira subxectiva. Entende a influencia das ideoloxías e crenzas na interpretación da natureza. 	100	5	X	X	X	X		X		

UNIDADE 4. BIOMEDICINA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Esta unidade estrutúrase en dous ámbitos complementarios. Un, desenvolve contidos que describen unha serie de feitos destacados na evolución histórica da medicina e do tratamento das enfermidades (que constitúen un material moi adecuado para a aplicación do método histórico), que se completan cunha descrición das técnicas de diagnóstico máis habitualmente utilizadas na actualidade, cuxos nomes lles son familiares a todos os pacientes. O segundo ámbito engloba os contidos que teñen que ver co concepto de saúde (factores determinantes e de risco, saúde pública, a saúde nos países de baixo desenvolvemento...) e a análise dos diversos aspectos da relación que se establece entre o médico e o paciente na nosa sanidade actual.

CONTIDOS CURRICULARES

B3.1. Evolución histórica da investigación médica e farmacéutica.

B3.1. Evolución histórica da investigación médica e farmacéutica.

B3.2. Últimos avances en medicina.

B3.1. Evolución histórica da investigación médica e farmacéutica.

B3.3. Valoración crítica da información relacionada coa medicina. Uso responsable dos medicamentos. Patentes.

B3.3. Valoración crítica da información relacionada coa medicina. Uso responsable dos medicamentos. Patentes.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS		TRANSVERSAIS					
							ACTIVIDADES PRÁCTICAS	PARTICIPACIÓN AULA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
h l ñ	B3.1. Analizar a evolución histórica na consideración e no tratamento das doenzas.	CCEC	CCIB3.1.1. Coñece a evolución histórica dos métodos de diagnóstico e tratamento das doenzas.	•Coñece a evolución histórica dos métodos de diagnóstico e tratamento das doenzas.	100	20	X	X	X	X		X		
a l i	B3.2. Distinguir entre o que é medicina e o que non o é.	CSC	CCIB3.2.1. Establece a existencia de alternativas á medicina tradicional, valorando o seu fundamento científico e os riscos que levan consigo.	•Fai unha interpretación obxectiva dos métodos alternativos para manter a saúde.	100	5	X	X	X	X		X		
a	B3.3. Valorar as vantaxes que suscita a realización dun transplante e as súas consecuencias.	CSC	CCIB3.3.1. Propón os transplantes como alternativa no tratamento de certas doenzas, valorando as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	•Coñece os mecanismos dos transplantes para a curación de certas enfermidades. •Entende a necesidade da sociedade das persoas doantes de órganos.	100	30	X	X	X	X		X		X
a h l	B3.4. Tomar conciencia da importancia da investigación médico-farmacéutica.	CMCCT	CCIB3.4.1. Describe o proceso que segue a industria farmacéutica para descubrir, desenvolver, ensaiar e comercializar os fármacos.	•Describe o proceso da obtención final de medicamentos. •Analiza a utilización de animais e persoas nas distintas fases do proceso.	100	20	X	X	X	X		X		
a a	B3.5. Facer un uso responsable do sistema sanitario e dos medicamentos.	CSC	CCIB3.5.1. Xustifica a necesidade de facer un uso racional da sanidade e dos medicamentos.	•Xustifica a necesidade de facer un uso racional da sanidade e dos medicamentos.	100	20	X	X	X	X		X		
b e i	B3.6. Diferenciar a información procedente de fontes científicas das que proceden de pseudociencias ou que perseguen obxectivos simplemente comerciais.	CCL CSIEE	CCIB3.6.1. Discrimina a información recibida sobre tratamentos médicos e medicamentos en función da fonte consultada.	•Entende que hai que descartar todo tipo de información sobre tratamentos e medicamentos que non teña unha base científica.	100	5	X	X	X	X		X		

UNIDADE 5. A REVOLUCIÓN XENÉTICA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Na presente unidade estudaranse os últimos avances en Xenética.

CONTIDOS CURRICULARES

B4.1. Revolución xenética. Xenoma humano. Tecnoloxías do ADN recombinante e enxeñaría xenética. Aplicacións.

B4.1. Revolución xenética. Xenoma humano. Tecnoloxías do ADN recombinante e enxeñaría xenética. Aplicacións.

B4.1. Revolución xenética. Xenoma humano. Tecnoloxías do ADN recombinante e enxeñaría xenética. Aplicacións.

B4.1. Revolución xenética. Xenoma humano. Tecnoloxías do ADN recombinante e enxeñaría xenética. Aplicacións.

B4.2. Técnicas de reprodución asistida: implicacións éticas e sociais.

B4.3. Células nai e clonación: aplicacións e perspectivas de futuro.

B4.3. Células nai e clonación: aplicacións e perspectivas de futuro.

B4.4. Xenética e sociedade. Bioética.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS		TRANSVERSAIS					
							ACTIVIDADES PRÁCTICAS	PARTICIPACIÓN AULA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
h	B4.1. Recoñecer os feitos históricos máis salientables para o estudo da xenética.	CCEC	CCIB4.1.1. Coñece e explica o desenvolvemento histórico dos estudos levados a cabo dentro do campo da xenética.	<ul style="list-style-type: none"> Define xenética. Coñece a evolución da xenética. Comprende os principais experimentos na historia da xenética. 	100	5	X	X	X	X		X		
e g i l	B4.2. Obter, seleccionar e valorar informacións sobre o ADN, o código xenético, a enxeñaría xenética e as súas aplicacións médicas.	CAA CD	CCIB4.2.1. Sabe situar a información xenética que posúe calquera ser vivo, establecendo a relación xerárquica entre as estruturas, desde o nucleótido ata os xenes responsables da herdanza.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende a importancia da información xenética. Coñece onde está situada a información xenética dun ser vivo. Describe as estruturas portadoras da información xenética. 	100	20	X	X	X	X		X		
c i l	B4.3. Coñecer os proxectos que se desenvolven actualmente como consecuencia de descifrar o xenoma humano, tales como HapMap e Encode.	CMCCT	CCIB4.3.1. Coñece e explica a forma en que se codifica a información xenética no ADN, xustificando a necesidade de obter o xenoma completo dun individuo e descifralo.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece o código xenético. Entende o que é o xenoma e a necesidade de descifralo. 	100	20	X	X	X	X		X		
i l	B4.4. Describir e avaliar as aplicacións da enxeñaría xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas.	CCL	CCIB4.4.1. Describe e analiza as aplicacións da enxeñaría xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas.	<ul style="list-style-type: none"> Entende o papel da enxeñaría xenética na búsqueda de novas terapias. 	100	10	X	X	X	X		X		
a b	B4.5. Valorar as repercusións sociais da reprodución asistida e a selección e a conservación de embrións.	CSIEE CSC	CCIB4.5.1. Establece as repercusións sociais e económicas da reprodución asistida e a selección e conservación de embrións.	<ul style="list-style-type: none"> Establece as repercusións sociais e económicas da reprodución asistida e a selección e conservación de embrións. 	100	5	X	X	X	X		X	X	
b l	B4.6. Analizar os posibles usos da clonación.	CAA	CCIB4.6.1. Describe e analiza as posibilidades que ofrece a clonación en diferentes campos.	<ul style="list-style-type: none"> Describe e analiza as posibilidades que ofrece a clonación en diferentes campos. 	100	10	X	X	X	X		X		
i l	B4.7. Establecer o método de obtención dos tipos de células nai, así como a súa potencialidade para xerar tecidos, órganos e ata organismos completos.	CMCCT	CCIB4.7.1. Recoñece os tipos de células nai en función da súa procedencia e da súa capacidade xenerativa, e establece en cada caso as aplicacións principais.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece o que son as células nai. Coñece as aplicacións das células nai en terapias e investigación. 	100	20	X	X	X	X		X		
a b c	B4.8. Identificar algúns problemas sociais e dilemas morais debidos á aplicación da xenética: obtención de transxénicos, reprodución asistida e clonación.	CSC	CCIB4.8.1. Valora de xeito crítico os avances científicos relacionados coa xenética, os seus usos e as súas consecuencias médicas e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> Entende a necesidade da utilización de diversas técnicas de experimentación coma a utilización de embrións para a búsqueda de novas terapias. 	100	5	X	X	X	X		X		
		CMCCT CSIEE	CCIB4.8.2. Explica as vantaxes e os inconvenientes dos alimentos transxénicos, razoando a conveniencia ou non do seu uso.	<ul style="list-style-type: none"> Entende o que é un alimento transxénico. Razoza de xeito obxectivo a conveniencia ou non da súa utilización. 	100	5	X	X	X	X		X	X	

UNIDADE 6. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Estamos inmersos na sociedade da información e hoxe non se concibe o traballo nin o ocio sen o uso dos últimos instrumentos tecnolóxicos. No que se refire ao lecer, os nosos alumnos e alumnas son, en moitos casos, compulsivos consumidores das novas tecnoloxías, e consideran impensable vivir sen a telefonía móbil. Nesta unidade tratamos da parte «teórica» destes aspectos, coa intención de desenvolver nos estudantes unhas actitudes (máis que unhas aptitudes, que xa as teñen) adecuadas fronte ao uso das novas tecnoloxías, que os convertan en consumidores racionais e críticos.

CONTIDOS CURRICULARES

B5.1. Orixe, evolución e análise comparativa dos equipamentos informáticos.

B5.2. Incorporación da tecnoloxía dixital á vida cotiá.

B5.3. Características e especificacións de equipamentos. Análise e comparativa desde o punto de vista do/da usuario/a.

B5.4. Vantaxes e inconvenientes da evolución tecnolóxica. Consumismo asociado ás novas tecnoloxías.

B5.5. Internet na vida cotiá. Beneficios e problemas asociados ao uso de internet.

B5.5. Internet na vida cotiá. Beneficios e problemas asociados ao uso de internet.

B5.4. Vantaxes e inconvenientes da evolución tecnolóxica. Consumismo asociado ás novas tecnoloxías.

B5.5. Internet na vida cotiá. Beneficios e problemas asociados ao uso de internet.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS		TRANSVERSAIS					
							ACTIVIDADES PRÁCTICAS	PARTICIPACIÓN AULA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
g h i p	B5.1. Coñecer a evolución que experimentou a informática desde os primeiros prototipos ata os modelos máis actuais, sendo consciente do avance logrado en parámetros tales como tamaño, capacidade de procesamento, almacenamento, conectividade, portabilidade, etc.	CCEC	CCIB5.1.1. Recoñece a evolución histórica do computador en termos de tamaño e capacidade de proceso.	•Coñece a evolución histórica do computador en termos de tamaño e capacidade de proceso.	100	5	X	X	X	X		X		
		CCL CD	CCIB5.1.2. Explica como se almacena a información en diferentes formatos físicos, tales como discos duros, discos ópticos e memorias, valorando as vantaxes e os inconvenientes de cada un.	•Explica os distintos formatos de almacenamento.	100	10	X	X	X	X		X		
i l	B5.2. Determinar o fundamento dalgúns dos avances máis significativos da tecnoloxía actual.	CD	CCIB5.2.1. Compara as prestacións de dous dispositivos dados do mesmo tipo, un baseado na tecnoloxía analóxica e outro na dixital.	•Comprende o funcionamento de dispositivos dixitais e analóxicos. •Entende as vantaxes e desvantaxes de cada un.	100	10	X	X	X	X		X		
		CD	CCIB5.2.2. Explica como se establece a posición sobre a superficie terrestre coa información recibida dos sistemas de satélites GPS ou GLONASS.	•Entende a utilización de satélites para a xeolocalización. •Coñece a diferenza entre GPS e GLONASS.	100	10	X	X	X	X		X		
		CD	CCIB5.2.3. Establece e describe a infraestrutura básica que require o uso da telefonía móbil.	•Establece e describe a infraestrutura básica que require o uso da telefonía móbil.	100	10	X	X	X	X		X		
		CD CMCCT	CCIB5.2.4. Explica o fundamento físico da tecnoloxía LED e as vantaxes que supón a súa aplicación en pantallas planas e iluminación.	•Explica o fundamento físico da tecnoloxía LED e as vantaxes que supón a súa aplicación en pantallas planas e iluminación.	100	5	X	X	X	X		X		
a i	B5.3. Tomar conciencia dos beneficios e dos problemas que pode orixinar o constante avance tecnolóxico.	CSC	CCIB5.3.1. Valora de xeito crítico a constante evolución tecnolóxica e o consumismo que orixina na sociedade.	•Entende o que é o consumismo baseado na tecnoloxía. •Comprende a necesidade de evitar o consumismo para entre outras cousas, disminuir o dano sobre o ecosistema.	100	10	X	X	X	X		X		X
b	B5.4. Valorar de forma crítica e fundamentada os cambios que internet está a provocar na sociedade.	CSIEE	CCIB5.4.1. Xustifica o uso das redes sociais, sinalando as vantaxes que ofrecen e os riscos que supoñen.	•Entendo o que son as redes sociais. •Describe as vantaxes e desvantaxes do seu uso.	100	10	X	X	X	X		X		
		CD	CCIB5.4.3. Utiliza con propiedade conceptos especificamente asociados ao uso de internet.	•Comprende o vocabulario asociado a internet.	100	10	X	X	X	X		X		
a b	B5.5. Efectuar valoracións críticas, mediante exposicións e debates, acerca de problemas relacionados cos delitos informáticos, o acceso a	CSC	CCIB5.5.1. Describe en que consisten os delitos informáticos máis habituais.	•Describe en que consisten os delitos informáticos máis habituais, sobre todo o da piratería de autor.	100	5	X	X	X	X		X		
		CD	CCIB5.5.2. Pon de manifesto a	•Entende a necesidade da protección de	100	10	X	X	X	X		X		

c e g h	datos persoais e os problemas de socialización ou de excesiva dependencia que pode causar o seu uso.		necesidade de protexer os datos mediante encriptación, contrasinal, etc.	datos en internet. •Comprende as consecuencias da exposición pública de datos da nosa vida persoal en internet.										
a b c e g h	B5.6. Demostrar que se é consciente da importancia das novas tecnoloxías na sociedade actual, mediante a participación en debates, elaboración de redaccións e/ou comentarios de texto.	CCL CSC	CCIB5.6.1. Sinala as implicacións sociais do desenvolvemento tecnolóxico.	•Entende os cambios que houberon na sociedade pola revolución tecnolóxica e os que están por vir.	100	5	X	X	X	X		X		

4.2.2.9.- AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL

Tal como se comentou non apartado adicado á metodoloxía, ao inicio de cada unidade, faranse unha serie de preguntas para ver o nivel de coñecementos que ten o alumno sobre os contidos da unidade. Os resultados obtidos serán tomados coma base a partir da cal se iniciará á explicación de cada unidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O alumno deberá acadar os obxectivos xerais do bacharelato e os da materia, conseguindo unha nota positiva en cada un dos indicadores que valoran os criterios de avaliación a través do estándares de aprendizaxe nomeados no apartado anterior. A consecución dunha valoración positiva implicará que ademais dos obxectivos, o alumno acadou as competencias clave.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación empregaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación co fin de valorar o grao de consecución dos estándares por parte do alumnado. É evidente que a utilización dos mesmos variará segundo as unidades, como por ex. as prácticas de laboratorio, que non son viables en todas elas. Os procedementos son:

Actividades prácticas: VALOR NA AVALIACIÓN 90%

Poderán comprender as seguintes modalidades de traballo:

- Traballos de investigación que se exporán na aula.
- Análise de textos científicos.
- Actividades de repaso e cuestionarios sobre os estándares vistos.
- Prácticas que se poidan levar a cabo no fogar ou na aula de xeito individual.
- Actividades realizadas na aula virtual.
- Publicación de informes ou comentarios sobre novas nalgún blog relacionado coa materia.

- **Participación na aula: VALOR NA AVALIACIÓN 10%**

En canto aos instrumentos, este farase por rexistro no caderno do profesor. As actividades serán feitas maioritariamente polo alumnado no instituto.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

No referido ás probas escritas, a puntuación máxima será un 10.

e i	B2.12. Argumentar a importancia da quimiosíntese.	CCEC	B2.12.1. Valora o papel biolóxico dos organismos quimiosintéticos.	<ul style="list-style-type: none"> •É consciente da importancia que teñen os organismos quimiosintéticos e as funcións que realizan para posibilitar a vida na Terra. 	100	20	X	X	X	X	X		X		

UNIDADE 12. A REPRODUCCIÓN E RELACIÓN DA CÉLULA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos distinguirán as diferentes etapas na vida dunha célula, coñecendo as súas peculiaridades. Entenderán o significado das diferentes fases do ciclo celular. Analizarán as modalidades de división do núcleo e do citoplasma, establecendo diferenzas entre as células animais e vexetais. Compararán os procesos de reprodución sexual e asexual establecendo as vantaxes e os inconvenientes de cada un deles. Recoñecerán as diferentes etapas da meiose, comprendendo os acontecementos que teñen lugar en cada unha delas. Establecerán diferenzas entre os procesos de mitose e meiose. Relacionarán a meiose e a fecundación coa variabilidade xenética. Ademais, distinguirán os diferentes ciclos biolóxicos

CONTIDOS CURRICULARES

B2.6. Ciclo celular.

B2.7. División celular. Mitose en células animais e vexetais.

B2.8. Meiose. Necesidade biolóxica da meiose para a reprodución sexual. Importancia da reprodución sexual na evolución dos seres vivos.

B2.9. Observación de células en mitose. Estudo das fases da división celular.

B2.8. Meiose. Necesidade biolóxica da meiose para a reprodución sexual. Importancia da reprodución sexual na evolución dos seres vivos.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
i	B2.3. Analizar o ciclo celular e diferenciar as súas fases.	CCL CD	B2.3.1. Identifica as fases do ciclo celular, e explica os principais procesos que acontecen en cada unha.	•Detalla, de maneira adecuada, as fases do ciclo celular e explica que procesos ocorren en cada unha delas.	100	25	X	X	X	X	X		X		
e l	B2.4. Distinguir e identificar os tipos de división celular, e desenvolver os acontecementos que teñen lugar en cada fase.	CAA CMCCT CD	B2.4.1. Recoñece en microfotografías e esquemas as fases da mitose e da meiose, e indica os acontecementos básicos que se producen en cada unha.	•Recoñece as distintas fases da mitose e a meiose en microfotografías e esquemas. Explica os principais procesos que ocorren en cada unha delas.	100	25	X	X	X	X	X		X		
		CAA CSIEE	B2.4.2. Establece as analoxías e as diferenzas máis significativas entre mitose e meiose.	•Establece as analoxías e as diferenzas entre mitose e meiose.	100	25	X	X	X	X	X		X		
e	B2.5. Argumentar a relación da meiose coa variabilidade xenética das especies.	CAA CCL CMCCT	B2.5.1. Resume a relación da meiose coa reprodución sexual, o aumento da variabilidade xenética e a posibilidade de evolución das especies.	•Establece a relación entre a meiose e a reprodución sexual, o aumento da variabilidade xenética e a posibilidade de evolución das especies.	100	25	X	X	X	X	X		X		

UNIDADE 13. A XENÉTICA MENDELIANA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos coñecerán os conceptos básicos e a terminoloxía empregada en xenética. Explicarán os experimentos de Mendel e a súa interpretación, aplicándoos á resolución de problemas cun e dous caracteres. Coñecerán a teoría cromosómica da herdanza, segundo a cal os cromosomas son os portadores da información xenética. Entenderán o concepto de ligamento e recombinación, interpretando o seu significado biolóxico. Explicarán a determinación xenética do sexo e coñecerán a existencia de caracteres cuxa herdanza está ligada ao sexo. Interpretarán árbores xenealóxicas e coñecerán a herdanza dalgunhas enfermidades na especie humana. Ademais, coñecerán os fundamentos xenéticos da determinación dos grupos sanguíneos.

CONTIDOS CURRICULARES

B2.8. Meiose. Necesidade biolóxica da meiose para a reprodución sexual. Importancia da reprodución sexual na evolución dos seres vivos.

B3.13. Xenética mendeliana. Teoría cromosómica da herdanza. Determinismo do sexo e herdanza ligada ao sexo e influída polo sexo.

B3.16. Xenética de poboacións. Frecuencias xénicas e a súa relación coa evolución.

OBJECTIVO	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRADO MÍNIMO CONSECUCCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDIMENTOS INSTRUMENTOS							TRANSVERSAIS				
							PROBABILIDAD	EXPERIMENTACIÓN	ACTIVIDADES	CARACTERÍSTICAS	MATERIA	LECTURA	EXPOSICIÓN	COMUNICACIÓN	TIC	EMPRESARIAN	DEMO	ÉTICA
e	B2.5. Argumentar a relación da meiose coa variabilidade xenética das especies.	CAA CCL CMCCT	B2.5.1. Resume a relación da meiose coa reprodución sexual, o aumento da variabilidade xenética e a posibilidade de evolución das especies.	<ul style="list-style-type: none"> •Explica a relación entre a meiose e a reprodución sexual, o aumento da variabilidade xenética e a posibilidade de evolución das especies. 	100	30	X	X	X	X	X		X					
b e m	B3.10. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas, e establecer a relación entre as proporcións da descendencia e a información xenética.	CAA CMCCT	B3.10.1. Analiza e predí aplicando os principios da xenética mendeliana, os resultados de exercicios de transmisión de caracteres autosómicos, caracteres ligados ao sexo e influídos polo sexo.	<ul style="list-style-type: none"> •Estuda e predí, utilizando os principios da xenética mendeliana, os resultados de exercicios de transmisión de caracteres autosómicos, caracteres ligados ao sexo e influídos polo sexo. 	100	60	X	X	X			X	X	X				
a	B3.13. Relacionar o xenotipo e as frecuencias xénicas coa xenética de poboacións e a súa influencia na evolución.	CCEC CAA	B3.13.1. Distingue os factores que influen nas frecuencias xénicas.	<ul style="list-style-type: none"> •Sinala os factores que influen nas frecuencias xénicas. 	100	10	X	X	X			X	X	X				

UNIDADE 14. O ADN, PORTADOR DA MENSAXE XENÉTICA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos estudarán e traballarán sobre o concepto do ADN, como portador da mensaxe xenética. Coñecerán como, a través de varios experimentos, se confirmou o ADN como portador da información xenética. Coñecerán os fitos fundamentais no coñecemento do ADN como molécula portadora da información xenética. Describirán o mecanismo xeral de replicación, coñecendo a función dos enzimas implicados e as diferenzas entre células procariotas e eucariotas. Comprenderán en que consiste a expresión da mensaxe xenética a partir do dogma central da bioloxía molecular. Describirán a natureza e características do código xenético. Describirán o proceso de tradución, indicando as diferenzas entre células procariotas e eucariotas. Explicarán a tradución da mensaxe xenética e coñecerán as diferenzas entre células procariotas e eucariotas. Ademais, entenderán que o proceso de expresión xénica atópase altamente regulado.

CONTIDOS CURRICULARES

B3.1. Xenética molecular. Importancia biolóxica do ADN como portador da información xenética. Concepto de xene.

B3.2. Replicación do ADN. Etapas da replicación. Diferenzas entre o proceso replicativo entre eucarióticas e procariotas.

B3.3. ARN: tipos e funcións.

B3.5. Expresión dos xenes. Transcrición e tradución xenéticas en procariotas e eucarióticas. O código xenético na información xenética.

B3.6. Resolución de problemas de xenética molecular.

B3.5. Expresión dos xenes. Transcrición e tradución xenéticas en procariotas e eucarióticas. O código xenético na información xenética.

B3.6. Resolución de problemas de xenética molecular.

B3.7. Regulación da expresión xénica.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAÑO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORALE ESCRITA	C. AUDIOVI	TIC	EMPRENDEMENT	E. CÍVICA E CONSTI.
id	B3.1. Analizar o papel do ADN como portador da información xenética.	CCL CSC CCEC	B3.1.1. Describe a estrutura e a composición química do ADN, e recoñece a súa importancia biolóxica como molécula responsable do almacenamento, a conservación e a transmisión da información xenética.	•Explica a estrutura e composición química do ADN e recoñece a súa importancia como portador da información xenética.	100	10	X	X	X	X	X		X		
l	B3.2. Distinguir as etapas da replicación e os enzimas implicados nela.	CAA CMCC T	B3.2.1. Diferencia as etapas da replicación e identifica os enzimas implicados nela.	•Distingue as etapas de replicación e identifica os enzimas implicados nela.	100	20	X	X	X	X	X		X		
il	B3.3. Establecer a relación do ADN coa síntese de proteínas.	CAA CMCC T	B3.3.1. Establece a relación do ADN co proceso da síntese de proteínas.	•Relaciona o ADN co proceso de síntese de proteínas.	100	10	X	X	X	X	X		X		
i	B3.4. Determinar as características e as funcións do ARN.	CAA	B3.4.1. Diferencia os tipos de ARN e a función de cada un nos procesos de transcrición e tradución.	•Distingue os tipos de ARN e a función de cada un deles nos procesos de transcrición e tradución.	100	10	X	X	X	X	X		X		
		CAA CMCC T	B3.4.2. Recoñece e indica as características fundamentais do código xenético, e aplica ese coñecemento á resolución de problemas de xenética molecular.	•Distingue as características máis importantes do código xenético e utiliza o aprendido para resolver problemas de xenética molecular.	100	25	X	X	X	X	X		X		
gm	B3.5. Elaborar e interpretar esquemas dos procesos de replicación, transcrición e tradución, e a regulación da expresión xénica.	CD CMCC T	B3.5.1. Interpreta e explica esquemas dos procesos de replicación, transcrición e tradución.	•Descifra e explica esquemas dos procesos de replicación, transcrición e tradución.	100	10	X	X	X	X	X		X	X	
		CMCC T	B3.5.2. Resolve exercicios prácticos de replicación, transcrición e tradución, e de aplicación do código xenético.	•Resolve exercicios prácticos de replicación, transcrición e tradución, e de aplicación do código xenético.	100	10	X	X	X	X	X		X		
		CAA CD	B3.5.3. Identifica e distingue os enzimas principais relacionados cos procesos de transcrición e tradución.	•Distingue e diferencia os principais enzimas en procesos de transcrición e tradución.	100	5	X	X	X	X	X		X		

UNIDADE 15. AS MUTACIÓNS E A ENXEÑARÍA XENÉTICA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos coñecerán o concepto de mutación e clasificarán as mutacións segundo diferentes criterios. Describirán os distintos tipos de mutacións xénicas, cromosómicas e xenómicas. Coñecerán diferentes axentes mutaxénicos e algúns dos efectos que producen. Relacionarán mutación e cancro. Comprenderán e explicarán que as mutacións son necesarias, pero non suficientes para explicar o proceso evolutivo. Comprenderán que o estudo xenético das poboacións se basa no coñecemento das súas frecuencias xenotípicas e das súas frecuencias xénicas. Coñecerán os mecanismos polos que se orixinan novas especies. Prestarán especial atención á biotecnoloxía e analizarán as aplicacións da biotecnoloxía na produción de substancias terapéuticas e alimentos, no medio ambiente e na enxeñaría xenética. Recoñecerán as aplicacións da enxeñaría xenética, a biotecnoloxía e a clonación, coñecendo algúns produtos de interese farmacéutico ou industrial obtidos mediante a manipulación xenética de organismos. Describirán a clonación de seres vivos e as súas aplicacións. Coñecerán e valorarán as implicacións éticas e sociais dos avances no campo da biotecnoloxía, a enxeñaría xenética e a clonación.

CONTIDOS CURRICULARES

B3.8. Mutacións: tipos. Axentes mutaxénicos.

B3.9. Mutacións e cancro.

B3.10. Implicacións das mutacións na evolución e na aparición de novas especies.

B3.11. Enxeñaría xenética. Principais liñas actuais de investigación. Organismos modificados xeneticamente.

B3.12. Proxecto xenoma: repercusións sociais e valoracións éticas da manipulación xenética e das novas terapias xénicas.

OBJETIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS				
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARÁ Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO
e ñ	B3.6. Definir o concepto de mutación e distinguir os principais tipos e axentes mutaxénicos.	CCL	B3.6.1. Describe o concepto de mutación e establece a súa relación cos fallos na transmisión da información xenética.	•Explica o concepto de mutación e establece a súa relación con fallos na transmisión da información xenética.	100	30	X	X	X	X	X			
		CAA CSC	B3.6.2. Clasifica as mutacións e identifica os axentes mutaxénicos máis frecuentes.	•Enumera os distintos tipos de mutacións e identifica os axentes mutaxénicos máis habituais.	100	30	X	X	X	X	X		X	
h ñ	B3.7. Relacionar mutación e cancro. Destacar a importancia das mutacións na evolución das especies.	CAA CSC CCEC	B3.7.1. Asocia a relación entre a mutación e o cancro, e determina os riscos que implican algúns axentes mutaxénicos.	•Relaciona mutación e cancro e determina o risco que levan algúns axentes mutaxénicos.	100	10	X	X	X	X	X		X	
a g	B3.8. Desenvolver os avances máis recentes no ámbito da enxeñaría xenética, así como as súas aplicacións.	CSIEE CSC CCEC	B3.8.1. Resume e realiza investigacións sobre as técnicas desenvolvidas nos procesos de manipulación xenética para a obtención de organismos transxénicos.	•Explica e busca información sobre os procesos de manipulación xenética para a obtención de organismos transxénicos.	100	15	X	X	X	X	X		X	X
a c d	B3.9. Analizar os progresos no coñecemento do xenoma humano e a súa influencia nos novos tratamentos.	CSC CCEC	B3.9.1. Recoñece e indica os descubrimentos máis recentes sobre o xenoma humano e as súas aplicacións en enxeñaría xenética, e valora as súas implicacións éticas e sociais.	•Investiga sobre os descubrimentos máis recentes sobre o xenoma humano e as súas aplicacións en enxeñaría xenética. Valora desde o punto de vista ético os avances no campo da biotecnoloxía, a enxeñaría xenética e a clonación.	100	15	X	X	X	X	X		X	X

UNIDADE 16. A EVOLUCIÓN E A XENÉTICA DE POBOACIÓNS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos entenderán que a evolución é a transformación dunhas especies noutras ao longo do tempo. Saberán que Darwin e Wallace presentaron a teoría da evolución por selección natural. Estudarán como se atoparon probas da evolución en múltiples áreas da ciencia. Coñecerán que a teoría da evolución actual sintetiza datos de varios campos de investigación. Comprenderán que a xenética de poboacións explica de forma matemática o cambio evolutivo. Entenderán que nas poboacións naturais existen factores que favorecen a evolución e que para que teña lugar a especiación necesítase o illamento reprodutivo e que todas as especies actuais teñen un antecesor común.

CONTIDOS CURRICULARES

B3.9. Mutacións e cancro.

B3.10. Implicacións das mutacións na evolución e na aparición de novas especies.

B3.14. Evidencias do proceso evolutivo.

B3.15. Darwinismo e neodarwinismo: teoría sintética da evolución.

B3.16. Xenética de poboacións. Frecuencias xénicas e a súa relación coa evolución.

B3.17. A mutación e a recombinación xénica como procesos que xeran cambios e adaptacións. Principios da selección natural.

B3.18. Evolución e biodiversidade.

B3.19. Proceso de especiación. Modelos de especiación.

OBXECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
h l ñ	B3.7. Relacionar mutación e cancro. Destacar a importancia das mutacións na evolución das especies.	CAA CSC CCEC	B3.7.2. Destaca a importancia das mutacións na evolución e na aparición de novas especies.	•Comprende e valora a importancia das mutacións na evolución e na aparición de novas especies.	100	15	X	X	X	X	X		X		
b i	B3.11. Diferenciar evidencias do proceso evolutivo.	CSIEE CCL	B3.11.1. Argumenta evidencias que demostran o feito evolutivo.	•Argumenta distintas evidencias que demostran o feito evolutivo.	100	15	X	X	X	X	X		X		
m	B3.12. Recoñecer e diferenciar os principios da teoría darwinista e neodarwinista.	CAA	B3.12.1. Identifica os principios da teoría darwinista e neodarwinista, e compara as súas diferenzas.	•Explica e compara os principios fundamentais das teorías darwinista e neodarwinista.	100	15	X	X	X	X	X		X		
a	B3.13. Relacionar o xenotipo e as frecuencias xénicas coa xenética de poboacións e a súa influencia na evolución.	CMCCT	B3.13.1. Distingue os factores que inflúen nas frecuencias xénicas.	•Sinala os factores que inflúen nas frecuencias xenotípicas e xénicas.	100	15	X	X	X	X	X		X		
		CAA CMCCT CSIEE	B3.13.2. Comprende e aplica modelos de estudo das frecuencias xénicas na investigación privada e en modelos teóricos.	•Comprende e aplica modelos de estudo das frecuencias xénicas na investigación privada e en modelos teóricos.	100	10	X	X	X	X	X		X		
d e l	B3.14. Recoñecer e indicar a importancia da mutación e a recombinación como motores da evolución.	CSC CCEC	B3.14.1. Ilustra a relación entre mutación e recombinación, o aumento da diversidade e a súa influencia na evolución dos seres vivos.	•Desenvolve a relación entre mutación e recombinación, o aumento da diversidade e a súa influencia na evolución dos seres vivos.	100	15	X	X	X	X	X		X		
l a	B3.15. Analizar os factores que incrementan a biodiversidade e a súa influencia no proceso de especiación.	CCEC CAA	B3.15.1. Distingue tipos de especiación e identifica os factores que posibilitan a segregación dunha especie orixinal en dúas especies diferentes.	•Diferencia os tipos de especiación e identifica os factores que posibilitan a segregación dunha especie.	100	15	X	X	X	X	X		X		

UNIDADE 17. OS MICROORGANISMOS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos entenderán o concepto de microorganismo, coñecerán os grupos en que se engloban e apreciarán a súa diversidade e heteroxeneidade. Saberán que os microorganismos están presentes en todos os dominios. Entenderán que os virus son axentes infecciosos acelulares e que as bacterias se asocian formando agrupacións. Estudarán como as bacterias presentan diversos tipos de nutrición e mecanismos de relación e que a reprodución nas bacterias inclúe mecanismos parasexuais. Tamén verán como as bacterias se clasifican segundo diversos criterios. Fixaranse e observarán como as arqueobacterias colonizan ambientes de condicións extremas e que os microbios eucariotas pertencen ao reino Protistas e ao reino Fungos.

CONTIDOS CURRICULARES

B4.1. Microbioloxía. Concepto de microorganismo. Microorganismos con organización celular e sen ela.

B4.2. Virus, outras formas acelulares e partículas infectivas subvirais. Bacterias. Fungos microscópicos. Protozoos. Algas microscópicas.

B4.3. Observación microscópica de protozoos, algas e fungos.

B4.4. Métodos de estudo dos microorganismos. Esterilización e pasteurización.

B4.5. Realización de experiencias de cultivo de microorganismos.

B4.6. Microorganismos nos ciclos xeoquímicos.

OBJETIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
l m	B4.1. Diferenciar os tipos de microorganismos en función da súa organización celular.	CSIEE	B4.1.1. Clasifica os microorganismos no grupo taxonómico ao que pertencen.	• Clasifica os microorganismos segundo o grupo taxonómico ao que pertence.	100	25	X	X	X	X	X		X		
e	B4.2. Describir as características estruturais e funcionais dos grupos de microorganismos.	CSIEE	B4.2.1. Analiza a estrutura e a composición dos microorganismos e relacións coa súa función.	• Examina a estrutura e composición dos distintos microorganismos e relacións coa súa función.	100	25	X	X	X	X	X		X		
l m	B4.3. Identificar os métodos de illamento, cultivo e esterilización dos microorganismos.	CD CMCCT	B4.3.1. Describe técnicas instrumentais que permiten o illamento, o cultivo e o estudo dos microorganismos para a experimentación biolóxica.	• Explica distintas técnicas utilizadas para illar, cultivar e estudar os microorganismos e experimentar con eles de forma biolóxica.	100	25	X	X	X	X	X		X		
a l	B4.4. Valorar a importancia dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.	CCL CMCCT	B4.4.1. Recoñece e explica o papel fundamental dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.	• Examina e explica a función e importancia dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.	100	25	X	X	X	X	X		X		

UNIDADE 18. MICROORGANISMOS, ENFERMIDADES E BIOTECNOLOXÍA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos diferenciarán distintos tipos de enfermidades infecciosas segundo a súa distribución e a súa incidencia, comprendendo como se produce unha infección microbiana. Coñecerán os modos de transmisión dos microorganismos, os seus mecanismos de entrada no hospedador e indicarán tipos de enfermidades producidas por microorganismos. Describirán as diferentes técnicas de manipulación dos microorganismos: cultivo, crecemento, control e observación. Analizarán as aplicacións da biotecnoloxía na produción de substancias terapéuticas, alimentos, no medio ambiente e na enxeñaría xenética. Coñecerán e compararán algúns produtos obtidos dos microorganismos mediante fermentadores industriais. Avaliarán o papel que exercen os microorganismos nos diferentes ciclos bioxeoquímicos, coñecendo os factores que inflúen niso. Ademáis, realizarán unha lectura comprensiva do texto Que enfermidades víricas poden transmitir os mosquitos? e comprenderán o perfil do técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.

CONTIDOS CURRICULARES

B4.4. Métodos de estudo dos microorganismos. Esterilización e pasteurización.

B4.5. Realización de experiencias de cultivo de microorganismos.

B4.7. Microorganismos como axentes produtores de doenzas.

B4.8. Biotecnoloxía. Utilización dos microorganismos nos procesos industriais: produtos elaborados por biotecnoloxía.

B4.9. Realización de experiencias con microorganismos fermentadores.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
l m	B4.3. Identificar os métodos de illamento, cultivo e esterilización dos microorganismos.	CD CMCC T	B4.3.1. Describe técnicas instrumentais que permiten o illamento, o cultivo e o estudo dos microorganismos para a experimentación biolóxica.	<ul style="list-style-type: none"> •Explica técnicas instrumentais que permiten o illamento, o cultivo e o estudo dos microorganismos para a experimentación biolóxica. 	100	20	X	X	X	X	X		X		
b c d	B4.5. Recoñecer e numerar as doenzas máis frecuentes transmitidas polos microorganismos, utilizando o vocabulario axeitado relacionado con elas.	CSC CD	B4.5.1. Relaciona os microorganismos patóxenos máis frecuentes coas doenzas que orixinan.	<ul style="list-style-type: none"> •Establece a relación entre os microorganismos patóxenos máis frecuentes coas doenzas que orixinan. 	100	20	X	X	X	X	X		X		
a c g ñ	B4.6. Avaliar as aplicacións da biotecnoloxía e a microbioloxía na industria alimentaria e farmacéutica, e na mellora do medio.	CAA CCEC CSC CMCC T	B4.6.1. Analiza a intervención dos microorganismos en numerosos procesos naturais e industriais, e as súas numerosas aplicacións.	<ul style="list-style-type: none"> •Explica como inflúen os microorganismos en numerosos procesos naturais e industriais e as súas numerosas aplicacións. 	100	20	X	X	X	X	X		X		
		CCEC CSC CMCC T	B4.6.2. Recoñece e identifica os tipos de microorganismos implicados en procesos fermentativos de interese industrial.	<ul style="list-style-type: none"> •Identifica os distintos tipos de microorganismos implicados en procesos fermentativos de interese industrial. 	100	20	X	X	X	X	X		X		
		CD CMCC T	B4.6.3. Valora as aplicacións da biotecnoloxía e a enxeñaría xenética na obtención de produtos farmacéuticos, en medicina e en biorremediación, para o mantemento e a mellora do medio.	<ul style="list-style-type: none"> •É consciente das aplicacións da biotecnoloxía e a enxeñaría xenética tanto na obtención de produtos farmacéuticos como en medicina e en biorremediación para o mantemento e mellora do medio. 	100	20	X	X	X	X	X		X		

UNIDADE 19. O PROCESO INMUNITARIO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os alumnos recoñecerán os mecanismos de defensa inespecíficos, distinguíndoos dos específicos. Comprenderán o concepto de inmunidade e as formas de adquirila. Indicarán os órganos, as células e as moléculas do sistema inmunitario, e a súa organización tisular e orgánica. Compararán a resposta inmunitaria humoral e a resposta inmunitaria celular. Comprenderán os mecanismos de acción do sistema inmune diferenciando entre resposta primaria e secundaria.

CONTIDOS CURRICULARES

B5.1. Concepto actual de inmunidade. Sistema inmunitario. Defensas internas inespecíficas.

B5.2. Inmunidade específica: características e tipos (celular e humoral). Células responsables.

B5.3. Identificación de células inmunitarias mediante a súa observación.

B5.4. Mecanismo de acción da resposta inmunitaria. Memoria inmunolóxica.

B5.5. Antíxenos e anticorpos. Estrutura dos anticorpos. Formas de acción. A súa función na resposta inmune.

B5.6. Reacción antíxeno-anticorpo: tipos e características.

B5.7. Inmunidade natural e artificial ou adquirida. Soros e vacinas. A súa importancia na loita contra as doenzas infecciosas.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPREENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
e b	B5.1. Desenvolver o concepto actual de inmunidade.	CAA CSIEE	B5.1.1. Analiza os mecanismos de autodefensa dos seres vivos e identifica os tipos de resposta inmunitaria.	•Estuda os mecanismos de autodefensa dos seres vivos e identifica o tipo de resposta inmunitaria.	100	10	X	X	X	X	X		X		
l i	B5.2. Distinguir inmunidade inespecífica e específica, así como as súas células respectivas.	CCL	B5.2.1. Describe as características e os métodos de acción das células implicadas na resposta inmune.	•Explica as características e os métodos de acción das distintas células que interveñen na resposta inmune.	100	20	X	X	X	X	X		X		
i l	B5.3. Discriminar resposta inmune primaria e secundaria.	CAA	B5.3.1. Compara as características da resposta inmune primaria e secundaria.	•Diferenza entre resposta inmune primaria e secundaria.	100	10	X	X	X	X	X		X		
e g i	B5.4. Definir os conceptos de antixeno e anticorpo, e identificar a estrutura dos anticorpos.	CCL CAA	B5.4.1. Define os conceptos de antixeno e de anticorpo, e recoñece a estrutura e a composición química dos anticorpos.	•Explica os conceptos de antixeno e anticorpo e detalla a estrutura e composición química dos anticorpos.	100	20	X	X	X	X	X		X		
i l	B5.5. Diferenciar os tipos de reacción antixeno-anticorpo.	CAA	B5.5.1. Clasifica os tipos de reacción antixeno-anticorpo e resume as características de cada un.	•Explica os diferentes tipos de reacción antixeno-anticorpo e as súas características principais.	100	20	X	X	X	X	X		X		
i l	B5.6. Diferenciar inmunidade natural e artificial, e soro e vacina.	CAA	B5.6.1. Destaca a importancia da memoria inmunolóxica no mecanismo de acción da resposta inmunitaria e asóciaa coa síntese de vacinas e soros.	•É consciente da importancia da memoria inmunolóxica no mecanismo de acción da resposta inmunitaria e asóciaa coa síntese de vacinas e soros.	100	20	X	X	X	X	X		X		

UNIDADE 20. ANOMALÍAS DO SISTEMA INMUNITARIO

OBXECTIVOS XERAIS

Os alumnos coñecerán a resposta autoinmunitaria e que consecuencias ten para o organismo. Recoñecerán a hipersensibilidade e a inmunodeficiencia como unha reacción excesiva ou deficiente, respectivamente, da resposta inmunitaria. Identificarán as principais características das células cancerosas, a súa relación co sistema inmunolóxico, así como coñecerán os métodos de prevención e detección precoz. Comprenderán os procesos inmunitarios que interveñen no rexeitamento de transplante de órganos. Valorarán a dimensión ética e social dos transplantes de órganos, coñecerán os principais tratamentos de inmunoterapia e diferenciarán entre soros e vacinas.

CONTIDOS CURRICULARES

B5.8. Disfuncións e deficiencias do sistema inmunitario. Alerxias e inmunodeficiencias.

B5.9. Sistema inmunitario e cancro.

B5.10. A SIDA e os seus efectos no sistema inmunitario.

B5.11. Doenzas autoinmunes.

B5.12. Anticorpos monoclonais e enxeñaría xenética.

B5.13. Transplante de órganos e problemas de rexeitamento. Reflexión ética sobre a doazón de órganos, medula e sangue.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA ESCRITA	OBSERVACIÓN TRABAJO AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORALE ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
m h ñ	B5.7. Investigar a relación entre as disfuncións do sistema inmune e algunhas patoloxías frecuentes.	CCL CSIEE	B5.7.1. Resume as principais alteracións e disfuncións do sistema inmunitario, e analiza as diferenzas entre alerxias e inmunodeficiencias.	•Realiza un resumo sobre as principais alteracións e disfuncións do sistema inmunitario. Examina as diferenzas entre alerxia e inmunodeficiencia.	100	20	X	X	X	X	X		X		
h a g	B5.8. Analizar e describir o ciclo do virus do VIH.	CAA CD CCL	B5.8.1. Describe o ciclo de desenvolvemento do VIH.	•Explica o ciclo de desenvolvemento do VIH.	100	20	X	X	X	X	X		X		
e j	B5.9. Describir o proceso de autoinmunidade.	CSIEE CSC CCEC	B5.9.1. Clasifica e cita exemplos das doenzas autoinmunes máis frecuentes, así como os seus efectos sobre a saúde.	•Enumera e explica como actúan sobre a saúde e dá exemplos das enfermidades autoinmunes máis frecuentes.	100	20	X	X	X	X	X		X		
e a c	B5.10. Argumentar e valorar os avances da inmunoloxía e a enxeñaría xenética nos tratamentos con anticorpos monoclonais e os transplantes de órganos, e a problemática do rexeitamento.	CSC CCEC	B5.10.1. Recoñece e valora as aplicacións da inmunoloxía e da enxeñaría xenética para a produción de anticorpos monoclonais.	•Recoñece e valora as aplicacións da Inmunoloxía e enxeñaría xenética para a produción de anticorpos monoclonais.	100	10	X	X	X	X	X		X		
		CAA CSC CCEC	B5.10.2. Describe os problemas asociados ao transplante de órganos, e identifica as células que actúan.	•Explica que problemas leva o transplante de órganos e identifica as células que actúan.	100	20	X	X	X	X	X		X		
		CSC CCEC	B5.10.3. Clasifica e entende os tipos de transplantes, e relaciona os avances neste ámbito co impacto futuro na doazón de órganos, medula e sangue.	•Clasifica os tipos de transplantes e establece a relación entre os avances neste ámbito e a importancia nun futuro da doazón de órganos.	100	10	X	X	X	X	X		X		

4.2.4.9.- AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL

Tal como se comentou non apartado adicado á metodoloxía, ao inicio de cada unidade, faranse unha serie de preguntas para ver o nivel de coñecementos que ten o alumno sobre os contidos da unidade. Os resultados obtidos serán tomados coma base a partir da cal se iniciará á explicación de cada unidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O alumno deberá acadar os obxectivos xerais do bacharelato e os da materia, conseguindo unha nota positiva en cada un dos indicadores que valoran os criterios de avaliación a través do estándares de aprendizaxe nomeados no apartado anterior. A consecución dunha valoración positiva implicará que ademais dos obxectivos, o alumno acadou as competencias clave.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación empregaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación co fin de valorar o grao de consecución dos estándares por parte do alumnado. É evidente que a utilización dos mesmos variará segundo as unidades, como por ex. as prácticas de laboratorio, que non son viables en todas elas.

Os procedementos son:

1. Proba escrita.
2. Observación de aula
3. Actitude cara á materia

Os instrumentos son:

No apartado 1 o instrumento son, en xeral, probas escritas.

Nos apartados *Observación aula* e *Actitude cara á materia*, a cualificación farase a través dos seguintes instrumentos: listas de control, rexistro anecdótico e diario de aula que reflectirán todo o acontecido na aula.

PROCEDIMENTOS		CUALIFICACIÓN	VALOR AV.
PROBA ESCRITA	Pruebas escritas	0-10 ptos.	80 %

OBSERVACIÓN AULA		Cumple os obxectivos regularmente	Cumple os obxectivos nalgunhas ocasións	Non cumpre os obxectivos case nunca		15%
	Intervención diaria na aula	1 pto.	0,4 ptos.	0 ptos.	0-1 pto.	
	Intervención en debates	0,2 ptos.	0,1 ptos.	0 ptos.	0-0,2 ptos.	
	Laboratorio	0,3 ptos.	0,15 ptos.	0 ptos.	0-0,3 ptos.	

		Cumpre os obxectivos regularmente	Cumpre os obxectivos nalgunhas ocasións	Non cumpre os obxectivos case nunca		
ACTITUDE CARA Á MATERIA	Trae o material	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	5%
	Traballo en grupo	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	
	Mostra respecto pola intervención dos demais	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	
	Puntualidade	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	
	Contribúe de maneira positiva ao ambiente das clases	0,1 ptos.	0,05 ptos.	0 ptos.	0-0,1 ptos.	

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

No referido ás probas escritas, a puntuación máxima será un 10.

Nos apartados *Observación traballo aula* e *Actitude cara á materia*, excepto no apartado *Resposta ás actividades da aula* onde o rexistro é directo, nos demais farase a través de listas de control, rexistro anecdótico e diarios de aula que reflectirán todo o acontecido na aula.

As *Probas escritas* serán un 80% da nota.

A *Observación de aula* terá un valor dun 15% do total.

A *Actitude de cara á materia* será un 5% do total.

A nota da avaliación final ordinaria será unha media da obtidas durante as tres avaliacións. A nota de aprobado de cada avaliación será igual o superior a 5 puntos. No caso de non superar algunha destas, o alumno fará unha proba final da/das avaliacións suspensas, que incluírá todos os contidos explicados na avaliación ou avaliacións correspondentes.

Calquer alumno que copie nalgunha das probas efectuadas durante as avaliacións ou que sexa sorprendido con calquer material non autorizado polo profesor (apuntes, libros, dispositivos electrónicos,...) quedaralle anulada dita proba e, inmediatamente, faráselle outra coas características que estime oportunas a profesora implicada.

No caso de copiar dun compañeiro calquera dos traballos e actividades que non inclúan as probas escritas, aplicaranse as mesmas medidas.

MÍNIMOS EXIXIBLES. CONCRECIÓN

O proceso de avaliación na materia de Bioloxía ten como finalidade coñecer o grao de competencia alcanzado polos alumnos nos obxectivos da mesma, tomando como referente os criterios de avaliación e os estándares e os seus indicadores anteriormente especificados, e que se poden concretar nos seguintes puntos:

- Recoñecer os diferentes tipos de macromoléculas que constitúen a materia viva e relacionalas coas súas funcións biolóxicas na célula.
- Enumerar as razóns polas que a auga e os sales minerais son fundamentais nos procesos celulares, indicando algúns exemplos das repercusións da súa ausencia.

- Recoñecer e representar a estrutura xeral dun monosacárido. Recoñecer e representar o enlace O-glicosídico. Recoñecer ás estruturas dos disacáridos e polisacáridos.
- Recoñecer ás estruturas dos ácidos graxos e dos lípidos saponificables. Saber explicar o comportamento dos lípidos en medio acuoso.
- Aprender a fórmula xeral dos aminoácidos. Recoñecer e representar o enlace peptídico.
- Recoñecer e representar o enlace fosfodiéster. Recoñecer as estruturas dos polinucleótidos.
- Interpretar a estrutura interna dunha célula eucariota e dunha célula procariota (tanto co microscopio óptico como co microscopio electrónico), identificando os orgánulos da primeira e describindo a función que desempeñan.
- Explicar a teoría celular e a súa importancia no desenvolvemento da bioloxía.
- Analizar e representar esquematicamente o ciclo celular e as modalidades da división do núcleo e do citoplasma, xustificando a importancia biolóxica da mitose.
- Diferenciar os mecanismos de síntese da materia orgánica respecto dos de degradación e os intercambios enerxéticos a eles asociados. Explicar o significado biolóxico da respiración celular indicando as diferenzas entre a vía aerobia e a anaerobia respecto da rendibilidade enerxética, os produtos finais orixinados e o interese industrial destes últimos. Enumerar os diferentes procesos que teñen lugar na fotosíntese e xustificar a súa importancia como proceso de biosíntese, individual para os organismos, pero tamén para o mantemento da vida.
- Comparar as características dunha célula vexetal e unha célula animal. Describir, localizar e identificar os compoñentes dunha célula eucariota en relación coa súa estrutura e función.
- Explicar os diferentes procesos mediante os cales a célula incorpora substancias: permeabilidade celular e endocitose.
- Explicar o metabolismo desde un punto de vista global. Indicar o papel do poder redutor e do ATP nos procesos metabólicos.

- Definir e localizar: glucólise, ciclo de Krebs, β -oxidación, cadea respiratoria e fosforilación oxidativa. Compre recoñecer a) con que composto empeza e con cal remata, b) onde teñe lugar, c) que se xera (sen aprender a cuantitativa) e d) para que serven. Dá gluconeoxénese e lipoxénese hai que saber onde empezan e rematan, onde teñen lugar e que se consume (sen aprender cuantitativa).
- Diferenciar as fases da fotosíntese e localizalas intracelularmente. Identificar os sustratos e os produtos que interveñen nas fases da fotosíntese e establecer o balance enerxético desta.
- Aplicar os mecanismos de transmisión dos caracteres herdables segundo a hipótese mendeliana e a teoría cromosómica da herdanza á interpretación e resolución de problemas relacionados coa herdanza.
- Describir as vantaxes da reprodución sexual e relacionar a meiose coa variabilidade xenética das especies.
- Explicar o papel do ADN como portador da información xenética, a natureza do código xenético e a relación coa síntese das proteínas.
- Relacionar as mutacións coas alteracións da información e a súa repercusión na variabilidade dos seres vivos e na saúde das persoas.
- Coñecer algunhas das ferramentas da enxeñaría xenética e as súas aplicacións.
- Explicar as características estruturais e funcionais dos microorganismos, resaltando as súas relacións cos outros seres vivos, a súa función nos ciclos bioxeoquímicos, valorando as aplicacións da microbioloxía na industria alimentaria e farmacéutica e na mellora do medio natural, así como o poder patóxico que poden ter nos seres vivos.
- Analizar os mecanismos de autodefensa dos seres vivos, en particular o desenvolto polos vertebrados ante a presenza dos antíxenos.
- Coñecer o concepto actual de inmunidade e explicar as características da resposta inmunitaria, incidir para reforzar e estimular as defensas naturais.

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS QUE NON ASISTIRON A CLASES

Aqueles alumnos que non puideron asistir con regularidade ás clases por motivos xustificables (entendendo xustificables os involuntarios, coma por ex. unha enfermidade, que deberán xustificar con algún tipo de documento médico) terán que:

- Presentar un traballo referido os contidos que se traballaron na aula durante o período de ausencia e realizar unha proba referida aos mesmos.
- Facer unha proba (que pode ser oral si as circunstancias así o requiren) por avaliación, facilitándoselles previamente a información requirida para unha correcta realización da mesma. As datas serán escollidas tendo en conta o calendario escolar.

Estes dous requisitos teranse que levar a cabo os dous ou un deles a xuízo da profesora do curso e, sobre todo, tendo en conta as circunstancias de cada caso.

Os mínimos esixibles adaptaranse, na medida do posible, aos días de asistencia do alumno á clase, é dicir, aqueles obxectivos que requiran a presenza física na aula (prácticas de laboratorio, participación nos debates, etc) serán tidos en conta segundo os días nos que o alumno viu á clase.

4.2.4.10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Intentarase actuar de xeito adecuado para conseguir os obxectivos mínimos da materia. As formas de actuación en ocasións son limitadas polo elevado número de alumnos por aula para afrontar moitas das circunstancias que se dan en caso de necesidades educativas especiais, onde o que sería un número ideal para unha aula, podemos dicir que habitual, nestas condicións pasa a ser elevado, e por tanto, inapropiado. Aínda así, xunto co departamento de Orientación e o equipo directivo (Decreto de 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade) elaboraranse as medidas a seguir para cada caso, segundo as necesidades, coma por ex. Aplicación Protocolo TDAH. É imposible a enumeración de todas as estratexias a seguir posto que as situacións poden ser moi variadas e numerosas, só mencionar a disposición dos membros do Departamento para colaborar en todo o que sexa necesario.

4.2.4.11.- ACREDITACIÓN COÑECEMENTOS DE MATERIAS PARA O ALUMNADO DE BACHARELATO

No presente curso 2021-22 non hai ningún alumno matriculado na materia que non cursara a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de bacharelato. No caso que durante o curso se dera o caso contrario, o alumno ou alumna entregará un traballo por escrito con aqueles contidos que sexán base para a bioloxía do segundo curso e que formen parte do currículo do primeiro curso.

4.2.4.12.- SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO

Nas reunións de Departamento farase o seguimento das programacións e determinarase:

- Se se está desenvolvendo con normalidade dentro dos tempos previstos.
- Ver se os alumnos asimilan os contidos tal e como está establecido.
- Estudar posibles melloras para o curso próximo unha vez rematdo o curso.
- En caso necesario, alterar a secuenciación ou outros aspectos oportunos das unidades didácticas que se consideran favorecedores da comprensión dos temas tratados.

Valorase se estan a desenvolverse con normalidade ou se é necesario (e posible) introducir algún/s cambio, tomarase nota. Neste sentido hai que lembrar que a temporalización e a secuenciación, de cada unidade didáctica, son flexibles e modificables segundo as necesidades que se vaian observando no desenvolvemento da mesma, sen que isto prexudique ao desenvolvemento desta Programación.

Ao final de curso cubriremos un documento como o seguinte. Poderase modificar, engadir ou quitar indicadores segundo as necesidades que se observen ao longo do curso.

A valoración 1 será a óptima, 2 mellorable (modificar so algúns detalles), 3 necesario cambio.

MATERIA:	CURSO:		
PROFESORA:	FECHA:		
EVALUACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES	1	2	3
A programación didáctica fai un plantaxemento adecuado das unidades didácticas a partir do currículo.			
A secuenciación e a temporalización é a adecuada.			
A concreción de contenidos, criterios y estándares para cada unidade é a adecuada.			
En xeral consíguense todos os obxectivos previstos para o curso			
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.			
Os materiais didácticos son os adecuados.			
O libro de texto é o adecuado.			
As prácticas de laboratorio son as adecuadas.			
A atención á diversidade cumpre o seu obxectivo			
A dinámica de aula permite a participación de todo o alumnado por igual.			
Son adecuadas aos obxectivos da programación as actividades para casa.			
O número de exames realizados é o adecuado.			
As actividades extraescolares cumpren o seu obxectivo.			

4.2.4.13.- SEGUIMIENTO DA PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO

Para **valorar a práctica docente** cubrirase a seguinte táboa, cada profesora dunha materia terá que entregala a final do curso.

MATERIA:	CURSO:	
PROFESORA:	FECHA:	
PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES	SI	NON
Respectouse a distribución temporal dos contidos por avaliacións.		
Aplicouse a metodoloxía didáctica programada.		
Tivéronse en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarios para aprobar a materia.		
Aplicáronse os procedementos de avaliación programados axustados aos criterios		
Aplicáronse medidas de atención á diversidade aos alumnos que as necesitaban.		
Leváronse a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores segundo a túa responsabilidade.		
Leváronse a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.		
Puxéronse en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.		
Utilizáronse os materiais e recursos didácticos programados.		
Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas.		
OBSERVACIÓNS:		

4.2.5. PROGRAMACIÓN DE CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE 2º BACHARELATO

4.2.5.1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Dos 85 alumnos matriculados en 2º de bacharelato, 39 o están na materia de CTMA, distribuidos en 2 grupos, un de 22 e outro de 17.

Con esta materia preténdese que o alumnado incorpore á súa bagaxe os coñecementos sobre os grandes problemas ambientais que carrega o desenvolvemento humano, xunto á necesaria reflexión científica sobre eles, adquirindo con iso unha nova estrutura conceptual integradora das achegas doutras materias cara ao coñecemento do medio ambiente; e sobre todo, poder inculcar aos alumnos e ás alumnas a idea dun desenvolvemento humano sustentable, respectuoso co medio e os valores ecolóxicos do noso planeta, coa consecuente rendibilidade social e humana para as futuras xeracións.

Para abordar o estudio desta materia, será necesario aplicar, de forma integradora, coñecementos adquiridos noutras materias, como bioloxía, xeoloxía, física e química, que permitirán a comprensión da dinámica e interaccións dos sistemas terrestres, dos impactos ambientais, das solucións propostas á problemática ambiental, etc.

A materia contará cunha aula virtual, na que o alumnado terá a súa disposición todo o material de clase, enlaces de interese, actividades. Todas elas serán feitas no instituto xa que contamos cunha hora á semana nunha aula de informática.

4.2.5.2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal coma indican as instrucións dictadas pola Unión Europea, as materias do Departamento contribuirán a alcanzar as competencias clave para a aprendizaxe permanente tal coma se indica a continuación:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

A terminoloxía usada en Bioloxía e Xeoloxía permitirá ao alumnado a adoptar esta linguaxe e os seus termos para utilzalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Así mesmo, a comunicación dos resultados de investigacións e outros traballos que realicen favorece o

desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**. As lecturas e os debates que se levarán a cabo en todos os temas da materia permitirán tamén a familiarización e o uso da linguaxe científica.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS CLAVE EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)

Son competencias claves na materia, os alumnos aplicarán estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Esta competencia fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que os alumnos se familiaricen cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo da bioloxía e da xeoloxía que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

APRENDER A APRENDER (CAA)

A adquisición da **competencia para aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

Esta materia favorece o traballo en grupo para a resolución de actividades e o traballo de laboratorio, fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos riscos da ciencia e da tecnoloxía e permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas relacionados co avance científico e tecnolóxico.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS QUE NON ASISTIRON A CLASES

Aqueles alumnos que non puideron asistir con regularidade ás clases por motivos xustificables (entendendo xustificables os involuntarios, coma por ex. unha enfermidade, que deberán xustificar con algún tipo de documento médico) terán que:

- Presentar un traballo referido os contidos que se traballaron na aula durante o período de ausencia e realizar unha proba referida aos mesmos.
- Facer unha proba (que pode ser oral si as circunstancias así o requiren) por avaliación, facilitándoselles previamente a información requirida para unha correcta realización da mesma. As datas serán escollidas tendo en conta o calendario escolar.

Estes dous requisitos teranse que levar a cabo os dous ou un deles a xuízo da profesora do curso e, sobre todo, tendo en conta as circunstancias de cada caso.

Os mínimos esixibles adaptaranse, na medida do posible, aos días de asistencia do alumno á clase, é dicir, aqueles obxectivos que requiran a presenza física na aula (prácticas de laboratorio, participación nos debates, etc) serán tidos en conta segundo os días nos que o alumno viu á clase.

4.2.5.10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Intentarase actuar de xeito adecuado para conseguir os obxectivos mínimos da materia. As formas de actuación en ocasións son limitadas polo elevado número de alumnos por aula para afrontar moitas das circunstancias que se dan en caso de necesidades educativas especiais, onde o que sería un número ideal para unha aula, podemos dicir que habitual, nestas condicións pasa a ser elevado, e por tanto, inapropiado. Aínda así, xunto co departamento de Orientación e o equipo directivo (Decreto de 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade) elaboraranse as medidas a seguir para cada caso, segundo as necesidades, coma por ex. Aplicación Protocolo TDAH. É imposible a enumeración de todas as estratexias a seguir posto que as situacións poden ser moi variadas e numerosa, só mencionar a disposición dos membros do Departamento para colaborar en todo o que sexa necesario.

4.1.5.11.- SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO

Nas reunións de Departamento farase o seguimento das programacións e determinarase:

- Se se está desenvolvendo con normalidade dentro dos tempos previstos.
- Ver se os alumnos asimilan os contidos tal e como está establecido.
- Estudar posibles melloras para o curso próximo unha vez rematdo o curso.
- En caso necesario, alterar a secuenciación ou outros aspectos oportunos das unidades didácticas que se consideran favorecedores da comprensión dos temas tratados.

Valorase se estan a desenvolverse con normalidade ou se é necesario (e posible) introducir algún/s cambio, tomarase nota. Neste sentido hai que lembrar que a temporalización e a secuenciación, de cada unidade didáctica, son flexibles e modificables segundo as necesidades que se vaian observando no desenvolvemento da mesma, sen que isto prexudique ao desenvolvemento desta Programación.

Ao final de curso cubriremos un documento como o seguinte. Poderase modificar, engadir ou quitar indicadores segundo as necesidades que se observen ao longo do curso.

A valoración 1 será a óptima, 2 mellorable (modificar so algúns detalles), 3 necesario cambio.

MATERIA:	CURSO:		
PROFESORA:	FECHA:		
EVALUACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES	1	2	3
A programación didáctica fai un plantaxemento adecuado das unidades didácticas a partir do currículo.			
A secuenciación e a temporalización é a adecuada.			
A concreción de contenidos, criterios y estándares para cada unidade é a adecuada.			
En xeral consíguense todos os obxectivos previstos para o curso			
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.			
Os materiais didácticos son os adecuados.			
O libro de texto é o adecuado.			
As prácticas de laboratorio son as adecuadas.			
A atención á diversidade cumpre o seu obxectivo			
A dinámica de aula permite a participación de todo o alumnado por igual.			
Son adecuadas aos obxectivos da programación as actividades para casa.			
O número de exames realizados é o adecuado.			
As actividades extraescolares cumpren o seu obxectivo.			

4.2.5.12.- SEGUIMIENTO DA PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO

Para **valorar a práctica docente** cubrirase a seguinte táboa, cada profesora dunha materia terá que entregala a final do curso.

MATERIA:	CURSO:	
PROFESORA:	FECHA:	
PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES	SI	NON
Respectouse a distribución temporal dos contidos por avaliacións.		
Aplicouse a metodoloxía didáctica programada.		
Tivéronse en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarios para aprobar a materia.		
Aplicáronse os procedementos de avaliación programados axustados aos criterios		
Aplicáronse medidas de atención á diversidade aos alumnos que as necesitaban.		
Leváronse a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores segundo a túa responsabilidade.		
Leváronse a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.		
Puxéronse en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.		
Utilizáronse os materiais e recursos didácticos programados.		
Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas.		
OBSERVACIÓNS:		

4.2.6.- PROGRAMACIÓN DE XEOLOXÍA DE 2º BACHARELATO

4.2.6.1.- INTRODUCCIÓN CONTEXTUALIZACIÓN

En 2º de Bacharelato hai 4 grupos cun total de 85 alumnos distribuídos en 4 grupos, destes, 23 alumnos escolleron a materia de Xeoloxía.

A materia de Xeoloxía é moi importante, xa non so polos coñecementos propios da área para un futuro profesional (non tan específico coma parece), senón para a vida diaria, coma por ex. saber e coñecer os materiais de construción, que criterios seguir á hora de dar o permiso para un camping nunha torrenteira, etc.

A materia contará cunha aula virtual, na que o alumnado terá a súa disposición todo o material de clase, enlaces de interese, ademáis de realizar probas, exames e actividades a través da mesma. Todas elas serán feitas no instituto (excepto o material de clase, ao que poderán acceder desde os seus fogares) xa que contamos cunha hora á semana nunha aula de informática.

Unha última cuestión, en realidade mais ben un comentario que ben podería valer para as outras materias impartidas polo Departamento, e é que si queremos ensinar unas ciencias de calidade, débense reducir os temarios, son totalmente incompatibles temarios, currículos extensos e actividades prácticas, que deberían ocupar, como mínimo unha hora á semana.

4.2.6.2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal coma indican as instrucións dictadas pola Unión Europea, as materias do Departamento contribuirán a alcanzar as competencias clave para a aprendizaxe permanente tal coma se indica a continuación:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

A terminoloxía usada en Bioloxía e Xeoloxía permitirá ao alumnado a adoptar esta linguaxe e os seus termos para utilízalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Así mesmo, a comunicación dos resultados de investigacións e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**. As lecturas e os debates que se levarán a cabo en todos os temas da materia permitirán tamén a familiarización e o uso da linguaxe científica.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS CLAVE EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)

Son competencias claves na materia, os alumnos aplicarán estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Esta competencia fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que os alumnos se familiaricen cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo da bioloxía e da xeoloxía que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

APRENDER A APRENDER (CAA)

A adquisición da **competencia para aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

Esta materia favorece o traballo en grupo para a resolución de actividades e o traballo de laboratorio, fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos riscos da ciencia e da tecnoloxía e permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas relacionados co avance científico e tecnolóxico.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

O método científico esixe **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, xa que, desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de

conclusionés, faise necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURALS (CCEC)

A elaboración de modelos que representen aspectos da natureza, a observación e a apreciación da beleza natural e da harmonía dunha paisaxe, etc., son exemplos dalgunhas das habilidades plásticas que se empregan no traballo da Bioloxía e Xeoloxía de 1.º de Bacharelato, o que contribúe ao desenvolvemento da **conciencia e expresións culturais** ao fomentar a sensibilidade e a capacidade estética dos alumnos.

4.2.6.3.- OBXECTIVOS DA MATERIA DE XEOLOXÍA 2º BACHARELATO

- Comprender o funcionamento global do sistema Terra, sabendo empregar as interaccións que se producen entre os subsistemas que o integran para explicar os grandes cambios globais acontecidos no pasado e aqueles que puidesen estar iniciándose na actualidade.
- Coñecer as teorías, principios e modelos básicos que constitúen o corpo central da xeoloxía, entendendo que o desenvolvemento da xeoloxía supón un proceso cambiante e dinámico que precisa unha actitude flexible e aberta.
- Buscar, analizar con espírito crítico, contrastar e seleccionar información procedente de diversas fontes e formatos, de xeito que se poida aplicar en contextos textos diferentes tanto de forma individual como en traballos de equipo.
- Realizar traballos de investigación, exploración de situacións e fenómenos relacionados coas ciencias da Terra, empregando, con autonomía crecente, as estratexias características da investigación científica e os procedementos propios da xeoloxía.
- Analizar os riscos xeolóxicos, os procesos naturais que os poden orixinar, coñecer a súa predición e prevención, valorando a necesidade da adopción de comportamentos e medidas que poidan evitar efectos catastróficos.

- Coñecer a situación do territorio español, peninsular e insular, en especial, o referente a Galicia no contexto xeral da dinámica global ofrecida pola teoría da tectónica de placas, relacionándoa con algunha das súas características xeolóxicas e os procesos xeodinámicos actualmente activos.
- Establecer relacións entre a xeoloxía, a tecnoloxía e a sociedade, valorando a utilidade social e económica que proporciona esta ciencia e a necesidade de coñecer e corrixir os impactos derivados da explotación dos recursos.

4.2.6.4.- BLOQUES DE CONTIDOS QUE SE ABORDAN EN XEOLOXÍA 2º BACHARELATO

- BLOQUE 1. O planeta Terra e o seu estudo
- BLOQUE 2. Minerais: os compoñentes das rochas
- BLOQUE 3. Rochas ígneas, sedimentarias e metamórficas
- BLOQUE 4. A tectónica de placas: unha teoría global
- BLOQUE 5. Procesos xeolóxicos externos
- BLOQUE 6. Tempo xeolóxico e xeoloxía histórica
- BLOQUE 7. Riscos xeolóxicos
- BLOQUE 8. Recursos minerais e enerxéticos e augas subterráneas
- BLOQUE 9. Xeoloxía de España
- BLOQUE 10. Xeoloxía de campo

4.2.6.5.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 1. O planeta e o seu estudio.
- UNIDADE 2. Os minerais.
- UNIDADE 3. As rochas magmáticas.

- UNIDADE 4. As rochas sedimentarias.
- UNIDADE 5. As rochas metamórficas.
- UNIDADE 6. Tectónica global: Deriva continental y Tectónica de Placas.
- UNIDADE 7. A deformación nas rochas.
- UNIDADE 8. Procesos xeolóxicos externos

2ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 9. Tempo xeolóxico e xeoloxía histórica. A historia do noso planeta.
- UNIDADE 10. Riscos xeolóxicos.
- UNIDADE 11. Recursos minerais e enerxéticos.
- UNIDADE 12. Xeoloxía de España e de Galicia.

3ª AVALIACIÓN:

- UNIDADE 13. Xeoloxía de campo. Cartografía xeolóxica.

4.2.6.6.- METODOLOXÍA

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía propón unha metodoloxía na que o alumno constrúe a súa propia aprendizaxe, elabora os seus propios modelos de coñecemento, incidindo con esto na autonomía persoal.

O profesor facilitará a posta en práctica dos coñecementos, favorecendo a utilidade do aprendido, será un guía do proceso.

Os contidos e as capacidades adquiridas han de poder ser empregadas na vida real, trátase de que o alumno poida trasladar a súa aprendizaxe a outros ámbitos diferentes.

A Xeoloxía permite e necesita que sexan tratados temas de actualidade como: riscos xeolóxicos, formación de relevos, sucesos xeolóxicos, análise de problemática recente causadas pola mala praxis, tanto de institucións coma de persoas, etc, formaran parte intrínseca da práctica da aula. Ademais, co aprendido, farase unha análise da realidade de España e Galicia.

Nas clases utilizaráanse a diario Presentacións de Power Point, que constarán maioritariamente de imaxes de apoio, que nesta materia, é de gran axuda, xa que os alumnos poden ver o que se lles está a explicar.

O alumnado realizará diversas prácticas de laboratorio que serán reflexadas na memoria final do curso, e que permiten afianzar e poñer en práctica o aprendido na aula.

A metodoloxía de traballo que seguimos baséase nos seguintes principios:

- Diagnóstico de coñecementos previos, tanto ao principio do curso, coma durante o mesmo, cunhas preguntas breves orais ao iniciar cada tema, que poden ser as propostas polo libro ou relacionadas con lecturas, vídeos, actividades interactivas, temas de actualidade, etc.
- Tomar como punto de partida a observación, as experiencias, o plantexamento de problemas ou hipóteses. Esta actividade facilita rastrear os coñecementos previos e detectar erros e representacións incorrectas.
- Trátanse os diferentes temas procurando que o alumnado busque por si mesmo a información cando o grado de dificultade o permita e recorrendo á profesora cando sexa necesario.
- Fomentar a aprendizaxe asociada á práctica e á vida. Evitar que sexa só de tipo verbal e dotada de significado.
- Afondar no método científico.
- Favorecer o traballo participativo e en grupo, as postas en común e o debate entre diferentes posturas, partindo do respecto.
- Desenvolver a autoestima do alumnado.
- Ter en conta a diversidade, propor actividades de reforzo para os que teñan dificultades no aprendizaxe.
- Utilizar todos os medios audiovisuais dispoñibles e fomentar o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Fomentar a habituación co material de experimentación sinxelo.

4.2.6.7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non hai libro de texto marcado para a materia, nin siquiera recomendado xa que non hai boa oferta porque as editorias non os publicaron, so hai 3 posibilidades, ningún deles adecuados para o curso. Esperaremos para o curso seguinte.

No presente curso todos os materiais e recursos didácticos adaptaranse á actual situación de pandemia que estamos a vivir, en cada momento e circunstancia valorarase a utilización segura dos mesmos.:

As TIC's ano tras ano son unha ferramenta fundamental na materia de Xeoloxía. O alumnado disporá dun curso virtual (aula virtual) na que se subirá todo o material que sexa necesario para a consecución da programación, servindo ademais de plataforma para a entrega de tarefas e realización de probas segundo a consideración da profesora da materia, así coma para a difusión da parte relevante da programación da materia. O emprego da mesma pode variar segundo as circunstancias e medidas que estipulen en cada momento as administracións, adaptando a súa utilización segundo as instrucións que se marquen desde o Ministerio de Educación, a Consellería de Educación e a Dirección do centro a través do Plan de Contixencia.

Para a adquisición de novos coñecementos utilizarase medios audiovisuais: presentacións, fragmentos de cine científico, así como outras fontes habituais de información científica: xornais, revistas, libros, internet, etc.

Por outra banda, a diario, para as clases, serán presentadas sempre en Power Point, moi necesaria para unha materia tan visual coma a Xeoloxía.

A maiores, e dependendo do tema e o do momento, se complementarán aas clases con algúns artigos ou outras fontes de información, e coa realización de actividades de laboratorio.

Mención especial merece o laboratorio. Aínda que de maneira habitual sempre se plantexa a asistencia ao laboratorio, xa que que favorece que se familiaricen co método científico, co traballo experimental e co traballo en grupo, ademais da toma de responsabilidades, no presente curso o uso do mesmo estará moi limitado e condicionado pola necesidade de garantir a saúde de todos e pola pouca dispoñibilidade de material para uso individual.

4.2.6.8.- AS UNIDADES. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES, INDICADORES DE LOGRO, PESO NA CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS, E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

UNIDADE 1. O PLANETA E O SEU ESTUDO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Este tema ten coma obxectivo, por unha parte, que o alumno entenda que é a Xeoloxía, e a metodoloxía científica na materia e aplicacións ao estudo dunha Terra dinámica; e por outra banda, a importancia da Xeoloxía, non so coma ciencia a estudar, senón tamén a necesidade dunha cultura científica, neste caso xeolóxica para o día a día, enfocando por exemplo, na necesidade da mesma na prevención de riscos, na necesidade do coñecemento do medio xeolóxico para a planificación de infraestruturas, etc.

CONTIDOS CURRICULARES

B1.1. Perspectiva xeral da xeoloxía, os seus obxectos de estudo, os seus métodos de traballo e a súa utilidade científica e social: definición de xeoloxía e especialidades. O traballo dos/das xeólogos/as.

B1.2. A metodoloxía científica e a xeoloxía.

B1.3. Tempo xeolóxico e principios fundamentais da xeoloxía.

B1.4. A Terra como planeta dinámico e en evolución. A Tectónica de Placas como teoría global da Terra.

B1.5. Xeoplanetoloxía: características dos demais planetas e da Lúa, en comparación coa evolución xeolóxica do noso planeta.

B1.6. Xeoloxía na vida cotiá. Problemas ambientais e xeolóxicos globais.

B6.1. O tempo en Xeoloxía. Debate sobre a idade da Terra. Uniformismo fronte a catastrofismo. Rexistro estratigráfico.

B6.3. Métodos de datación: xecronoloxía relativa e absoluta. Principio de superposición dos estratos. Fósiles. Bioestratigrafía. Métodos radiométricos de datación absoluta.

B6.4. Interpretación de cortes xeolóxicos e de mapas topográficos. Elaboración e interpretación de columnas estratigráficas.

B6.5. Táboa de tempo xeolóxico: unidades cronoestratigráficas e xeocronolóxicas.

	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS				
							PROBA	OBSERVACIÓN AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO
i	B1.1. Definir a ciencia da xeoloxía e as súas principais especialidades, e comprender o traballo realizado polos/as xeólogos/as.	CMCCT CSC	XB1.1.1. Comprende a importancia da xeoloxía na sociedade, e coñece e valora o traballo dos/das xeólogos/as en distintos ámbitos sociais.	<ul style="list-style-type: none"> Entende a necesidade de saber xeoloxía. Comprende a importancia da xeoloxía para moitas actuacións na sociedade. 	100	5		X	X			X		X
l	B1.2. Aplicar as estratexias propias do traballo científico na resolución de problemas relacionados coa xeoloxía.	CCEC CAA	XB1.2.1. Selecciona información, analiza datos, formula preguntas pertinentes e procura respostas para un pequeno proxecto relacionado coa xeoloxía.	<ul style="list-style-type: none"> Manexa correctamente o método científico. Utiliza técnicas e códigos para elaborar gráficos e esquemas, e valora a súa correcta representación. 	100	15	X	X	X	X	X	X	X	
i	B1.3. Entender o concepto de tempo xeolóxico e os principios fundamentais da xeoloxía, como os de horizontalidade, superposición, actualismo e uniformismo.	CMCCT CAA	XB1.3.1. Comprende o significado de tempo xeolóxico e utiliza principios fundamentais da xeoloxía, como a horizontalidade, a superposición, o actualismo e o uniformismo.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende a importancia dos principios da xeoloxía para interpretar os acontecementos xeolóxicos. Entende os principios xeolóxicos. 	100	20	X	X	X		X	X	X	
l	B1.4. Analizar o dinamismo terrestre explicado segundo a teoría global da tectónica de placas.	CAA	XB1.4.1. Interpreta algunhas manifestacións do dinamismo terrestre como consecuencia da tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> Entender a Terra como un sistema dinámico. 	100	20	X	X	X		X	X	X	
l	B1.5. Analizar a evolución xeolóxica da Lúa e doutros planetas do Sistema Solar, comparándoas coa da Terra.	CAA CMCCT	XB1.5.1. Analiza información xeolóxica da Lúa e doutros planetas do Sistema Solar, e compáraa coa evolución xeolóxica da Terra.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece os compoñentes do sistema solar e a orixe única, co cal, coñecer é coñecer a historia da Terra. 	100	5	X	X	X				X	
b	B1.6. Observar as manifestacións da xeoloxía no ámbito diario e identificar algunhas implicacións na economía, na política, no desenvolvemento sustentable e no ambiente.	CMCCT CSC	XB1.6.1. Identifica manifestacións da xeoloxía no ámbito diario, coñecendo usos e aplicacións desta ciencia na economía, na política, no desenvolvemento sustentable e na protección ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> Enteder que a Xeoloxía é prioritaria na vida cotiá, a necesidade de coñecerla para un benestar social e persoal, e para o desenvolvemento sustentable, en definitiva para coñecer o medio, a súa dinámica e para o seu mellor aproveitamento. 	100	5	X	X	X	X			X	X
i	B6.1. Analizar o concepto do tempo xeolóxico e entender anatureza do rexistro estratigráfico e a duración de diversos fenómenos xeolóxicos.	CMCCT	XB6.1.1. Argumenta sobre a evolución do concepto de tempo xeolóxico e a idea da idade da Terra ao longo de historia do pensamento científico.	<ul style="list-style-type: none"> Entende o fundamento e a utilidade dos diferentes métodos de datación relativa das rocas. Elabora cortes xeolóxicos e levanta columnas estratigráficas a partir da información procedente de mapas xeolóxicos e historias xeolóxicas. 	100	20	X	X	X		X		X	
i	B6.3. Coñecer e diferenciar os principais métodos de datación	CAA	XB6.3.1. Coñece e utiliza os métodos de datación relativa e das interrupcións no	<ul style="list-style-type: none"> Entende o fundamento e a utilidade dos métodos de datación absoluta das rocas. 	100	5	X	X	X	X		X	X	

	absoluta e relativa; aplicar o principio de superposición de estratos e derivados para interpretar cortes xeolóxicos; e entender os fósiles guía como peza clave para a datación bioestratigráfica.		registro estratigráfico a partir da interpretación de cortes xeolóxicos e correlación de columnas estratigráficas.	•Sabe da existencia de interrupcións do rexistro xeolóxico e o pro que das mesmas.											
i e	B6.4. Identificar as principais unidades cronoestratigráficas que conforman a táboa de tempo xeolóxico.	CMCCT CCEC	XB6.4.1. Coñece as unidades cronoestratigráficas, e amosa o seu manexo en actividades e exercicios.	<ul style="list-style-type: none"> •Distingue as discontinuidades estratigráficas. •Coñece os compoñentes do sistema solar. •Comprende o concepto de facies sedimentaria. •Coñece as diferentes unidades estratigráficas. 	100	5	X	X	X		X	X	X	X	

UNIDADE 2. OS MINERAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

No presente analízanse as características principais dos minerais, como unidades básicas das rocas, para entender as propiedades que presentan e, no seu caso, a súa posible aplicación práctica. Elabóranse uns criterios de clasificación de forma sinxela para comprender a química esencial dos minerais, facendo fincapé no grupo de minerais máis importantes e abundantes da natureza, os silicatos.

CONTIDOS CURRICULARRES

B2.1. Materia mineral e concepto de mineral. Relación entre estrutura cristalina, composición química e propiedades dos minerais. Mineraloides.

B2.2. Relación entre as características dos minerais e a súa utilidade práctica.

B2.3. Comprobación das características da materia mineral.

B2.4. Clasificación químicoestrutural dos minerais.

B2.5. Técnicas para a identificación de minerais.

B2.6. Recoñecemento de visu das especies minerais máis comúns.

B2.7. Formación, evolución e transformación dos minerais. Estabilidade e inestabilidade mineral.

B2.8. Os diagramas de fases e a evolución e transformación dos minerais.

B2.9. Procesos xeolóxicos formadores de minerais e rochas: magmáticos, metamórficos, hidrotermais, superxénicos e sedimentarios.

B2.10. Principais minerais orixinados nos diferentes procesos xeolóxicos.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS				
							PROBA	OBSERVACIÓN AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO
i	B2.1. Describir as propiedades que caracterizan a materia mineral; comprender e sinalar a súa variación como unha función da estrutura e a composición química dos minerais; e recoñecer a utilidade dos minerais polas súas propiedades.	CMCCT CAA	XB2.1.1. Identifica as características que determinan a materia mineral, por medio de actividades prácticas con exemplos de minerais con propiedades contrastadas, relacionando a utilización dalgúns minerais coas súas propiedades.	<ul style="list-style-type: none"> Define correctamente o concepto de mineral. Comprende como se unen os átomos para formar minerais. Coiñece as características principais da materia cristalina. Distingue entre isomorfismo, polimorfismo e pseudomorfismo. Describe e identifica as propiedades físicas dos minerais e aplica o uso de instrumentos para observalas ou para medilas 	100	70	X	X	X			X	X	X
l	B2.2. Coñecer e identificar os grupos de minerais máis importantes segundo unha clasificación químico-estrutural, e nomear e distinguir de visu diferentes especies minerais.	CMCCT	XB2.1.2. Recoñece os grupos minerais e identifícaos polas súas características fisicoquímicas, e recoñece por medio dunha práctica de visu algúns dos minerais máis comúns.	<ul style="list-style-type: none"> Coiñece os criterios de clasificación dos silicatos. Coiñece como se clasifican os minerais non silicatados. 	100	5	X	X	X				X	
i	B2.3. Analizar as condicións fisicoquímicas na formación dos minerais, e comprender e describir as causas da evolución, da inestabilidade e da transformación mineral, utilizando diagramas de fases sinxelos.	CAA CCL	XB2.1.3. Compara as situacións en que se orixinan os minerais, elaborando táboas segundo as súas condicións fisicoquímicas de estabilidade, e coñece algúns exemplos de evolución e transformación mineral por medio de diagramas de fases.	<ul style="list-style-type: none"> Coiñece os diagramas de fases e a súa interpretación. 	100	5	X	X	X			X	X	
i	B2.4. Coñecer e identificar os principais ambientes e procesos xeolóxicos formadores de minerais e rochas, e identificar algúns minerais coa súa orixe máis común (magmática, metamórfica, hidrotermal, superxénica ou sedimentaria)	CAA	XB2.1.4. Compara os ambientes e os procesos xeolóxicos en que se forman os minerais e as rochas, e identifica algúns minerais como característicos de cada proceso xeolóxico deformación.	<ul style="list-style-type: none"> Explica a orixe dos diferentes tipos de minerais e rochas relacionándoos co seu ambiente de formación. 	100	20	X	X	X				X	

UNIDADE 3. AS ROCHAS MAGMÁTICAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

No comezo do tema estúdanse as rochas como unidades formadas pola asociación de minerais, as súas diferentes xéneses e as súas relacións no hipotético marco do ciclo litolóxico, para nunha segunda parte tratar o proceso magmático e as rochas que se orixinan, e a relación coa Tectónica de Placas.

CONTIDOS CURRICULARES

B3.1. Concepto de rocha e descrición das súas principais características. Criterios de clasificación. Clasificación dos principais grupos de rochas ígneas, sedimentarias e metamórficas.

B3.2. Ciclo das rochas. Relación coa tectónica de placas.

B3.3. Técnicas de identificación e recoñecemento de visu das rochas máis comúns en Galicia.

B3.12. Magmatismo, no marco da tectónica de placas

B3.13. Hidrotermalismo en Galicia.

B4.9. Relación da tectónica de placas cos principais aspectos da xeoloxía e o paleoclima do planeta

OBJETIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA	OBSERVACIÓN AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
i l	B3.1. Explicar o concepto de rocha e os criterios de clasificación; diferenciar e identificar polas súas características diversos tipos de formacións de rochas, e identificar os principais grupos de rochas ígneas (plutónicas e volcánicas), sedimentarias e metamórficas.	CMCCT	XB3.1.1. Explica o concepto de rocha e as súas principais características.	<ul style="list-style-type: none"> Entende e coñece o que é unha rocha. Describe as características dos principais tipos de rochas. 	100	30	X	X	X		X		X		
		CCEC CMCCT	XB3.1.2. Identifica mediante unha proba visual, en fotografías e/ou con espécimes reais, variedades e formacións de rochas, realizando exercicios prácticos na aula e elaborando táboas comparativas das súas características.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica distintos tipos de rocha e é capaz de relacionar a súa textura coa súa orixe. 	100	30	X	X	X			X	X	X	
d i	B3.2. Coñecer a orixe das rochas ígneas, analizando a natureza dos magmas e comprendendo os procesos de xeración, diferenciación e localización dos magmas.	CMCCT	XB3.2.1. Describe a evolución do magma segundo a súa natureza, utilizando diagramas e cadros sinópticos.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende o concepto de magma, a súa orixe e as súas características. Comprende os mecanismos de evolución dos magmas. Sabe cales son as principais texturas das rocas magmáticas. Comprende as principais texturas magmáticas e a evolución do magma. Coñece os criterios de clasificación das rocas magmáticas e as principais clasificacións magmáticas. 	100	30	X	X	X			X	X	X	
l d	B3.6. Comprender e describir a actividade ígnea, sedimentaria, metamórfica e hidrotermal como fenómenos asociados á tectónica de placas.	CMCCT CCEC	BX3.6.1. Comprende e explica os fenómenos ígneos, sedimentarios, metamórficos e hidrotermais en relación coa tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende a relación entre os fenómenos magmáticos e a Tectónica de Placas. 	100	5	X	X	X		X		X		
B l	B4.6. Relacionar a tectónica de placas con algúns aspectos xeolóxicos: relevo, clima e cambio climático, variacións do nivel do mar, distribución de rochas, estruturas xeolóxicas, sismicidade e vulcanismo.	CAA CMCCT	XB4.6.3. Coñece e argumenta como a distribución de rochas, a escala planetaria, está controlada pola tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece a influencia da Tectónica de Placas na distribución das rochas magmáticas na Terra. 	100	5	X	X	X				X		

UNIDADE 4. AS ROCHAS SEDIMENTARIAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Neste tema tratarase todo el proceso sedimentario: meteorización, erosión, transporte, sedimentación y diaxénese; os axentes sedimentarios; os factores dos que depende o proceso sedimentario; e os principais tipos de rochas sedimentarias e as pautas de clasificación. Veremos o proceso sedimentario e a relación coa Tectónica de Placas.

CONTIDOS CURRICULARES

B3.6. Orixe das rochas sedimentarias. Proceso sedimentario: meteorización, erosión, transporte, depósito e diaxénese. Cuncas e ambientes sedimentarios.

B3.7. Clasificación das rochas sedimentarias.

B3.8. Cuncas sedimentarias galegas.

B3.12. Sedimentación no marco da tectónica de placas.

B4.9. Relación da tectónica de placas cos principais aspectos da xeoloxía e o paleoclima do planeta.

B.5.5. Meteorización: tipos.

B5.6. Procesos edafoxenéticos. Evolución e tipos de solo.

OBJETIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA	OBSERVACIÓN AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
i e	B3.3. Coñecer e diferenciar a orixe dos sedimentos e das rochas sedimentarias, analizando o proceso sedimentario desde a meteorización á diaxénese, e identificar as os tipos de medios sedimentarios.	CCL CMCCT	XB3.3.1. Comprende e describe o proceso de formación das rochas sedimentarias, desde a meteorización da área fonte, pasando polo transporte e o depósito, á diaxénese, utilizando unha linguaxe científica axeitada ao seu nivel educativo. BX3.3.2. Comprende e describe os conceptos de facies sedimentarias e medios sedimentarios, identificando e localizando algunhas sobre un mapa e/ou no seu ámbito xeográfico-xeolóxico.	<ul style="list-style-type: none"> •Comprende e describe a meteorización. •Distingue os diferentes mecanismos de meteorización física ou mecánica. •Distingue os diferentes mecanismos de meteorización química ou alteración. •Coñece a influencia dos seres vivos nos procesos de meteorización das rocas. •Coñece os factores que inflúen na meteorización. •Comprende o concepto de erosión. •Entende os diferentes mecanismos de transporte de sedimentos. •Coñece a sedimentación e os mecanismos que a producen. •Distingue os procesos e as etapas características da diaxenese. •Distingue os criterios de caracterización das rocas sedimentarias. •Recoñece os tipos de rocas sedimentarias. 	100	50	X	X	X		X		X	X	
l d	B3.6. Comprender e describir a actividade ígnea, sedimentaria, metamórfica e hidrotermal como fenómenos asociados á tectónica de placas.	CMCCT CCEC	BX3.6.1. Comprende e explica os fenómenos ígneos, sedimentarios, metamórficos e hidrotermais en relación coa tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> •Describe a actividade sedimentaria relacionada coa tectónica de placas. 	100	5	X	X	X		X		X		
b i	B4.6. Relacionar a tectónica de placas con algúns aspectos xeolóxicos: relevo, clima e cambio climático, variacións do nivel do mar, distribución de rochas, estruturas xeolóxicas, sismicidade e vulcanismo.	CAA CMCCT	XB4.6.3. Coñece e argumenta como a distribución de rochas, a escala planetaria, está controlada pola tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> •Explica a influencia da tectónica de placas na distribución das rochas sedimentarias na Terra. 	100	5	X	X	X			X	X		
e	B5.4. Coñecer e describir os principais procesos de meteorización física e química,	CMCCT	XB5.4.1.Diferencia os tipos de meteorización.	<ul style="list-style-type: none"> •Comprende e describe a meteorización. •Distingue os diferentes mecanismos de meteorización física ou mecánica. •Distingue os diferentes mecanismos de 	100	35	X	X	X				X		

	entender os procesos de edafoxénese, e coñecer e identificar os principais tipos de chans.	CMCCT CAA	XB5.4.2. Coñece os principais procesos edafoxenéticos e a súa relación cos tipos de solos.	meteorización química ou alteración. <ul style="list-style-type: none"> •Comprende o concepto de chan. •Coñece os factores que inflúen na formación e a evolución dun chan. • Coñece os horizontes e o perfil dun chan. •Valora a importancia dos chans e comprende a necesidade de conservalos e protexelos. 	100	5	X	X	X				X		
--	--	--------------	--	--	-----	---	---	---	---	--	--	--	---	--	--

UNIDADE 5. AS ROCHAS METAMÓRFICAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Neste tema estudaremos o proceso metamórfico, que implica o estudo dos factores do metamorfismo (presión e temperatura) e os cambios que provocan nas rochas para orixinar as rochas metamórficas. Tb. estudaremos os tipos de rochas metamórficas e os criterios de clasificación, e a relación do metamorfismo coa Tectónica de Placas.

CONTIDOS CURRICULARES

B3.9. Orixe das rochas metamórficas. Tipos de metamorfismo. Facies metamórficas e condicións fisicoquímicas de formación.

B3.10. Clasificación das rochas metamórficas. Metamorfismo en Galicia.

B3.11. Fluídos hidrotermais e a súa expresión en superficie. Depósitos hidrotermais e procesos metasomáticos.

B3.12. Mmetamorfismo e hidrotermalismo no marco da tectónica de placas.

B4.9. Relación da tectónica de placas cos principais aspectos da xeoloxía e o paleoclima do planeta.

OBJETIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA	OBSERVACIÓN AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
i e	B3.4. Coñecer e identificar a orixe das rochas metamórficas, diferenciando as facies metamórficas en función das condicións fisicoquímicas.	CMCCT CSIEE	XB3.4.1. Comprende o concepto de metamorfismo e os seus tipos, asociándoos ás condicións de presión e temperatura, e é quen de elaborar cadros sinópticos comparando os devanditos tipos.	<ul style="list-style-type: none"> •Comprende o concepto de metamorfismo e as causas ou factores que o producen. •Coñece os fundamentos da fisicoquímica dos procesos metamórficos. •Coñece os diferentes tipos de metamorfismo. •Coñece e identifica os principais tipos de rocas metamórficas. •Coñece as diferentes texturas e a estrutura das rocas metamórficas. 	100	85	X	X	X		X	X	X		
l	B3.5. Coñecer e diferenciar a natureza dos fluídos hidrotermais, os depósitos e os procesos metasomáticos asociados.	CD CMCCT	BX3.5.1. Comprende o concepto de fluídos hidrotermais, localizando datos, imaxes e vídeos na rede sobre fumarolas e géysers actuais, e identifica os depósitos asociados.	<ul style="list-style-type: none"> •Entende o que é un fluído hidrotermal e os depósitos asociados. 	100	5	X	X	X	X		X	X		
l d	B3.6. Comprender e describir a actividade ígnea, sedimentaria, metamórfica e hidrotermal como fenómenos asociados á tectónica de placas.	CMCCT CCEC	BX3.6.1. Comprende e explica os fenómenos ígneos, sedimentarios, metamórficos e hidrotermais en relación coa tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> •Relaciona o metamorfismo coa tectónica de placas. 	100	5	X	X	X		X		X		
b i	B4.6. Relacionar a tectónica de placas con algúns aspectos xeolóxicos: relevo, clima e cambio climático, variacións do nivel do mar, distribución de rochas, estruturas xeolóxicas, sismicidade e vulcanismo.	CAA CMCCT	XB4.6.3. Coñece e argumenta como a distribución de rochas, a escala planetaria, está controlada pola tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> •Coñece a influencia da Tectónica de Placas na distribución das rochas metamórficas na Terra. 	100	5	X	X	X				X		

UNIDADE 6. TECTÓNICA GLOBAL: DERIVA CONTINENTAL E TECTÓNICA DE PLACAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Este tema trata da dinámica da Terra, da evolución das teorías mobilistas, de como as placas litosféricas se moven e crean os grandes relevos da Terra, os fenómenos asociados. Pasado, presente e futuro tectónico da Terra.

CONTIDOS CURRICULARES

B1.4. A Terra como planeta dinámico e en evolución. A Tectónica de Placas como teoría global da Terra.

B4.1. Evolución histórica desde a deriva continental á tectónica de placas.

B4.2. Mapa das placas tectónicas.

B4.3. Límites das placas. Procesos intraplaca e interplaca. Evolución futura.

B4.4. Cálculo informático do movemento de calquera punto respecto as outras placas.

B4.5. Causas do movemento das placas. Relación coa dinámica do interior do planeta.

B4.8. Evolución dos oróxenos. Procesos oroxénicos e xeoloxía galega.

B4.9. Relación da tectónica de placas cos principais aspectos da xeoloxía e o paleoclima do planeta.

B4.10. Sismicidade, vulcanismo e tectónica de placas.

B4.11. A tectónica de placas e a historia da Terra. Modelos informáticos para describir a evolución pasada e futura das placas.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS				TRANSVERSAIS					
							PROBA	OBSERVACIÓN AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA		C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
i	B1.4. Analizar o dinamismo terrestre explicado segundo a teoría global da tectónica de placas.	CAA	XB1.4.1. Interpreta algunhas manifestacións do dinamismo terrestre como consecuencia da tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> Indica cales son as principais probas da dinámica dos continentes e océanos. Explica que feitos xustifican a teoría da extensión do fondo oceánico. 	100	20	X	X	X	X		X	X	X		
i	B4.1. Coñecer e indicar como é o mapa actual das placas tectónicas, e comparar este cos mapas simplificados.	CAA CD	XB4.1.1. Compara, en diferentes partes do planeta, o mapa simplificado de placas tectónicas con outros máis actuais achegados pola xeoloxía e a xeodesia.	<ul style="list-style-type: none"> Describe e localiza as placas litosféricas. 	100	10	X	X	X	X			X	X		
i	B4.2. Coñecer e indicar canto, como e por que se moven as placas tectónicas.	CD	XB4.2.1. Coñece canto e como se moven as placas tectónicas, e utiliza programas informáticos de uso libre para coñecer a velocidade relativa do seu centro docente (ou outro punto de referencia) respecto ao resto de placas tectónicas.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece e interpreta o movemento das placas. 	100	10	X	X	X	X			X	X		
		CAA	XB4.2.2. Entende e explica por que se moven as placas tectónicas e que relación ten coa dinámica do interior terrestre.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece e explica a causa do movemento ds placas litosféricas e a relación coa convección do interior da Terra. Coñece e comprende o ciclo de Wilson. 	100	10	X	X	X	X			X	X		
	B4.5. Describir as características dun oróxeno, e relacionar o relevo galego coas principais oroxenias.	CCL CAA	XB4.5.1. Coñece e describe as principais características dos modelos de oróxenos.	<ul style="list-style-type: none"> Describe a formación dos oróxenos segundo a teoría da tectónica de placas. Coñece e describe os tipos de oróxenos 	100	10	X	X	X	X		X		X		
b i	B4.6. Relacionar a tectónica de placas con algúns aspectos xeolóxicos: relevo, clima e cambio climático, variacións do nivel do mar, distribución de rochas, estruturas xeolóxicas, sismicidade e vulcanismo.	CAA	XB4.6.1. Explica os principais trazos do relevo do planeta e asúa relación coa tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> Relaciona os bordos de placa coas formas de relevo. Sabe cales son os procesos xeolóxicos que se producen nas zonas de intraplaca. 	100	10	X	X	X	X				X		
		CAA CMCCT	XB4.6.2. Comprende e explica a relación entre a tectónica de placas, o clima e as variacións do nivel do mar.	<ul style="list-style-type: none"> Relaciona a tectónica con cambios climáticos e niveis do mar. 	100	10	X	X	X	X				X		
		CAA CMCCT	XB4.6.5. Comprende e describe a distribución da sismicidade e o vulcanismo no marco da tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> Relaciona sismicidade e vulcanismo con tectónica de placas. 	100	10	X	X	X	X				X		
e g	B4.7. Describir a tectónica de placas e os seus antecedentes históricos.	CD CMCCT	XB4.7.1. Entende como evoluciona o mapa das placas tectónicas ao longo do tempo e visualiza, a través de programas informáticos, a evolución pasada e futura das placas.	<ul style="list-style-type: none"> Entende a evolución dos continentes ao longo do tempo. 	100	10	X	X	X	X				X		

UNIDADE 7. A DEFORMACIÓN NAS ROCHAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Este tema está adicado ao estudo dos pliegues, fallas e diaclasas, e ás forzas causantes dos mesmos.

CONTIDOS CURRICULARES

B4.6. Mecánica de rochas. Esforzos e deformacións.

B4.7. Principais estruturas xeolóxicas: dobras e fallas.

B4.9. Relación da tectónica de placas cos principais aspectos da xeoloxía e o paleoclima do planeta.

OBJETIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA	OBSERVACIÓN AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
i	B4.3. Comprender e explicar como se deforman as rochas.	CCL CMCCT	XB4.3.1. Comprende e describe como se deforman as rochas.	<ul style="list-style-type: none"> •Entende o proceso de deformación das rochas, o por que se producen e cales son os factores xeradores. •Describe as diferenzas entre os distintos tipos de deformación das rochas. 	100	30	X	X	X		X		X		
e m	B4.4. Describir as principais estruturas xeolóxicas.	CCL CAA	XB4.4.1. Coñece as principais estruturas xeolóxicas.	<ul style="list-style-type: none"> •Describe as diferenzas entre os distintos tipos de deformación das rochas. •Explica os diferentes criterios de clasificación de pliegues. •Recoñece a diferenza que existe entre fallas e diaclasas. •Coñece os elementos dunha falla e os criterios para clasificar estas estruturas. •Recoñece as estruturas tectónicas de maior tamaño. 	100	60	X	X	X		X	X	X		
b i	B4.6. Relacionar a tectónica de placas con algúns aspectos xeolóxicos: relevo, clima e cambio climático, variacións do nivel do mar, distribución de rochas, estruturas xeolóxicas, sismicidade e vulcanismo.	CAA CSIEE	XB4.6.4. Relaciona as principais estruturas xeolóxicas (dobras e fallas) coa tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> •Sabe cal é a distribución das principais zonas sísmicas na Terra e cales son as súas relacións coa Tectónica de Placas. 	100	10	X	X	X				X		

UNIDADE 8. PROCESOS XEOLÓXICOS EXTERNOS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

O tema estará adicado a explicar os distintos procesos xeolóxicos externos: os axentes xeolóxicos, modo de actuación e o resultado da actuación dos mesmos no relevo.

CONTIDOS CURRICULARES

B5.2. Axentes causantes dos procesos xeolóxicos externos.

B5.3. Axentes atmosféricos, augas continentais e mariñas e seres vivos, incluída a acción antrópica, como axentes que orixinan os procesos xeolóxicos externos.

B5.4. Radiación solar e gravidade como motores dos procesos xeolóxicos externos.

B5.7. Movementos de ladeira: tipos; factores que inflúen nos procesos.

B5.8. Acción xeolóxica da auga. Distribución da auga na Terra. Ciclo hidrolóxico.

B5.9. Augas superficiais: procesos e formas resultantes.

B5.10. Glaciares: tipos, procesos e formas resultantes.

B5.11. O mar: ondas, mareas e correntes de deriva. Procesos e formas resultantes.

B5.12. Acción xeolóxica do vento: procesos e formas resultantes. Desertos.

B5.13. Circulación atmosférica e situación dos desertos. Principais desertos do planeta.

B5.14. Litoloxía e relevo(relevo cárstico e granítico).

B5.15. Estrutura e relevo. Relevos estruturais.

B5.16. Relacións entre as paisaxes e os procesos xeolóxicos externos.

B5.17. A paisaxe galega e os procesos xeolóxicos responsables. Xeomorfoloxía de Galicia.

OBJECTIVOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS			TRANSVERSAIS					
							PROBA	OBSERVACIÓN AULA	ACTITUDE CARA Á MATERIA	C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
l m	B5.1. Recoñecer a capacidade transformadora dos procesos externos.	CAA	XB5.1.1. Comprende e analiza como os procesos externos transforman o relevo.	<ul style="list-style-type: none"> •Coñece os mecanismos xerais dos procesos externos. •Recoñece a capacidade dos P.X.E. para transformar o relevo. 	100	10	X	X	X				X		
a b l	B5.2. Identificar o papel da atmosfera, a hidrosfera e a biosfera e, nela, a acción antrópica.	CMCCT	XB5.2.1. Identifica o papel da atmosfera, a hidrosfera e a biosfera (incluída a acción antrópica).	<ul style="list-style-type: none"> •Distingue ben os condicionantes e os resultados da xeomorfoloxía climática. 	100	5	X	X	X				X		
a e h	B5.3. Distinguir a enerxía solar e a gravidade como motores dos procesos externos.	CAA	XB5.3.1. Analiza o papel da radiación solar e da gravidade como motores dos procesos xeolóxicos externos.	<ul style="list-style-type: none"> •Describe cal é a orixe da enerxía causante dos procesos xeolóxicos externos. 	100	5	X	X	X				X		
Esta materia parte dun feito evidente, e é a pouca formación do alumnado no entorno dun laboratorio, o recoñecemento do material, o mantemento, o mañexo de materiais, coñecemento dos riscos de manipulación de produtos nocivos ou tóxicos (tanto para a saúde como para o medio ambiente), destrezas de investigación, o método científico,... co cal, o obxectivo desta materia é intentar subsanar na medida do posible esta deficiencia a través de actividades que se realizarán no laboratorio.

No presente curso por mor da situación de pandemia que estamos a vivir, a metodoloxía terase que adaptar as medidas de hixiene e prevención, así coma á dispoñibilidade de material, máis ben escaso. Por mor deste último motivo, pola escasez de material, e sempre cun prantexamento de uso compartido, tanto para esta materia coma para as outras do Departamento, vaise facer unha petición á administración para que suministre material, esperamos unha resposta positiva.

Dos 85 alumnos matriculados en 2º de bacharelato, 13 elixiron a materia.

4.2.7.2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal coma indican as instrucións dictadas pola Unión Europea, as materias do Departamento contribuirán a alcanzar as competencias clave para a aprendizaxe permanente tal coma se indica a continuación:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

A terminoloxía usada en Bioloxía e Xeoloxía permitirá ao alumnado a adoptar esta linguaxe e os seus termos para utilízalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Así mesmo, a comunicación dos

resultados de investigacións e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**. As lecturas e os debates que se levarán a cabo en todos os temas da materia permitirán tamén a familiarización e o uso da linguaxe científica.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS CLAVE EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)

Son competencias claves na materia, os alumnos aplicarán estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Esta competencia fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que os alumnos se familiaricen cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo da bioloxía e da xeoloxía que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

APRENDER A APRENDER (CAA)

A adquisición da **competencia para aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

Esta materia favorece o traballo en grupo para a resolución de actividades e o traballo de laboratorio, fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos riscos da ciencia e da tecnoloxía e permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas relacionados co avance científico e tecnolóxico.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

O método científico esixe **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, xa que, desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións, faise necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

A elaboración de modelos que representen aspectos da natureza, a observación e a apreciación da beleza natural e da harmonía dunha paisaxe, etc., son exemplos dalgunhas das habilidades plásticas que se empregan no traballo da Bioloxía e Xeoloxía de 1.º de Bacharelato, o que contribúe ao desenvolvemento da **conciencia e expresións culturais** ao fomentar a sensibilidade e a capacidade estética dos alumnos.

4.2.7.3.- OBXECTIVOS DA MATERIA LABORATORIO DE CIENCIAS DE 2º DE BACHARELATO

- Coñecer o laboratorio coma espazo de investigación e experimentación.
- Identificación do material de laboratorio e o seu uso.
- Coñecemento dos tipos de substancias e materiais físicos de uso no laboratorio dacordo ao seu risco, tanto para a saúde coma para o medio ambiente.
- Normas.
- Manexo de materiais do laboratorio.
- Organización do laboratorio.
- Aplicación do método científico no laboratorio.
- Coñecemento das técnicas básicas de laboratorio a través da realización de experiencias prácticas.
- Adquisición de destrezas de traballo experimental a través da realización de experiencias prácticas.

- Análise de problemas.
- Formulación de hipóteses.
- Deseño de sinxelas experiencias de investigación.
- Fabricación de aparellos rudimentarios.
- Recollida de resultados.
- Valoración e crítica de resultados.
- Elaboración de protocolos e informes das experiencias.

4.2.7.4.- BLOQUES DE CONTIDOS

BLOQUE 1. O laboratorio

BLOQUE 2. Materiais

BLOQUE 3. O método científico

BLOQUE 4. As reaccións

BLOQUE 5. Técnicas de cultivo

BLOQUE 6. Técnicas de microscopía

BLOQUE 7. Clasificación de seres vivos

4.2.7.5.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

En principio, se traballarán 2 bloques de contidos por avaliación, pero é o plantexamento inicial, que seguro variará, dependendo de mopolos factores coma nivel de alumnos, interese, dispoñibilidade de materiais, etc. Todo o que se faga verase reflexado no diario de aula.

4.2.7.6.- METODOLOXÍA

Laboratorio de Ciencias é unha materia en contínuo cambio, curso a curso, debido a seu plantexamento de materia de libre configuración, co fin de mellorar algunhas cuestións coa metodoloxía aplicada. É unha materia como unha materia totalmente práctica, de traballo no laboratorio, en experiencias prácticas e desenvolvendo ademais de técnicas de laboratorio, a dinámica de investigación.

A metodoloxía xeral irá encamiñada a mellorar a capacidade do alumnado para desenvolverse nun laboratorio, adquirindo destrezas e hábitos de traballo propios dos mesmos, o que ademais de aumentar os seus coñecementos para estudos posteriores, afianzarán o seu interese pola ciencia, e a capacidade de traballo en grupo.

Ao ser unha materia que ten coma un dos seus obxectivos afianzar o interese do alumnado polas experiencias prácticas e interese pola ciencia, poderanse cambiar as actividades inicialmente plantexadas incluídas na programación por petición expresa do alumnado.

De todos os xeitos, a pandemia no permitirá seguir a programación inicial da materia, irase adaptando segundo ás circunstancias de cada momento, que serán valoradas en cada situación.

4.2.7.7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

No presente curso todos os materiais e recursos didácticos adaptaranse á actual situación de pandemia que estamos a vivir, en cada momento e circunstancia valorarase a utilización segura dos mesmos..

O alumnado disporá dun curso virtual (aula virtual) na que se subirá todo o material que sexa necesario para a consecución da programación, servindo ademais de plataforma para a entrega de tarefas e realización de probas segundo a consideración da profesora da materia, así coma para a difusión da parte relevante da programación da materia. O emprego da mesma pode variar segundo as circunstancias e medidas que estipulen en cada momento as administracións, adaptando a súa utilización segundo as instrucións que se marquen desde o Ministerio de Educación, a Consellería de Educación e a Dirección do centro a través do Plan de Contixencia.

Non haberá libro de texto algún, todas as clases levaráanse a cabo no laboratorio, polo tanto os materiais e recursos son os existentes nos mesmos, que contan tamén con recursos TIC's.

4.2.7.8.- AS UNIDADES. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES, INDICADORES DE LOGRO, PESO NA CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS, E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Hai que ter en conta que estamos a falar dunha materia da que no existe un currículo oficial, polo tanto nos cadros que figuran a continuación faltan algúns datos que si temos nos anteriores.

BLOQUE 1. O LABORATORIO

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	TRANSVERSAIS						
								C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.	
b d i	O laboratorio como espacio físico de traballo de investigación e experimentación.	Coñecer o que é un laboratorio.	Coñecer o que é un laboratorio.	<ul style="list-style-type: none"> Define ao laboratorio coma espacio de traballo de investigación. 	CSC CSIEE CCEC	100	10							
d e f i m n	Os espazos nun laboratorio. A mesa de traballo individual. As zonas de traballo comúns. As zonas de almacenaxe.	Organizar os espazos de traballo no laboratorio.	Organiza os materiais na mesa de traballo de xeito adecuado.	<ul style="list-style-type: none"> Ordena a mesa de traballo. Manten ordenado os materiais de uso comúns na actividade que se está a realizar. Respecta a existencia de diferentes zonas do laboratorio a través da orde. 	CAA CSIEE CCEC CSC	100	60							X
		Entender a importancia da organización no traballo	Organiza o traballo de xeito autónomo e metódico.	<ul style="list-style-type: none"> Establece a organización do lugar traballo de xeito autónomo. 	CMCCT CAA CSIEE	100	20					X		
		Utilizar as TIC's como soporte de organización do espazo de traballo coma base do inventario.	Usa as TIC's para a organización.	<ul style="list-style-type: none"> Acude ao inventario para búsqueda de material ou actualización. 	CMCCT CAA CSIEE	100	10				X			

BLOQUE 2. MATERIAIS

OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO CONSECUCCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	TRANSVERSAIS						
								C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.	
b d e f i l m p	O material físico de laboratorio. Criterios de clasificación: sostén, uso específico, recipientes, volumétricos, aparatos. Riscos para a saúde e o medioambiente.	Diferenciar e clasificar os distintos materiais de laboratorio e a súa función.	Identifica e cada un dos instrumentos do laboratorio de ciencias experimentais coa súa función.	•Identifica, mediante a súa denominación habitual e un esquema ou unha representación gráfica, os materiais de vidro, de plástico, de caucho e metálicos en relación coa función que desempeñen.	CCL CMCCT	100	5			X				
				•Clasifica os materiais e os instrumentos do laboratorio tendo en conta a súa función e o fundamento da técnica en que se empreguen..	CCL CMCCT	100	5							
		Coñecer a influencia na saúde persoal e medioambiental do mal uso dos materiais.	Coñece os riscos que pode acarrear o uso do material e actúa en consecuencia.	•Coñece os riscos que pode traer o mal uso do material de laboratorio.	CCL CMCCT CSIEE	100	5						X	
				•Usa de forma correcta os materiais.	CCL CAA CMCCT CSIEE	100	5						X	
b d e f i l	O material químico de laboratorio. Criterios de clasificación. Riscos para a saúde e o medioambiente. Nomenclatura.	Diferenciar e clasificar as distintas substancias químicas de uso frecuente e a súa función. Interpretar as etiquetas dos produtos químicos.	Identifica a familia de substancias químicas de uso común nun laboratorio de ciencias experimentais coa súa función. Coñece a simboloxía das etiquetas dos produtos químicos.	•Identifica as principais familia de substancias simples e os compostos químicos fundamentais.	CCL CMCCT	100	5							
				•Entende a simboloxía do etiquetado dos produtos químicos.	CCL CMCCT	100	5	X			X			

p				•Usa de forma correcta os produtos químicos empregados nun laboratorio.	CCL CAA CMCCT	100	5									
b d e i l m	Riscos no laboratorio. Protección. Emerxencias.	Recoñecer a existencia de riscos ao manipular material de laboratorio nas experiencias prácticas.	Toma as precaucións necesarias no traballo de laboratoio.	•Entende os riscos e os evita.	CMCCT CAA CSIEE	100	5									
				•Valora a importancia das normas de seguridade durante o proceso de traballo, co fin de evitar riscos e previr accidentes.	CMCCT CAA CSC CSIEE	100	5						X			
		Coñecer as consecuencias da mala manipulación dos materiais do laboratorio.	Manipula o material de forma correcta na experimentación.	•Usa o material experimental de xeito correcto.	CMCCT CAA CSC CSIEE	100	5									
		Resolver problemas que se poidan presentar nun accidente ou emerxencia.	Sabe cómo actuar en caso de accidente.	•Explica de xeito adecuado as actuacións en caso de Emerxencia.	CMCCT CAA CSC CSIEE	100	5		X							
b d e f i l m p	Manexo dos materiais de laboratorio. Normas para a correcta manipulación. Seguridade.	Montar/desmontar aparellos e equipos propios de laboratorio.	Coñece o funcionamento dos materiais de laboratorio en experimentación.	•Utilízase o instrumental e material de ensaio con destreza e coidado.	CAA CMCCT CSIEE	100	5									
			Identifica o material adecuado a utilizar segundo as necesidades.	•Xustifica o uso do material nun procedemento dado	CAA CMCCT CSIEE CCEC	100	5		X							
		Coñecer a función dos materiais de laboratorio en experimentación.	Coñece o funcionamento dos materiais de laboratorio.	•Sabe a función dos materiais en experimentación.	CAA CMCCT CSIEE	100	5									
			Identifica o material adecuado a utilizar segundo as necesidades.	•Selecciona o material adecuado segundo a función a realizar na experimentación.	CAA CMCCT CSIEE	100	5						X			
		Manexar o material de xeito adecuado.	Utiliza o material de xeito adecuado.	•Fai un uso óptimo do material de laboratorio na experimentación.	CAA CMCCT CSIEE	100	5									
		Almacenar e ordenadar o material no lugar axeitado.	Limpa o material adecuadamente.	•Valora a orde e limpeza no laboratorio. •Valora a orde e limpeza no laboratorio.	CAA CMCCT CSIEE CCEC	100	5									
			Garda o material no lugar axeitado.			100	5									
Vixiar os riscos químicos, físicos e ambientais na manipulación dos materiais en experimentación.	Evita os riscos.	•Valora a importancia das normas de seguridade durante o proceso de traballo, co fin de evitar riscos e previr accidentes.	CAA CMCCT CSIEE	100	5							X				
	Realizar un inventario.	Levar un folla de excell co inventario dun laboratorio.	Sabe como xestionar o inventario nunha folla de excell	•Xestiona o inventario dun laboratorio	CCL CMCCT CD	100	5	x				X				

BLOQUE 4, AS REACCIÓN

OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	TRANSVERSAIS					
								C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
de i l	Reaccións. Que son?	Coñecer que son as reaccións e a súa aplicación en técnicas de investigación de campo.	Aplica as técnicas de reaccións.	•Sabe a aplicación das técnicas de reaccións.	CCL CMCCT CAA CSIEE	100	50					X	
				•Relaciona os instrumentos adecuados coas principais técnicas empregadas.	CCL CMCCT CAA CSIEE	100	50						

BLOQUE 5. TÉCNICAS DE CULTIVO

OBJETIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	TRANSVERSAIS					
								C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDIMIENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
d e i l	Técnicas de cultivo	Coñecer que son os cultivos e a súa aplicación en técnicas de investigación de campo.	Aplica as técnicas de cultivo.	•Sabe a aplicación das técnicas de cultivo.	CCL CMCCT CAA CSIEE	100	50					X	
				•Realizar un cultivo sinxelo(depnde dispoñibilidade de material)	CCL CMCCT CAA CSIEE	100	50					X	

BLOQUE 6. TÉCNICAS DE MICROSCOPIA

OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	TRANSVERSAIS						
								C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.	
d e i l	Técnicas de microscopía.	Recoñecer as partes do microscopio e a súa función.	Manexa o microscopio.	•Relaciona os instrumentos adecuados coas principais técnicas empregadas.	CCL CMCCT CD CAA	100	10							
		Preparación e observación de mostrás.	Prepara mostrás para microscopía.	•Prepara mostrás para microscopía.	CCL CMCCT CD CAA	100	20					X		
			Utiliza os métodos de tinción de maneira axeitada.	•Realiza a tinción correctamente.	CMCCT CAA	100	20					X		
			Manexa o microscopio.	•Uso correcto do microscopio.	CMCCT CAA	100	30							
			Representa o observado correctamente.	•Identifica e representa o observado de maneira correcta.	CMCCT CAA	100	10			X				
		Utilización de software para a captura de arquivos dixitais das mostrás microscópicas estudadas.	Manexa os medios de captura dixitais de maneira correcta.	•Adquire arquivos dixitais.	CMCCT CD CCEC	50	10				X			

BLOQUE 7. CLASIFICACIÓN DOS SERES VIVOS

OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN (%)	PESO CUALIFICACIÓN (%)	TRANSVERSAIS					
								C. LECTORA	E. ORAL E ESCRITA	C. AUDIOVISUAL	TIC	EMPRENDEMENTO	E. CÍVICA E CONSTI.
defgilm	Clasificación de seres vivos.	Usar claves para a identificación de seres vivos.	Manexa as claves de clasificación.	• Identifica correctamente seres vivos.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE	100	100				X		

4.2.7.9.- AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL

Cada vez que iniciemos un novo bloque dentro da materia, haberá unhas serie de preguntas orais que permitirá ver o nivel do alumnado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación realizarase coa observación directa do traballo do alumno na aula. No presente curso hai matriculados 13 alumnos, é un número que permite perfectamente a interacción con eles e un bo control sobre o seu traballo, que consistirá basicamente nun traballo práctico. Ademais valorase, como é o habitual, o que normalmente se chama *Actitude de cara á materia*, que abarcará a puntualidade, a participación, a intención de manter o ambiente de aula e respecto polos demais.

No están plantexados exames, pero no caso de que un alumno no cumpla os obxectivos da materia, os do bacharelato, ou mostre desinterese pola mesma, terá que facer unha proba escrita final na que se avaliarán todos os contidos da materia.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación empregaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación co fin de valorar o grao de consecución dos estándares por parte do alumnado. Os procedementos son:

1. Probas.
2. Observación aula.
3. Actitude cara á materia.

En canto aos instrumentos a aplicar son:

En canto as *Probas*, inicialmente na materia non se plantexan, excepto unha final no caso do que alumno ou alumna teña unha valoración negativa na *Observación aula* (que é o laboratorio) e/o na *Actitude de cara á materia* nalgunha das avaliacións.

Nos apartados *Observación aula* e *Actitude cara á materia*, a cualificación farase a través dos seguintes instrumentos: listas de control,

registro anecdótico e diario de aula que reflectirán todo o acontecido na aula. Os alumnos iniciarán cada avaliación co 100% da nota, cada ocasión que non cumpla os obxectivos suporá a baixada da mesma no apartado correspondente, nun nivel dos especificados nas seguintes táboas onde aparecen os instrumentos e procedementos de avaliación, así coma as respectivas rúbricas.

PROCEDIMENTOS		CUALIFICACIÓN	VALOR AV.
PROBA ESCRITA	Farase só en determinadas circunstancias → final de recuperación cando <i>Observación de aula e/ou Actitude cara á materia</i> nalgunha avaliación sexa negativa (inferior á media de aprobado)	0-10 ptos.	100*

OBSERVACIÓN AULA		Cumpre os obxectivos regularmente	Cumpre os obxectivos nalgunhas ocasións	Non cumpre os obxectivos case nunca		80%
	Realización tarefas aula	4 ptos.	2 ptos.	0 ptos.	0-4 ptos.	
	Intervención diaria na aula	1 pto.	0,5 ptos.	0 ptos.	0-1 ptos.	
	Manexo material laboratorio	3 ptos.	1,5 ptos.	0 ptos.	0-3 ptos.	

ACTITUDE CARA Á MATERIA		Cumpre os obxectivos regularmente	Cumpre os obxectivos nalgunhas ocasións	Non cumpre os obxectivos case nunca		20%
	Coidado material laboratorio	1 pto.	0,5 ptos.	0 ptos.	0-1 pto.	
	Traballo en grupo	0,3 ptos.	0,15 ptos.	0 ptos.	0-0,3 ptos.	
	Puntualidade	0,2 ptos.	0,1 ptos.	0 ptos.	0-0,2 ptos.	
	Respecto aos demais	0,2 ptos.	0,1 ptos.	0 ptos.	0-0,2 ptos.	
	Contribúe de maneira positiva ao ambiente das clases	0,3 ptos.	0,1 ptos.	0 ptos.	0-0,3 ptos.	

*Será do 100% no caso de que teña que facelo

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A puntuación de cada avaliación será coma máximo un 10. Cada alumno ou alumna ao iniciar a avaliación terá un 10 e terá que mantelo ao longo da mesma co seu traballo diario na aula (laboratorio), para acadar os obxectivos e competencias da materia, o que será moi fácil, so terá que ter unha actitude positiva de cara á materia. Evidentemente o alumnado que escolle unha materia coma Laboratorio se lle presupone un interese polo mesmo.

A Observación de aula terá un valor dun 80% do total.

A Actitude de cara á materia será un 20% do total.

A nota da avaliación final ordinaria será unha media da obtidas durante as tres avaliacións. A nota de aprobado de cada avaliación será igual o superior a 5 puntos. No caso de non superar algunha destas, o alumno fará unha proba final da/das avaliacións suspensas, que incluírá todos os contidos explicados na avaliación ou avaliacións correspondentes.

No hipotético caso de que un alumno teña que facer o examen final a puntuación máxima será un 10, e aprobado será un 5.

Calquer alumno que copie nalgunha das probas efectuadas durante as avaliacións ou que sexa sorprendido con calquer material non autorizado polo profesor (apuntes, libros, dispositivos electrónicos,...) quedaralle anulada dita proba e, inmediatamente, faráselle outra coas características que estime oportunas a profesora implicada.

MÍNIMOS EXIXIBLES. CONCRECIÓN

Un alumno acadará o aprobado na materia de Laboratorio cando teña unha avaliación positiva nas competencias e nos obxectivos da mesma, tomando como referente os estándares e os seus indicadores anteriormente especificados, e que se poden concretar nos seguintes puntos:

- Define ao laboratorio coma espazo de traballo de investigación.
- Ordena a mesa de traballo
- Mantén ordenado os materiais de uso comúns na actividade que se está a realizar.
- Respecta a existencia de diferentes zonas do laboratorio a través da orde.
- Establece a organización do lugar de traballo de xeito autónomo.

- Acude ao inventario para búsqueda de material ou actualización.
- Identifica, mediante a súa denominación habitual e un esquema ou unha representación gráfica, os materiais de vidro, de plástico, de caucho e metálicos en relación coa función que desempeñen.
- Clasifica os materiais e os instrumentos do laboratorio tendo en conta a súa función e o fundamento da técnica en que se empreguen..
- Coñece os riscos que pode traer o mal uso do material de laboratorio.
- Usa de forma correcta os materiais.
- Identifica as principais familia de substancias simples e os compostos químicos fundamentais.
- Entende a simboloxía do etiquetado dos produtos químicos.
- Usa de forma correcta os produtos químicos empregados nun laboratorio.
- Entende os riscos e os evita.
- Valora a importancia das normas de seguridade durante o proceso de traballo, co fin de evitar riscos e previr accidentes.
- Usa o material experimental de xeito correcto.
- Explica de xeito adecuado as actuacións en caso de Emerxencia.
- Utilízase o instrumental e material de ensaio con destreza e coidado.
- Xustifica o uso do material nun procedemento dado
- Sabe a función dos materiais en experimentación.
- Selecciona o material adecuado segundo a función a realizar na experimentación.
- Fai un uso óptimo do material de laboratorio na experimentación.
- Valora a orde e limpeza no laboratorio.
- Valora a orde e limpeza no laboratorio.

- Valora a importancia das normas de seguridade durante o proceso de traballo, co fin de evitar riscos e previr accidentes.
- Explica a diferenza entre a aplicación ou non do método científico no traballo experimental.
- Aplica de forma adecuada a investigación documental.
- Aplica de forma adecuada a investigación documental.
- Sabe a aplicación das técnicas de reaccións.
- Relaciona os instrumentos adecuados coas principais técnicas empregadas.
- Sabe a aplicación das técnicas de cultivos.
- Relaciona os instrumentos adecuados coas principais técnicas empregadas.
- Relaciona os instrumentos adecuados coas principais técnicas empregadas.
- Prepara mostras para microscopía.
- Realiza a tinción correctamente.
- Uso correcto do microscopio.
- Identifica e representa o observado de maneira correcta.
- Adquire arquivos dixitais.
- Identifica correctamente seres vivos.
- Selecciona o instrumental adecuado.
- Desenvolve con autonomía o experimento, describindo as súas observacións e interpretando os resultados.
- Identifica os principais instrumentos ópticos de recoñecemento, como material básico de laboratorio, diferencia as súas partes e relacionaos co traballo experimental.
- Realiza experimentos sinxelos no laboratorio, descríbneos, extrae conclusións e explícaas de forma coherente.
- Actúa tendo en conta as normas e seguridade.

- Coida o material e os instrumentos empregados.
- Respecta as normas de seguridade no laboratorio.
- Anota datos de maneira correcta.
- Utiliza de maneira correcta a linguaxe científica.
- Usa o caderno de notas de forma correcta.
- Interpreta os resultados obtidos.
- Utiliza de maneira correcta a linguaxe científica.

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS QUE NON ASISTIRON A CLASES

Aqueles alumnos que non puideron asistir con regularidade ás clases por motivos xustificables (entendendo xustificables os involuntarios, coma por ex. unha enfermidade, que deberán xustificar con algún tipo de documento médico) terán que:

- Presentar un traballo referido os contidos que se traballaron na aula durante o período de ausencia e realizar unha proba referida aos mesmos.
- Facer unha proba (que pode ser oral si as circunstancias así o requiren) por avaliación, facilitándoselles previamente a información requirida para unha correcta realización da mesma. As datas serán escollidas tendo en conta o calendario escolar.

Estes dous requisitos teranse que levar a cabo os dous ou un deles a xuízo da profesora do curso e, sobre todo, tendo en conta as circunstancias de cada caso.

Os mínimos esixibles adaptaranse, na medida do posible, aos días de asistencia do alumno á clase, é dicir, aqueles obxectivos que requiren a presenza física na aula (prácticas de laboratorio, participación nos debates, etc) serán tidos en conta segundo os días nos que o alumno viu á clase.

4.2.7.10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Intentarase actuar de xeito adecuado para conseguir os obxectivos mínimos da materia. As formas de actuación en ocasións son limitadas polo elevado número de alumnos por aula para afrontar moitas das circunstancias que se dan en caso de necesidades educativas especiais, onde o que sería un

número ideal para unha aula, podemos dicir que habitual, nestas condicións pasa a ser elevado, e por tanto, inapropiado. Aínda así, xunto co departamento de Orientación e o equipo directivo (Decreto de 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade) elaboraranse as medidas a seguir para cada caso, segundo as necesidades, coma por ex. Aplicación Protocolo TDAH. É imposible a enumeración de todas as estratexias a seguir posto que as situacións poden ser moi variadas e numerosas, só mencionar a disposición dos membros do Departamento para colaborar en todo o que sexa necesario.

4.2.7.11.- SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO

Nas reunións de Departamento farase o seguimento das programacións e determinarase:

- Se se está desenvolvendo con normalidade dentro dos tempos previstos.
- Ver se os alumnos asimilan os contidos tal e como está establecido.
- Estudar posibles melloras para o curso próximo unha vez rematado o curso.
- En caso necesario, alterar a secuenciación ou outros aspectos oportunos das unidades didácticas que se consideran favorecedores da comprensión dos temas tratados.

Valorase se están a desenvolverse con normalidade ou se é necesario (e posible) introducir algún/s cambio, tomarase nota. Neste sentido hai que lembrar que a temporalización e a secuenciación, de cada unidade didáctica, son flexibles e modificables segundo as necesidades que se vaian observando no desenvolvemento da mesma, sen que isto prexudique ao desenvolvemento desta Programación.

Ao final de curso cubriremos un documento como o seguinte. Poderase modificar, engadir ou quitar indicadores segundo as necesidades que se observen ao longo do curso.

A valoración 1 será a óptima, 2 mellorable (modificar so algúns detalles), 3 necesario cambio.

MATERIA:	CURSO:		
PROFESORA:	FECHA:		
EVALUACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES	1	2	3
A programación didáctica fai un plantaxemento adecuado das unidades didácticas a partir do currículo.			
A secuenciación e a temporalización é a adecuada.			
A concreción de contenidos, criterios y estándares para cada unidade é a adecuada.			
En xeral consíguense todos os obxectivos previstos para o curso			
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.			
Os materiais didácticos son os adecuados.			
O libro de texto é o adecuado.			
As prácticas de laboratorio son as adecuadas.			
A atención á diversidade cumpre o seu obxectivo			
A dinámica de aula permite a participación de todo o alumnado por igual.			
Son adecuadas aos obxectivos da programación as actividades para casa.			
O número de exames realizados é o adecuado.			
As actividades extraescolares cumpren o seu obxectivo.			

4.2.7.12.- SEGUIMIENTO DA PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO

Para **valorar a práctica docente** cubrirase a seguinte táboa, cada profesora dunha materia terá que entregala a final do curso.

MATERIA:	CURSO:	
PROFESORA:	FECHA:	
PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES	SI	NON
Respectouse a distribución temporal dos contidos por avaliacións.		
Aplicouse a metodoloxía didáctica programada.		
Tivéronse en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarios para aprobar a materia.		
Aplicáronse os procedementos de avaliación programados axustados aos criterios		
Aplicáronse medidas de atención á diversidade aos alumnos que as necesitaban.		
Leváronse a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores segundo a túa responsabilidade.		
Leváronse a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.		
Puxéronse en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.		
Utilizáronse os materiais e recursos didácticos programados.		
Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas.		
OBSERVACIÓNS:		

5. CUESTIÓNS XERAIS

5.1. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Dende as diferentes materias deste departamento trataremos de impulsar o Proxecto lector do centro promovendo activamente a lectura, sobre todo, no que se refire á divulgación científica. Así están previstas lecturas de textos, artigos, introducións de temas, etc, para todos os niveis e a interpretación dos mesmos.

Por outra banda, tamén se interven na Hora de Ler seguindo coa programación proposta pola biblioteca do centro, onde o alumnado adicará 20 min á lectura á semana dun libro, revista, etc.

5.2.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLANTIC

Nas materias impartidas por este Departamento farase o posible tendo en conta os medios cos que contamos e cos que conta o alumnado no seus fogares, para utilizar os medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e comunicación para a adquisición de habilidades e destrezas dixitais (competencia dixital) e para proporcionar un apoio ás explicacións da profesora, as exposicións orais que realice o alumnado, a procura de información, a elaboración de proxectos e traballos de investigación e incluso, exames. Ademais, o alumnado poderá utilizar os TIC's na casa (aulas virtuais) como ferramenta complementaria á formación presencial na aula, para a preparación de traballos, recuperación de partes da materia, seguimento dos temas, datas de exames, etc.

Os medios audiovisuais a utilizar están relacionados coa utilización dos ordenadores de aula e o canóns para a explicación dos contidos por parte da profesora, exposición de traballos elaborados polos alumnos, etc.

Nas aulas de 1º e 2º ESO temos á disposición do alumnos e profesores os ordenadores do ABALAR, que permitirán á búsqueda de informacion, realización de exames e demais utilidades que permitan os portátiles e a conexión a internet.

En xeral, cando se poda dispoñer das aulas de informática, poderase consultar páxinas webs, e facer uso de software específico coma o Google Earth, Six, IRIS, Seismic eruption, etc que permiten a búsqueda de información e a elaboración de actividades interactivas incluídas na aula virtual. En ocasións levarase a cabo este traballo nos propios fogares dos alumnos.

Os alumnos presentar traballos feitos en procesadores de texto e presentacións dixitais que exporán en clase.

5.3.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A contribución ao plan de convivencia farase sobre todo a nivel de aula promovendo un ambiente de respecto entre todos, procurando unha relación de proximidade cos alumnos e alumnas, dentro dos límites do respecto nin na excesiva protección e facendo e ensinando a facer as críticas dende a asertividade.

5.4.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

CURSO	ACTIVIDADE	LUGAR	DATAS	ALUMNADO
1º ESO	Proxecto Ríos	A Estrada	1º e 3º trimestre	Todos
1º ESO	Visita a un parque natural	(Por determinar)	2º trimestre	Todos
1º ESO	Museo de Historia Natural e Meteogalicia	Santiago	3º trimestre	Todos
4º ESO	Visita a un espazo natural protexido	Por determinar	2º trimestre	Bioloxía e Xeoloxía

1º e 2º Bac	Visita a un espazo natural	Por determinar	2º-3º trimestre	1º Bac Bioloxía-Xeoloxía e Cultura Científica 1º Bac Anatomía Aplicada 2º Bac Xeoloxía, Bioloxía e CTMA*
1º Bac	UniStem Day	Santiago de Compostela	2º-3º trimestre	Alumnado de Bioloxía e Xeoloxía, Cultura Científica e Anatomía Aplicada
2º Bac	Ruta petróxica e visita á Facultade Bioloxía	Santiago de Compostela	2º trimestre	2º Bac Xeoloxía
2º Bac	Visita Facultade Bioloxía	Santiago de Compostela	2º trimestre	2º Bac Bioloxía
2º Bac	Visia ao Instituto Oceanográfico	A Coruña	1º trimestre	2º Bac CTMA
2º Bac	Visita a unha empresa relacionado co medio ambiente	Por determinar	1º-2º trimestre	2º Bac CTMA

En canto as saídas de 1º e 2º de Bach, dependerá do interese que mostre o alumnado, da cantidade de actividades que teñan, da dispoñibilidade de días o de calquer factor que inflúa no desenvolvemento da mesma.

Durante o presente curso impartiranse 4 charlas, todas pola profesora Magaly Barreiro Ponte, e estas son:

África para o alumnado de 1º de ESO, xusto antes das vacacións de nadal.

O Ártico, para os alumnas e alumnos de 1º de Bacharelato, da materia de Bioloxía e Xeoloxía, no 2º ou 3º trimestre.

A Antártida, para o alumnado de 1º de ESO, no final do curso.

Etnoloxía, un pequeno paseo. para o alumnado de Antropoloxía Social e Cultural

5.5.- ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Á DOCENCIA EN SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE E TELEMÁTICA

Inicialmente plantexamos unha adaptación global da programación ás dúas situación posibles que se poden dar no presente curso partindo inicialmente de que todo o alumnado terá acceso á internet, xa que a Administración encargarse de resolver aqueles problemas puntuais resolvendo a comunicación virtual.

Pensamos que un dos puntos importante é a distribución dos contidos, o cal está xa resolto pola existencia das aulas virtuais, a comunicación de materiais, enlaces, traballos, tarefas, etc farase a través das mesmas.

Outro punto, posiblemente o punto máis delicado sexa o proceso de avaliación. En principio mantense a mesma valoración e metodoloxía plantexada na programación, pero cos adaptacións que haxa que facer no momento que sexa necesario, tanto para a avaliación coma para a distribución de contidos, xa que estarán condicionados polas instrución das administracións educativas, así como de materiais dispoñibles, com por ex. cámaras para a transmisión en *streaming* o grabación das clases en situación de semipresencialidade; ou a posibilidade ou non de exames presenciais por turnos, etc, e que a día de hoxe é unha información da que non dispoñemos.

5.5.1.- ENSEÑANZA TELEMÁTICA (NON PRESENCIAL)

ESTÁNDARES E COMPETENCIAS

Tal coma se mencionou anteriormente, non se realizarán modificacións nos estándares e competencias da programación presencial.

METODOLOXÍA E RECURSOS

Metodoloxía	
Actividades	Neste apartado as actividades varían un pouco, dependendo do dominio das TIC's das profesoras das distintas materias, que non é posible definir ao momento de facer a programación, posto

	<p>que algunhas delas estanse a formar no uso das mesmas.</p> <p>A nivel xeral:</p> <p>Na aula virtual a disposición das alumnas e alumnos todo o material necesario utilizado na aula, que lle permitirá continuar coa “normal” actividade da aula, disporá do mesmo material material de interese utilizado durante o curso presencial: enlaces a webs, arquivos, tarefas, etc. Evidentemente, no momento adoptaranse as medidas que sexan para unha correcta elaboración das actividades.</p> <p>Poderanse utilizar videos gravados de clases polas profesoras ou videoconferencias, dependendo do momento, material e habilidades para cada circunstancia.</p> <p>Elaboración de resumos ou boletíns de preguntas por parte do alumnado das unidades impartidas da forma anteriormente descrita, seguindo os vídeos, a presentación de Power Point (que está colgada na aula virtual), o libro e o guión que está tamén a disposición do alumnado na aula virtual.</p> <p>Seguir as liñas de comunicación establecidas polas profesoras en cada momento, sexan videoconferencias, correos electrónicos, aula virtual, Cisco Webex, Google Classroom ou chamadas telefónicas.</p>
<p>Metodoloxía</p>	<p>Inicialmente partimos de que todo o alumnado dispón ou dispoñerá de conectividade (solución por parte da Administración), co cal a principal vía de explicación dos novos contidos son a utilización de vídeos ou videoconferencias.</p> <p>Presentación de Power Point e outros materiais están colgados nas aulas virtuais respectivas da materia.</p> <p>O alumnado tamén dispón de enlaces relacionados cos contidos, e contribúen, ou ben á comprensión dos mesmos, ou a tratar temática relacionada.</p> <p>Á vez tamén se planifica unha tarefa por tema, que pode ser un un resumo e/ou actividades, que elaborarán coa axuda de todos os recursos posto á súa disposición. Todas elas teñan que ser entregadas ás profesoras da materia.</p> <p>Comunicacións contínuas entre o alumnado e a profesora a</p>

	<p>través de diversas plataformas: correo electrónico, aula virtual, Cisco Webex, Google Classroom, Google Meet e chamadas telefónicas.</p> <p>Se nalgún momento a alumna ou alumno perde a posibilidade de conexión, utilizaranse calquera dos métodos de comunicación anteriormente especificados para solucionarala.</p>
Materiais e recursos	<p>Libro de texto. Presentacións de Power Point. Vídeos gravados pola profesora. Aula Virtual da materia. Curso de Google Classroom. Enlaces a diversos materiais na rede. Plataformas diversas de comunicación coma correo electrónico, aula virtual, Cisco Webex, Google Classroom, Google Meet. Chamadas telefónicas.</p>

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Tal coma se mencionou ao principio deste apartado, continuarase coa programación, coa metodoloxía plantexada, criterios de avaliación, evidentemente coas adaptacións ao mundo virtual no que nos imos a desenvolver.</p> <p>Faranse as probas correspondentes de maneira telemática, ben por videoconferencia ou por proba en aula virtual.</p>
	<p>Instrumentos: o alumnado da distintas materias entregará as tarefas na aula virtual (preferentemente) ou ben, na plataforma de Google Classroom, ou por correo electrónico, segundo as circunstancias que se poidan dar en cada momento, coma por ex. un exceso de lentitude no servidor da Consellería de Educación, circunstancia que xa se dou no pasado curso. Poderían ser por fotos ou vídeos do traballo realizado, según a forma que lles sexa máis cómoda.</p>

	<p>Tamén poderán consultar as dúbidas que teñan, por escrito na aula virtual, nun documento de Google compartido en Google Classroom ou por correo ou, ou tamén no momento que xurdan en calquera das participacións en grupo.</p> <p>Todo o alumnado debe utilizar as vías de comunicación propostas en cada momento, o correo electrónico, videochamadas, chamadas telefónicas que amosarán en grao xeral, o compromiso e o interese do alumnado coa materia.</p> <p>Todo o traballo realizado terá unha valoración positiva ao finalizar o curso.</p> <p>En canto ás ferramentas de comunicación, pode variar, utilizando sempre algún que non cause problema en canto dispoñibilidade nin ao alumnado nin ao profesorado.</p>
Cualificación final	Coma figura na programación xeral anual.
Recuperación avaliación ordinaria	Seguirase os criterios establecidos na programación xeral presencial, coas adaptacións que se indiquen provocadas pola situación do momento.
Proba extraordinaria de setembro	Adaptarase as instrucións de cada momento, aínda que inicialmente será unha proba escrita segundo os criterios establecidos na programación presencial.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Toda a programación estará a disposición das alumnas e alumnos na aula virtual.</p> <p>Web do centro.</p> <p>Todo o alumnado e as familias teñen atención directa vía correo electrónico coa profesora.</p>

Publicidade	Publicación na aula virtual. Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

5.5.2.- ENSINANZA SEMIPRESENCIAL

Este é o apartado máis difícil de definir na presente programación, xa que se descoñecen totalmente as circunstancias e instrucións que nos podemos encontrar, é moi determinante por ex. o número de alumnos que asistirán ás clases presenciais e os que permanecerán na súa casa, así coma o número de días que asistirán ao centro, ou a posibilidade da transmisión das clases en *streaming*, que sería a situación ideal, pero para a que hai que dispor de medios, coma cámaras, micrófonos, unha boa transmisión en directo.

Aínda así, en liñas xerais, teremos en sempre conta a programación xeral das distintas materias, a que se da en condicións de presencialidade. Sempre se seguirá utilizando a aula virtual coma vertebrador do ensino diario, onde o alumnado disporá de todo o material e recursos usados na aula, así coma plataforma de entrega de tarefas ou traballos, ou de calquer material que solicite a profesora da materia.

O máis difícil é a avaliación, non polos criterios, que serán os que figuran na programación xeral, senón pola forma de levala a cabo. Imos en principio, aínda que non se sabe, a plantexar unha hipotética situación na que a semipresencialidade estará plantexada coa metade da aula turnándose na asistencia ao centro, e, se é posible a utilización de folios nas novas circunstancias, farán as probas por escrito, ou, si a profesor así o considera, poderían ser probas feitas na aula virtual.

5.6.- APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES

As profesoras do Departamento non considera a necesidade de adaptación de contidos non explicados o ano anterior.

Os motivos son varios. Por unha banda, hai materias, nalgúns casos, que nin siquiera son consecutivas en cursos, por exemplo entre primeiro e segundo de ESO xa que non hai Bioloxía e Xeoloxía en segundo.

Os contidos que non se impartiron o ano pasado (memoria fin de curso), non son imprescindibles, nunca poden ter a consideración dos contidos dunha materia como as linguas e as matemáticas.

Ademais, por outra banda, tal como se plantexan os currículos das materias da área de Bioloxía e Xeoloxía, digamos que non fan necesarias esas recuperación posto que estes “repítense” nos cursos seguintes, coma é o caso da Xeoloxía de 2º Bach no que se retoma o mesmo material de 1º de bacharelato, e no primeiro de bacharelato a Xeoloxía de 4º de ESO.

5.7.- PROFESORAS DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

As profesoras do departamento aceptan e firman a presente programación:

Montserrat Freire Baños

Mª del Carmen Castro Martínez

Magaly Barreiro Ponte

Xefa do Departamento

A Estrada, a 08 de Outubro do 2021